DÍA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR.	Concienciar aos alumnos sobre o problema do acoso escolar que afecta a escolares de todo o mundo.	Orientación elaborará unha proposta de actividades para traballar nas aulas.	Todo o centro	Equipo directivo Coordinadores Titores/as Orientación	2/05
SEMANA DAS LETRAS GALEGAS.	Exaltar e promocionar a nosa literatura e a nosa lingua arredor da cal se celebran no noso país, e no estranxeiro, numerosas producións e eventos culturais de homenaxe á figura escollida (Ricardo Carballo Calero).	Festival das Letras Galegas: teatro, poesía, música... Unidade didáctica sobre o homenaxeado. Colocación de carteis.	Todo o centro	Coordinadora Dinamización Titores/as	Do 13 ao 17/05
SAÍDAS EDUCATIVAS					
VISITA AO FARO DE VIGO	Coñecer como se elabora un periódico.	Observación directa.	6º A/B/C EP	Titores/as	3º Trimestre
VISITA AO CINE (Localidade)	Formar e informar de forma distendida e lúdica.	Proxección dunha película aínda por determinar.	1º e 2º EP	Titores/as	1º Trimestre data por concretar

	Axudar aos alumnos á resolución de conflitos ao presentar á sociedade (casi) como é.				
VISITA PAZO DE OCA (Localidade)	Achegar ao alumnado ao patrimonio histórico e cultural do concello da Estrada.	Realizar un percorrido polas instalación do Pazo tratando de chegar aos alumnos/as á riqueza patrimonial do noso concello.	1º EP	Titores/as	07/03/2024
VISITA AOS BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Dar a coñecer e acahegar a profesión de bombeiros aos alumnos/as.	Percorrido polas instalacións e charla informativa para chegar o equipamento e dar consellos básicos de prevención e seguridade.	2º EP	Titores/as	3º Trimestre data por concretar
VISITA TERMAS DE CUNTIS OU CAMPOLAMEIRO	Ensinar a valorar e respectar o patrimonio cultural	Achegar aos alumnos/as ao coñecemento dos costumes de hixiene persoal e saúde.	1º EP	Titores/as	3º Trimestre data por concretar
			2º EP	Titores/as	2º Trimestre data por concretar
VISTA A CAMPOLAMEIRO	Ensinar a valorar e respectar o patrimonio cultural	Achegar aos alumnos/as ao coñecemento dos costumes de hixiene persoal e saúde.	4º EP	Titores/as	2º Trimestre data por concretar
VISTA Á CASA DO PATRÓN (LALÍN)	Ensinar a valorar e respectar o patrimonio cultural	Achegar aos alumnos/as aos elementos cotiáns que conformaron os hábitos de vida dos nosos devanceiros.	3º EP	Titores/as	24/10/2023
VISITA A CASTROLANDÍN (CUNTIS)	Coñecer a cultura castrexa galega.	Percorrido polas instalacións visitando as distintas	3º EP	Titores/as	2º Trimestre data por concretar

		exposicións e participando nos obradoiros que se organizan.			
VISITA GRANXA-ESCOLA DE MARCELLE	Coñecer os animais da nosa granxa (cabalos, burra, becerras, porco, ovellas, cabras, coellos, galiñas, pavos, parrulos, ocas, faisáns...), o seu ciclo vital e os seus cuidados. a través de actividades como a alimentación, limpeza, cepillado e xogos temáticos. Coñecer a través da agricultura ecolóxica os diferentes cultivos, o ciclo vital das prantas, os seus cuidados e aproveitamentos. Descubrir os distintos tipos de cereais e como foi evolucionando a panificación.	Realización de actividades interactuando cos animais: alimentación, limpeza, cepillado e xogos temáticos. Traballar o horto eco-educativo. Elaborar o pan de maneira tradicional e cocelo no forno de leña.	3º EP 4º EP	Titores/as	14/05/2024
MUSEOS CIENTÍFICOS	Inicialos en actitudes de	Visita guiada. Observación	5º A/B EP	Titores/as	30/05/2024

(Visitamos os nosos museos)	valoración e respecto cara o patrimonio artístico e cultural.	directa. Posta en común. Traballos alusivos.			
PARLAMENTO DE GALICIA	Coñecer de primeira man o funcionamento do Parlamento e da Xunta e comprender a separación de poderes propia das democracias.	Con carácter previo á realización efectiva da visita, o Programa didáctico desenvolverase dentro das aulas, mediante a entrega dos materiais de traballo proporcionados polas institucións. Visita guiada polo Parlamento de Galicia e o Edificio Administrativo de San Caetano.	5º A/B EP	Titores/as	16/11/2023
VISITA AO IES A. LOSADA (Localidade)	Coñecer o novo centro ao que asistirá o noso alumnado.	Visita ao IES A. Losada Díéguez do alumnado.	6º A/B/C EP	Equipo directivo Titores/as	3º Trimestre Data por concretar
VIAXE DE FIN DE ETAPA (MADRID)	Coñecer o patrimonio cultural do país, participar na súa conservación e mellora e respectar a súa diversidade lingüística e cultural. Adquirir e desenvolver habilidades que favorezan a	Visitas guiadas: O Madrid dos Austrias. Museo do Prado. Outras visitas: Parque do Retiro, Estación de Atocha, Palacio de Oriente e a Almudena, Parque zoolóxico, Parque de Atraccións...	6º A/B/C EP	Equipo directivo Titores/as	3º Trimestre Data por concretar

	participación en actividades de grupo, cun comportamento responsable, construtivo e solidario.				
MUSEO DE HISTORIA NATURAL	Disfrutar das súas coleccións perfectamente organizadas e estruturadas.	Percorrido polas instalacións visitando as distintas exposicións.	4º A/B/C EP	Titores/as	18/10/2023
PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E MELLORA DA SEGURIDADE	Previr calquera risco que afecte á seguridade e benestar dos alumnos/as na escola e na contorna.	Charlas informativas sobre Ciberseguridade e Ciberacoso escolar.	6º EP	Garda Civil	26/04/2024
CORRELINGUA	Sensibilizar á sociedade, a través da poboación infantil, da importancia da defensa da lingua galega.	Desenvolvemento de distintas actividades en prol do uso da lingua galega.	De 4º El a 6º EP	Titores	3º Trimestre Data por concretar
VISITA Á CIDADE DA CULTURA	Achegar ao alumnado a coñecer a arquitectura da Cidade da Cultura de Galicia, deseñada por Peter Eisenman, os seus espazos verdes.	Visitar as exposicións que alberga o Museo Centro Gaiás	6º A/B/C	Titores	1º Trimestre Data por concretar
MUSEO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA			6º A/B/C	Titores	2º Trimestre Data por concretar

Cando os mestres/as titores/as o consideren oportuno poderán realizarse viaxes fóra da localidade con obxectivos recreativos – culturais.

12. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Para contribuir a unha mellor divulgación, e avaliación do Plan de Autoprotección do Centro, a Comisión encargada da súa redacción e supervisión ten previsto realizar as seguintes actuacións, todas elas en colaboración coa Agrupación de Protección Civil e Policía Local da Estrada:

OBXECTIVO: Revisar o Plan de Evacuación.		
TAREAS	TEMPORALIZAC	RESPONSABLES
Revisión do Plan de Autoprotección	Primeiro Trimestre	Director
Distribución de funcións e nomear responsables de planta.	Primeiro Trimestre	Director
Realización de nova distribución de espazos e cambiar os planos correspondentes.	Antes de fin de xaneiro	Director

OBXECTIVO: Difundir o Plan de Evacuación entre a Comunidade Educativa.		
TAREAS	TEMPORALIZAC	RESPONSABLES
Información ao alumnado, profesorado, persoal de servizo e ANPA das posibles novidades que xurdan da revisión.	Segundo Trimestre	Director

OBXECTIVO: Realizar simulacros de evacuación.		
TAREAS	TEMPORALIZAC	RESPONSABLES
Compra de silbatos para axudar á evacuación do edificio.	Segundo trimestre	Comisión de seguimento
Realización de exercicios preparatorios nas titorías.	Segundo e terceiro trimestres	Titorías
Realización de exercicios de evacuación (simulacro programado e non programado).	Segundo e terceiro trimestres	Director

OBXECTIVO: Avaliación.		
TAREAS	TEMPORALIZAC	RESPONSABLES
Información e análise dos simulacros, tanto no Claustro como no Consello Escolar.	Segundo e terceiro trimestres	Comisión de seguimento
Avaliación dos simulacros por parte da Comisión de seguimento do Plan.	Segundo e terceiro trimestres	Comisión de seguimento
Elaboración da Memoria final coa inclusión de propostas de mellora para o próximo curso.	Terceiro trimestre	Comisión de seguimento

13. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

- CONSERXE: RAFAEL MANUEL CARDONA CONSTENLA
- AUXILIAR ADMINISTRATIVO: MARÍA DEL CARMEN ÁLVAREZ PÉREZ
- A.T. COIDADORA: ANASTASIA PISSANIDU IGLESIAS

ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE:

1. CONSERXE

Depende organicamente e laboralmente do Concello; pero funcionalmente depende do Director do centro. O horario para prestar os seus servizos será de trinta e sete horas e trinta minutos semanais, distribuídas, de luns a venres, de 8.00 a 15:00 h e, os martes pola tarde, de 16:30 a 19:00 h. As súas funcións son as seguintes:

- Vixiancia e custodia do edificio escolar e as súas instalacións durante a xornada laboral.
- Apertura e peche das portas do centro; así como a vixiancia das entradas e saídas aos efectos da seguridade dos escolares.
- Apertura das portas do centro con 15 minutos antes da entrada dos alumnos/as.
- Ao rematar a xornada escolar realizará unha inspección previa ao peche. Pechará a porta e ventanas, apagará as luces, pechará billas e a calefacción e calquera outras que deban ser desconectadas ao peche do centro.
- Nos meses que funcione a calefacción estará obrigado a conectar os sistemas de calefacción nada máis abrir o centro.
- Obriga de comunicar ao Director os desperfectos que observe nas instalacións.
- Procederá a reparar pequenas averías e efectuará traballos de mantemento, sempre que estes non esixan cualificación profesional ou risco persoal, en cuio caso darase conta ao Concello e á dirección do centro.
- Encargarase de realizar as fotocopias que o director lle encomende.
- Encargarase de distribuir o correo, así como as comunicacións directas co Concello.
- Recibirá as chamadas telefónicas e pasaráas ao seu destinatario.

2. AUXILIAR ADMINISTRATIVO

O Centro dispón de persoal laboral Auxiliar Administrativo. O horario para prestar os seus servizos será de trinta e sete horas e trinta minutos semanais, distribuídas, de luns a venres, de 8.30 a 15:30 h e, os martes pola tarde, de 16:00 a 18:30 h. As súas funcións son as seguintes:

- Recepción de documentos.
- Atender o teléfono.
- Arquivar documentos.
- Atención ao público.

- Tramitar expedientes.
- Realización de escritos, oficios...
- Coñecemento do manexo de maquinaria de oficina.
- Manter a axenda actualizada (telefónica...).
- Outras.

3. AUXILIAR COIDADORA

O Centro dispón dunha persoa auxiliar coidadora para atender ao alumnado con NEE que o necesite. O seu horario semanal é de trinta e sete horas e trinta minutos semanais, distribuídas, de luns a venres, de 8.30 a 16:00 h; cos descansos, licenzas, permisos e vacacións que legalmente lle corresponden. O presente curso atende a dous alumnos con NEE, estando pendentes do informe do EOE en relación con outro alumno que presenta dificultades. As súas funcións especificanse nunha sentenza recente (747/2014) do Xulgado do Social nº 4 de Ourense:

- Colaborar no deseño e exucución de programas de autonomía persoal cos profesionais correspondentes nos programas de hábitos do día a día: alimentación, vestido e control de esfínteres.
- Manter relacións recíprocas entre a familia e o centro.
- Colaborar de maneira activa na atención, vixilancia e coidado do alumno nos períodos de recreo e descanso, procurando unha adecuada relación co resto.
- Afianzamento e desenvolvemento das capacidades do alumno con necesidades especiais nos aspectos físicos afectivos, cognitivos e comunicativos, promovendo o maior grao posibles de autonomía persoal e integración social.
- Reforzamento e consecución da autonomía social e persoal.
- Colaboración co equipo docente no desenvolvemento de actividades extraescolares, facilitando a participación do alumnado en todo tipo de eventos.
- En función do carácter educativo do comedor escolar, desenvolver as técnicas necesarias para a adquisición de hábitos e destrezas alimentarias facilitando os mecanismos precisos.
- Participar nas reunións donde se aborden temas relacionados cos alumnos de necesidades especiais que atende informando do seguimento e aplicación da labor que desenvolva.

4. PERSOAL LABORAL DO TRANSPORTE ESCOLAR

O número de acompañantes do servizo do transporte escolar que lle corresponde ao Centro é de sete. As súas tarefas veñen dadas por lei e realizaranas en coordinación coa Dirección do Centro. As acompañantes deben acompañar aos nenos e nenas ata a entrada do recinto e recollelos no mesmo lugar á saída.

5. SERVIZO DE LIMPEZA

A limpeza do Colexio leva á cabo unha empresa contratada polo Concello da Estrada.

Pola tarde, de 15:00 a 19:00 h, realizan as tarefas de limpeza dúas persoas, unha en cada andar.

14. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

O horario xeral de atención ao público da Secretaría do centro é de 9.00 a 14.00 h, xa que contamos cunha administrativa de luns a venres. Os martes pola tarde, de 16:00 a 18:00 h.

Pola tarde, todos os martes de 16:00 h. a 19:00 h. para reunións e atención a pais/nais por parte do profesorado.

DÍA / HORA	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
9:00 – 10:00	Xefatura Dirección	Dirección	Xefatura Dirección	Xefatura Dirección	Dirección
10:00 - 11:00		Xefatura			
11:00 – 12:00					Xefatura
12:00 - 13:00	Xefatura		Secretaria	Secretaria	Xefatura Secretaria
13:00 14:00	Dirección Secretaria	Dirección Secretaria	Dirección Secretaria	Dirección Secretaria	Dirección Secretaria
17:00 - 18:00		Titorías			

Así mesmo, cubrirase por quendas de profesorado a atención diaria á biblioteca en horario de 16:00 h a 18:00 h.

Horario de atención ao público do Equipo Directivo

15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

- As relacións coas familias deberán basearse na comunicación ena coordinación pais-mestres para acadar un bo clima no proceso ensino–aprendizaxe.
- Este clima desenvolverase nas reunións de titoría, onde os pais/nais /titores legais deben ser informados de todos aqueles aspectos que poidan incidir no ensino que recibe nos seus fillos/as.
- O horario de visita de atención a pais é todos os martes de 17 a 18 horas. Será necesario pedir citas con antelación para que o titor/a poida ter recollida a información individual que crea precisa.
- Tamén son importantes as reunións globais por titorías ou nivel, que se prestan para a información de aspectos máis xerais e que afectan ao grupo de alumnos /as. Celebraranse de unha a tres coincidindo co inicio de cada trimestre, segundo organice o titor/a.

- As reunións de tutoría e reunións trimestrais poderán realizarse tamén por medios telemáticos (videoconferencia, teléfono,...).
- Para as comunicacións ordinarias empregarase a aplicación AbalarMóbil, o teléfono, o correo electrónico e a páxina web do centro.
- Manter unha boa relación co Concello é bo para o centro. De feito é bo unha axeitada colaboración por ambas partes, o colexio organiza actividades culturais, deportivas... e o Concello mediante axudas económicas, materiais, reparacións...
- O equipo directivo estará sempre disposto a reunirse cos representantes municipais para expoñelos problemas e as necesidades do centro, e moitas das veces en colaboración coa ANPA.
- As relacións coa ANPA son boas e satisfactorias. Foron xa informados do apoio e colaboración por parte do centro para dar solución ás necesidades que poidan presentar, e que na súa medida, o centro poida solventar. Colaboran na organización de actividades, excursión de fin de curso dos alumnos/as que rematan a etapa de primaria, melloras nas infraestruturas...
- Tamén estamos abertos o intercambio e a colaboración doutras entidades e asociacións que aporten actividades que supoñan unha mellora no proceso educativo.

16. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Enténdese por Transporte Escolar o traslado de alumnos e alumnas menores de 16 anos desde o lugar onde técnica e legalmente sexa posible, ata o Centro Educativo onde están escolarizados.

O transporte escolar xestionado pola Xunta de Galicia realízase en vehículos autorizados e está destinado a alumnas e alumnos que cursen ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria en calquera modalidade de escolarización.

O servizo de transporte escolar está regulado polo *DECRETO 65/2014, de 28 de maio, polo que se modifica o Decreto 160/1988, de 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.*

Na lexislación estatal vixente ten a consideración de servizo educativo complementario e gratuíto para todos os centros públicos. Teñen dereito á gratuidade do transporte escolar:

- alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria e Ensinanza Secundaria Obrigatoria que curse estudos no centro público que lle corresponda por adscrición, sempre que ese centro diste máis de dous quilómetros do seu domicilio, ou que por circunstancias excepcionais se autorice.
- O alumnado escolarizado en Centros de Educación Especial ou en Centros de Escolarización Preferente, se as necesidades derivadas da discapacidade deste alumnado dificultan o seu desprazamento ao centro escolar.

Compromiso, colaboración e comportamento adecuado, constitúen os tres alicerces que posibilitan manter e mellorar o transporte escolar.

NO SERVICIO DE TRANSPORTE ESCOLAR APLICARANSE OS PROTOCOLOS DE MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE EL COVID-19 NOS SERVICIOS DE TRANSPORTE PÚBLICO COMPARTIDO.

RUTAS E EMPRESAS ADXUDICATARIAS

O servizo de transporte escolar realízano 6 empresas distribuídas en 7 liñas. Todas as empresas contan con acompañantes para o alumnado de Educación Infantil.

RUTA: ED360109_02			
Entidade que presta o servizo		UTE TRANSPORTE ESCOLAR LOTE 38 (AUTOCARES MEIJIDE)	
Nº alumnos usuarios		El: 15	EP: 30
Horarios		8.30 h – 9:00 h / 14:00 h -14:30 h	

Ruta: ED360110_01			
Entidade que presta o servizo		UTE TRANSPORTE ESCOLAR LOTE 38 (AUTOCARES TROITIÑO, SL)	
Nº alumnos usuarios		El: 8	EP: 18
Horarios		8.30 h – 9:00 h / 14:00 h -14:30 h	

RUTA: ED360108_01			
Entidade que presta o servizo		UTE TRANSPORTE ESCOLAR LOTE 38 (BENITO ABALO)	
Nº alumnos usuarios		El: 6	EP: 23
Horarios		8.30 h – 9:00 h / 14:00 h -14:30 h	

CONTRATO: XG659. SERVICIO INTEGRADO (EXPRÉS DE VEA, SL)			
Entidade que presta o servizo		UTE CELTA	
Nº alumnos usuarios		El: 3	EP: 16
Horarios		8.30 h – 9:00 h / 14:00 h -14:30 h	

RUTA: ED360111_01			
Entidade que presta o servizo		UTE TRANSPORTE ESCOLAR LOTE 38 (MOMBUS, SA)	
Nº alumnos usuarios		El: 17	EP: 26
Horarios		8.30 h – 9:00 h / 14:00 h -14:30 h	

CONTRATO: XG658. SERVIZO INTEGRADO (AUTOCARES RÍAS BAIXAS SL)			
Entidade que presta o servizo		AUTOCARES RÍAS BAIXAS, SL	
Nº alumnos usuarios		El: 5	EP: 11
Horarios		8.30 h – 9:00 h / 14:00 h -14:30 h	

CONTRATO: XG658. SERVIZO INTEGRADO			
Entidade que presta o servizo		AUTOCARES RÍAS BAIXAS, SL	
Nº alumnos usuarios		El: 3	EP: 11
Horarios		8.30 h – 9:00 h / 14:00 h -14:30 h	

HORARIO DO CENTRO

- De luns a venres de 8.50 a 14.00 h.

MOI IMPORTANTE
<ul style="list-style-type: none"> • Si decide recollelo do Centro Escolar, avise sempre. • Deixe na Secretaría un escrito no que conste que, baixo a súa responsabilidade, non utilizará o transporte escolar nese día ou os días que teña previsto. • A empresa adxudicataria do servizo non deixará a ningún neno de Educación Infantil e Primaria só na parada, nin ser recollido por un menor de idade (agás autorización expresa do pai/nai/titor legal) agás os alumnos de 5º e 6º de E. Primaria (previa autorización do pai/nai/titor legal). Si se dese a situación, resolverá devolvendo ao neno ao centro o cal se comunicará coa familia. No caso de non poder contactar coa familia solicitarase a intervención dos Servizos Sociais Municipais e/ou Policía Local.

CALENDARIO ESCOLAR

- O servizo iniciarase desde setembro e finalizará, segundo calendario oficial, en xuño. Calquera modificación que respecto diso ocorra ao longo do curso, comunicámoslla coa debida antelación.
- Debe comunicar ao Colexio, mediante unha autorización da familia, os días que non vaia a facer uso do transporte escolar.
- Debe ser solidario/a e axudar aos compañeiros e compañeiras con algunha minusvalía ou problema de saúde.
- O incumplimento dalgunha destas obrigacións, terá a mesma consideración que si se producise no Colexio, xa que logo, será de aplicación o establecido no Regulamento de Réxime Interior.

ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

- Que deben levar o condutor e o acompañante?
 - Unha relación nominal que recolla os seguintes datos: nome, apelidos do alumnado, teléfono familiar, nivel no que está escolarizado e parada na que se incorpora á ruta. Este documento será facilitado pola Secretaría do Centro.
- Donde pode parar o autobús escolar?
 - Os autobuses destinados ao transporte escolar realizarán as súas paradas nos lugares previstos e sinalizados ao efecto.

VIXIANCIA E COIDADADO

- A Persoa acompañante
 - A vixilancia e coidado do alumnado transportado é función de o/ a acompañante. Esta responsabilidade establécese para o tempo de permanencia no vehículo, o de subida ao mesmo e o de baixada na parada correspondente.
- A familia
 - Cada familia é responsable da seguridade no traslado dos seus fillos e fillas desde o domicilio familiar ata a parada e no tempo de espera na mesma ata a chegada do autobús e viceversa.

MEDIDAS BÁSICAS DE PRECAUCIÓN

- Ao ir á parada.
 - Chega sempre á parada co tempo suficiente, polo menos cinco minutos antes da hora á queo autobús ten prevista a chegada.
 - Saúda aos teus compañeiros e compañeiras, e ás demais persoas que estean na parada.
 - Espera na beirarrúa sen baixarte á calzada.
- Ao subir ao autobús.
 - Cando se achegue o autobús mantente sempre afastado/a, a uns 2 metros de distancia, e deixa que se aproxime ata a beirarrúa para que ti non teñas que baixar a ela.
 - Espera a que o autobús se deteña, a porta se abra e o condutor ou acompañante dean o seu visto bo para entrar.
 - Nunca camiñes por detrás do autobús porque o condutor non poderá verte.

- Sobe tranquilamente, sen empuxar ás túas compañeiras e compañeiros.
- Cando subas ao autobús ten coidado de que a roupa con colgantes e as mochilas ou bolsas escolares non se enganchen nos pasamáns das portas.
- Saúda ao condutor/a, ao acompañante e aos compañeiros e compañeiras que están no autobús.
- Si che cae algo preto do autobús, dillo ao condutor ou acompañante. Si intentas collelo ti mesmo, o condutor/a podería non verte ao poñer o autobús en movemento.
- Usa os asentos no menor tempo posible para evitar caídas.
- A mochila debe ir ás costas e que as túas mans deben estar libres doutros elementos.
- Baixa directamente á beirarrúa e permanece sempre nela.
- Espera ao acompañante e escoita as súas indicacións.
- Percorre o camino ata o Colexio andando, sen présas e respectando as pautas de seguridade vial.

SERVIZO DE ACOMPAÑANTE

- A ruta ten asignada unha persoa como acompañante do transporte escolar á ida e ao regreso.
- O acompañante deberá ocupar praza nas inmediacións da porta de servizo central ou traseira.
- Funcións do acompañante
 - ◆ Recoller e acompañar ao alumnado desde a parada ata o interior do centro escolar.
 - ◆ Comprobar as subidas e baixadas do alumnado nas paradas establecidas, de acordo coa relación facilitada polo centro.
 - ◆ Asignar as prazas que deben ocupar o alumnado usuario do servizo, atendendo a criterios de idade, parada de orixe ou outros que se consideren oportunos.
 - ◆ Comprobar que todo o alumnado ocupa o seu asento antes de que o vehículo sepoña en marcha.

DEBERES E DEREITOS DO ALUMNADO

- Teño dereito
 - ✓ Á información sobre a normativa vixente do transporte escolar.
 - ✓ Ao uso diario do autobús escolar nas debidas condicións de calidade e seguridade.
 - ✓ Á chegada e saída do centro, cunha marxe de espera non superior a 15 minutos.
 - ✓ A un trato correcto por parte do condutor/a, acompañante e dos compañeiros-as.
 - ✓ A ser atendido/a con prontitude en caso dalgunha incidencia xurdida durante a viaxe.
 - ✓ A que o autobús se deteña nas paradas oficiais establecidas ao efecto.
 - ✓ A realizar a viaxe nun ambiente relaxado e tranquilo.

- Teño o deber
 - ✓ De ser puntual.
 - ✓ De respectar, durante todo o curso, a asignación de asento.
 - ✓ De ter boa conduta, cumprindo en todo momento as pautas de comportamento e de seguridade vial.
 - ✓ De facer bo uso do autobús dando un trato adecuado aos asentos e coidando que se manteña limpo.
 - ✓ De obedecer e atender ás instrucións do condutor/a e do acompañante.

ORIENTACIÓNS ÁS FAMILIAS

As nais e os pais teñen unha responsabilidade importante na seguridade das súas fillas e fillos no que respecta ao transporte escolar. Os nenos e as nenas deben aprender a comportarse con seguridade como peóns, cando soben e baixan dun transporte público e cando van dentro del.

É por iso que, as familias deben ter:

- Responsabilidade cos nenos e nenas máis pequenos, que deberán estar acompañados sempre na parada por unha persoa adulta.
- Consideración, no caso de que a súa filla ou fillo non utilice o servizo algún día, debendo avisar con antelación ás persoas responsables.
- Comprensión, ante os posibles incumplimentos do horario previsto, dado que o tráfico e/ou certos imprevistos non se poden prever nin controlar.

CONTROL E SEGUIMIENTO

Para o seguimento do servizo de transporte escolar, utilizaranse os medios e recursos establecidos para tal fin.

A Dirección do Centro realizará o control e seguimento da prestación deste servizo educativo complementario e procurará que se realice en condicións de calidade, segundo instrucións da DGPE.

- Ao comezo de cada curso escolar, farase chegar ás familias o Boletín informativo do Transporte.
- Si se observasen deficiencias no servizo de transporte e/ou acompañante, comunicaraas verbalmente á empresa, sen prexuízo da súa notificación, por escrito, ao servizo de Recursos Complementarios da Xefatura Territorial de Cultura, Educación e O. U.
- O centro canalizará ao seu destino cantas suxestións, queixas ou reclamacións ao servizo se presenten poñéndose en contacto cocomoordinador do Plan Transporte.

EQUIPO COORDINADOR DO PLAN DE TRANSPORTE

O equipo coordinador do plan de transporte do centro, constitúeno as seguintes persoas:

- José Manuel Reboredo Baños, director.
- M^a Dolores Ríos Valiñas, Secretaria.
- Ana Belén Mariño Fernández (Acompañante transporte).
- Consello: Elena Garrido.

Coordinador: José Manuel Reboredo Baños

17. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O servizo de comedor è de xestión indirecta a través da ANPA “Picariños de Figueiroa” e está regulado nos Estatutos da Asociación:

CAPITULO VI

DO REGULAMENTO DOS SERVIZOS DE COMEDOR E SIMILARES

Artigo 43º.- O Regulamento dos servizos de Comedor e Similares serán xestionados dende a propia Asociación a través da Xunta Directiva.

Artigo 44º.- A Xunta Directiva encargárase de xestionar a contratación dunha empresa que preste o servizo que cubra as necesidades precisas, adaptándose ao espazo físico, prazas autorizadas para o servizo e demais requerimentos que sexan plantexados por calquera normativa de aplicación, centro escolar e alumnado.

Artigo 45º.- O periodo de contratación do servizo non será superior a 2 anos.

O prezo do servizo será negociado coa/s empresa/s a contratar e incluírá un mínimo dun 20% de desconto para os membros asociados á Asociación.

Artigo 46º.- O uso dos Servizos de Comedor e Similares que xestione a Asociación estarán dispoñibles para todo o alumnado, tanto asociados como non asociados. Os usuarios non asociados non poderán beneficiarse do prezo con desconto de aplicación aos sí asociados.

Artigo 47º.- No caso de recibirse un número maior de solicitudes de admisión en calquera dos Servizos de Comedor e Similares respecto ás prazas dispoñibles nun momento dado, establécese o seguinte sistema de baremación para a asignación de prazas nos servizos:

1. Asignárase 1 centésima a cada solicitude de admisión por cada día de asistencia nos dous anos anteriores no servizo para o que solicita praza. Cun tope máximo de 3.5 puntos para este apartado de baremación.
2. 1 punto será asignado a cada solicitude de admisión por cada curso, considerándose únicamente os últimos 3 cursos, nos que a unidade familiar conste como asociada á Asociación.
3. Asignárase medio punto (0,5 puntos) á solicitude de admisión, se como mínimo outro membro da unidade familiar asociada solicita a admisión para o mesmo servizo ou se outro membro da unidade familiar xa é usuario do servizo.

Artigo 48º.- Establécese unha cantidade de prazas reservadas a asociados de nova matriculación no centro e para non asociados. Sería un 10% das prazas para asociados de nova matriculación no centro, e un 5% das prazas para non asociados. Se 15 días antes do inicio do curso escolar estas prazas non foron cubertas, pasarán a estar a disposición de todos os asociados que teñan formalizada a solicitude de admisión no servizo.

Artigo 49º.- O impago ou demora no pago dunha factura do servizo por espazo superior a 45 días conlevará a baixa no servizo, tendo o Asociado posteriormente que proceder ao aboamento de todas as cotas que teña pendentes, e pasando a súa praza a adxudicarse a outro solicitante en listaxe de espera.

Artigo 50º.- A Xunta Directiva notificará aos asociados da finalización do contrato coa empresa prestataria nun prazo non inferior a 60 días.

Os Asociados, nos 15 días seguintes aos da notificación anteriormente indicada, poderán facer uso do artigo 22 e solicitar unha Asemblea Xeral Extraordinaria para decidir cal será a nova empresa prestataria do servizo de comedor. Nesta Asemblea Xeral Extraordinaria serán invitadas a presentar os seus servizos todas as empresas interesadas en facerse cargo da prestación do servizo.

No caso de non recibirse ningunha solicitude de Asemblea Extraordinaria, será a Xunta Directiva a que tome a decisión en base ás ofertas presentadas polas empresas interesadas.

- **MADRUGADORES “PROXECTO EDUCATIVO 2023/2024”**

Coma se ven xestionando dende fai uns anos, a ANPA coordina o servizo de Madrugadores, o cal presta a empresa ARUME (Alimentación Saludable Gallega SL). A entrada ao servizo pódese realizar ás 07.30 h, ata as 8.50 h. Con opción de almorzo incluído ou só custodia. A partires das 08.15 non se sirven almorzos. Coma cada ano, dito servizo ten programado un proxecto educativo, no cal mes a mes os usuarios realizan diferentes actividades sobre diferentes temáticas (reciclado, pintura, manualidades...), co fin de aproveitar dunha maneira didáctica e divertida o tempo que pasan no servizo. Barallamos que uns 30-40 usuarios utilizarán este servizo.

- **O NOSO COMEDOR “PROXECTO EDUCATIVO 2023/2024”**

Desde a ANPA xestionase o servizo de comedor escolar. Ao igual que no servizo de Madrugadores, a empresa ARUME (Alimentación Saludable Gallega SL) é a encargada de prestar o servizo. A previsión, dadas as inscricións realizadas a mes de setembro e histórico de evolución dos últimos 10 anos, son de queterán xornadas de 75-80 alumnos, dende os 3 aos 11-12 anos. Ano a ano o servizo experimentou unha constante subida de usuarios. A ANPA tamén dispón do servizo de cambiadores para os seus asociados.

Este servizo realízase en dúas quendas:

- 1º quenda de 14:00 a 14:30 h con
- 2ª quenda de 14:30 a 15.30 h. con

A comida prepárase co sistema de liña fría, sendo rexenerada nas instalacións do comedor polo persoal de Arume: 2 pratos e postre.

O horario de recollida de usuarios é de 15.30 h a 15.45 h e de 16.15 h a 16.30 h.

A partires das 15.30 a ANPA dispón de 1 hora na cal, a parte de entregar aos nen@s aos seus titores, realízase tamén o proxecto educativo planificado para o servizo de comedor. Actividades varias coma poden ser de lectura, xogos en grupo, manualidades, obradoiros de reciclaxe, etc, son realizados cunha temática distinta mes a mes. Teñen unha moi boa acollida polos usuarios e os seus titores, así o trasmiten ano a ano.

Proporcionan de novo ao servizo de comedor escolar material de hixiene bucal durante todo o curso para tod@s usuari@s, así como a colocación adicional nos baños de dispensadores de xel de mans e papel secamáns. A través das xestións realizadas pola ANPA, acadamos diferentes subvencións da administración local e autonómica para financiar parte destes servizos de Comedor/Madruga ás familias usuarias.

18. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

A utilización do edificio e instalacións escolares para o desenvolvemento das actividades non comprendidas no Plan Anual non contravirá os obxectivos xerais da educación, e respectará en todo caso os principios democráticos de convivencia.

Así mesmo, quedarán supeditadas ao normal desenvolvemento da actividade docente e, en xeral, do funcionamento ordinario do centro, polo que deberán realizarse de xeito compatible con este e fóra do horario lectivo, incluíndo en tal concepto as actividades complementarias e extraescolares previstas na programación anual do centro, as cales quedarán, xa que logo, fóra da regulación prevista no Decreto que as regula.

Os espazos nos que poderán levarse a cabo actividades serán: instalación deportivas, salóns de actos, bibliotecas, aulas ou similares dependencias, sempre que cumpran os requisitos esixidos na normativa vixente para o desenvolvemento da actividade.

En ningún caso poderán utilizarse aquelas instalacións que estean reservadas a tarefas administrativas do centro, formen parte do ámbito privado do profesorado e, en xeral, cualesqueira outras que resulten inadecuadas para o seu acceso a persoal alleo ao centro.

Procedemento de solicitude e autorización.

- No caso de actividades promovidas polo Concello ou pola comunidade escolar do centro: A utilización, por parte do Concello da Estrada, de edificios ou instalacións deste centro, requirirá unicamente un pronunciamento favorable, con carácter vinculante, por parte do Director do centro, quen ratificará, no seu caso, que a actividade pretendida é compatible co desenvolvemento da actividade escolar, contando para iso cun prazo de tres días desde a comunicación escrita efectuada polo Concello, con antelación suficiente. Este pronunciamento do Director, en caso de ser desfavorable, poderá ser revisado, a petición do Concello, polo Delegado Territorial.
- Cando a actividade non contemplada na programación anual do centro sexa promovida por un membro da comunidade escolar do centro, e ou sexa para actividades directamente vinculadas á actividade educativa, unicamente deberá presentar a súa solicitude, cun prazo de antelación mínimo de 20 días naturais antes do comezo da actividade, no propio centro, cuxa dirección remitirá ao Delegado Territorial xunto cun breve informe achega da conveniencia da solicitude, para que devandito órgano resolva.

Documentación a presentar

- Concello:
 - Escrito de solicitude, asinado pola persoa ou representante da entidade solicitante, no que se faga constar a data e hora de inicio da actividade, a duración desta, as dependencias que se pretenden utilizar, organizadores e participantes.
 - Acreditar estar ao corrente no pago da póliza de responsabilidade civil.
 - Certificado de Delitos de Natureza Sexual, que permita acreditar a carencia deste tipo de delitos das persoas que vaian a estar en contacto cos menores.
 - Presentar un protocolo para a actividade de acordo co PROTOCOLO COVID-19 do centro.

NOTA: A ENTIDADE ORGANIZADORA DEBERÁ RESPONSABILIZARSE DA LIMPEZA E HIXIENIZACIÓN DA INSTALACIÓN USADA (MATERIAL, ASEOS...).

HORARIO DE BIBLIOTECA.

DÍA / HORA	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
9:00-09:55					5º B EI
09:55-10:50	1º C	2º B	4º A EI	4º B EI	
10:50-11:45	5º B	6º C	3º B	6º B EI	5º A
12:10-13:05	4º A	1º B	6º B	3º A	6º A
13:05-14:00	5º A	6º A EI	1º A	4º B	2º A

HORARIO DE MÚSICA.

DÍA / HORA	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
9:00-09:55	6º A	2º A	5º B	2º B	4º B
09:55-10:50		1º C		3º B	
10:50-11:45	1º A	5º A	3º A	1º B	4º A

12:10-13:05					
13:05-14:00		6º C		6º B	

HORARIO DE PAVILLÓN DEPORTIVO.

DÍA / HORA	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
9:00-09:55	5º A	5º B	4º B	4º A	5º B
09:55-10:50	3º A	6º A/1º A	6º B/1º B	6º C/1º C	3º B
10:50-11:45	2º A	6º B	6º C	6º A	2º B
12:10-13:05	3º B	2º B	5º A	2º A	3º A
13:05-14:00	1º B	4º A	1º C	1º A	4º B

HORARIO DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS (POLOS CREATIVOS).

• PRIMARIA E INFANTIL

DÍA / HORA	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
9:00-09:55	1º B	4º A	1º C	1º A	
09:55-10:50					
10:50-11:45	6º B	2º A		2º B	6º A
12:10-13:05			4º B	6º C	
13:05-14:00	3º A	3º B	5º B		5º A

HORARIO DE AULA DE IDIOMAS.

DÍA / HORA	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
9:00-09:55	AGORA AULA DE 1º B EP (POR DESDOBRE) INGLÉS IMPÁRTESE NAS AULAS ORDINARIAS				
09:55-10:50					
10:50-11:45					
12:10-13:05					
13:05-14:00					

HORARIO DE AULA DE PLAN MADRUGA E COMEDOR.

DÍA / HORA	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
7:30-8:50	PLAN MADRUGA				
13:30 - 16:30	COMEDOR				

HORARIO DE USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POLO CONCELLO DA ESTRADA E ANPA(PAVILLÓN)

DÍA / HORA	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
16:00 - 17:00		ANPA			
17:00 - 18:30					
18:30 - 19:00	CONCELLO	CONCELLO	CONCELLO	CONCELLO	CONCELLO
19:00 - 20:00					
20:00 - 21:00					

21:00 – 22:00					
---------------	--	--	--	--	--

19. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Este curso a Directiva acordou organizar de novo actividades fóra do horario lectivo, quedando como segue:

DÍA / HORA	LUNS	MARTES	MÉRCOR.	XOVES	VENRES
16:00 - 17:00	ZUMBA	PATINAXE		PATINAXE	

20. PLAN ANUAL DE LECTURA

1. FUNDAMENTACIÓN

A partir do Plan Lector do centro artéllanse os Plans Anuais de Lectura que recollen, entre outros aspectos, as liñas prioritarias de actuación para a Biblioteca Escolar. Estas liñas contemplan actuacións en relación coa organización e xestión, coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, e coa formación de usuarios e a adquisición da competencia informacional, entre outras.

Actualmente o centro ten a necesidade de mellorar e ampliar a competencia lectora do alumnado e, por outra banda, levar a cabo un mellor aproveitamento dos recursos que ten a biblioteca para que os/as nosos/as alumnos/as sexan lectores autónomos e críticos; polo tanto, deben realizarse as actuacións previstas a nivel de centro en relación coa lectura e a escritura.

OBXECTIVOS.

(Son os obxectivos modificados do Proxecto Lector, adecuándose á realidade actual. PENDENTE DE REVISIÓN “oficial” DO PROXECTO LECTOR)

- Fomentar o **hábito** da lectura.
- Contribuír á mellora das capacidades lectoras dende a perspectiva dos **multialfabetismos**.
- Avanzar cara o afianzamento da biblioteca como **laboratorio creativo de aprendizaxes**.
- Desenvolver as accións necesarias de cara a acadar unha biblioteca **inclusiva**.
- Facilitar **recursos ao profesorado** que inclúa todo **tipo de textos en diferentes soportes** para fomentar no alumnado melloras significativas na “comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información”.
- Contribuír á consecución da “Alfabetización Mediática e Informacional” **AMI**.
- **Revisar** o PROXECTO LECTOR de Centro para a súa adecuación á situación actual.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS.

Neste curso retómase a distribución no horario semanal da hora asignada a cada aula.

No que respecta aos **ESPAZOS** utilizados, son diversos, segundo a intencionalidade:

- **BIBLIOTECA.** Dispón de dous espazos que ben se poderían entender como dúas salas diferentes ou unha grande; adecuándose, polo tanto, ás diferentes necesidades que se poidan dar. Os fondos bibliográficos amósanse repartidos por todo o espazo con sinalización elaborada en materiais naturais (madeira e tea).
- **AULA. HORA DE LER,** alomenos media hora dedicará á lectura con diferentes fins e dende calquera área de libre disposición para cada clase de Infantil e Primaria. Procurarase recoller a experiencia para a biblioteca, a partir de instrumentos facilitados polo Equipo de biblio.
- **AUDIOVISUAIS MULTIUSOS (antiga aula de informática):** Constitúe a extensión do espazo creativo, grazas á participación de Polos Creativos.
- **SALÓN:** Utilízase para actividades colectivas vinculadas co tempo de lecer, cando se requira.

Sobre os **TEMPOS:**

- **RUTINAS DE LECTURA NA AULA:** O grupo docente certifica que cada día se dedican máis de trinta minutos ao traballo coa lectura no conxunto de todas as áreas.
 - TODOS A LER: En Educación Infantil e Educación Primaria cada aula desenvolverá como queira atendendo ás características da mesma. A hora de ler é por conta allea e a profesora leva un rexistro das actividades planificadas.
 - LECTURA SILENCIOSA: Farase de xeito individual sobre temas de ficción ou informativos.
 - LECTURA COLECTIVA: Todos len o mesmo texto. Nalgúns cursos faise todos os días e noutros só unha ou dúas horas á semana. Implica traballo co texto antes, durante e despois da lectura.
- **NA BIBLIOTECA:**
 - CLUBE DE LECTURA. Damos continuación a esta actividade que tan bo acollemento tivo os cursos pasados, chegando a crear tres clubs.
 - Nos **RECREOS**, o espazo ábrese baixo a xestión do voluntariado.
- **OUTROS:.**
 - CONTACONTOS: Organizados por ciclos ou idades para animar a ler.
 - ENCUNTROS CON AUTORES: A partir do libro escollido, prepárase a actividade co alumnado para que o achegamento o autor resulte máis cercano e proveitoso para os nenos/as.
 - EXPOSICIÓNS por distintos motivos: concursos, presentación de fondos, etc.
 - COA FAMILIA: Mochilas viaxeiras. Invitación á exposición, xunto coas librarías locais (*Pendente de reconverter*). Concursos nos que colaboran. Guías de lectura.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO:

1. **En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”.**

Como ven sendo habitual, o equipo de BE:

- Planificará os **horarios** de funcionamento da BE: unha hora para cada grupo coa súa titora, a apertura no recreo (onde continuaremos co rexistro de usuarios ata completar aforo) e en horario extraescolar. Ademais no recreo tamén se farán diferentes obradoiros (robótica, manualidades, labores, escritura creativa, creación de materiais para outro alumnado,.....) dirixidos polo alumnado voluntario dos cursos máis altos.
- Difundirá o **HORARIO** e as **NORMAS** a toda a comunidade escolar.
- Difundirá todas as posibilidades, **NOVOS ESPAZOS** e **NOVOS MATERIAIS**, que ofrece a BE para que poidan ser empregadas por todos os cursos e teñan un acceso doado a elas. Facilitará o acceso a información e recursos. Merece especial mención o **uso exclusivo da biblio** por parte de cada clase, que xunto coa **nova distribución de espazos e recursos** axudará a ir conformando un auténtico *laboratorio creativo de aprendizaxes*. *Grazas a nova incorporación de **POLOS CREATIVOS**, e a dotación de novos materiais, tamén se disporá de novas actividades e obradoiros para toda a comunidade educativa tales coma: Impresora 3D, plotter, lápices 3D, equipo textil, robótica, tablets...*
- Xestionará a adquisición de **novos fondos**, atendendo ás necesidades do centro en canto ao desenvolvemento do currículo e ás solicitudes dende os cursos, así como a temática do PDI. Estes fondos son presentados dun xeito coidado que reclama a atención dos usuarios, con este fin deseñouse un espazo no **CORREDOR DA BIBLIOTECA**.
- Encargarase da **catalogación** e rexistro dos materiais e de dar a coñecer as novidades
- Elaborará a **programación anual** da biblioteca e inaugurará o curso coa entrega de **carnés** de usuarios e entregando a **guía de funcionamento** da BE.
- Capacitará aos docentes interesados na utilización do programa **KOHA** para a realización do empréstimo, e atenderá calquera consulta que demanden.
- Iniciará o antes posible o uso da plataforma **ELBE** para optimizar o seu funcionamento
- Mantemento do blog da *BE* www.abibliodecarola.blogspot.com en colaboración co **VOLUNTARIADO**, un dos piares da nosa Biblio.

2. **En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado**

- Estes aspectos aparecen definidos no **Proxecto Lector de Centro** e polo tanto tamén nas **programacións** de cada área e titora. No **Plan Anual de Lectura** explicaranse as actuacións concretas que se realizarán en relación coa Ed. Documental e co novo Proxecto Documental Integrado.
- Realizar exposicións ou presentación das novidades que chegan á biblioteca e dos materiais que se relacionan con aspectos concretos do currículo, no NOVO ESPAZO do corredor.
- Apoiar os distintos proxectos que se poñan en marcha: E-Dixgal, Faro da escola, Revista Candeas, etc
- Fomento do intercambio de experiencias lectoras, explicación de experimentos, exposición de temas, etc. entre cursos de diferentes idades
- **Plan de mellora da lectura, da expresión e comprensión escrita**, para seguir usando, completando e ampliando -en colaboración co Departamento de Orientación- os recursos que recolle no seu blog. <http://coalinguapequena.blogspot.com.es/>
- **Espazo creaTivo - AUDIOVISUAIS - POLOS CREATIVOS**. O obxectivo que se marca a biblioteca é a sistematización de creación de contidos vinculados co desenvolvemento do proceso ensinanza aprendizaxe e non soamente co tempo de lecer.

O proceso a seguir será:

- Diseñar actividades de presentación das posibilidades de cada espazo por parte dos membros do equipo de biblioteca ao resto do centro e apoiar a aqueles grupos que non se sintan capaces de avanzar sós.
- Dotar a esas propostas dunha periodicidade (semanal, mensual ou trimestral, según as nosas posibilidades) e difundir esas tarefas concretas que oferta a biblioteca para desenvolver dentro deste espazo.

3. **En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual “competencia dixital”)**

- A **formación de usuarios** contará cun espazo e tempo fixos no inicio do curso, en coordinación coas titoras de cada grupo. Proporcionaranse materiais axeitados ás idades, en formato escrito e dixitais (LIM ou similar, caderno de “fichas”, xogos de mesa,...), que serán elaborados polo equipo BIBLIO-TIC. Prestando especial atención á elaboración de guías sobre a necesidade de facer investigacións de maneira ética: recoller a webgrafía ou bibliografía empregadas, uso de imaxes libres de dereito, etc.
- Seguir a propoñer **actividades de investigación**:
 - voluntarias (como se fixera na “Historia do libro” en colaboración coas BIBLIOS DA ESTRADA)

- atendendo as peticións que fai Carola en cada **PDI**, mantendo a idea de xerar producións textuais diversas e enriquecedoras. Mantéñense as propostas de CAROLA E LINGÜERETA QUEREN SABER, e o DICCIONARIO TEMÁTICO.

▪ Os **espazos** e os **recursos** tamén inciden directamente neste punto. Insitiremos na creación da EDITORIAL, dentro do espazo de AUDIOVISUAIS como eixo de toda a produción literaria e xornalística, que terá repercusións nas producións de Radio Carola, o blog da biblio, o Faro da Escola, a Revista Candeas, etc.

4. **En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información)**

▪ *En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector*, o equipo de BE seguirá a desenvolver (retomar) actividades como: **“Hora de ler”**, **“Mochilas viaxeiras”** que xunto coas **“Galimochilas”** (en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística) abranguen á totalidade do alumnado, **“Guías de lectura”** (de Nadal e de verán, en colaboración cos centros PLAMBE do concello), **“Exposicións”** relacionadas co PDI ou a xa instaurada coas LIBRARÍAS locais de cara ao Nadal, presentación de **novidades, Encontros con autores, contacontos, ilustrador@s**, etc, **Intercambios lectores**,

▪ Continuación co proxecto **E-LBE.2**. Iniciarase nos primeiros días de curso para optimizar o seu funcionamento, solventando todos os erros que apareceron noutras ocasións.

▪ Fomentar a **lectura dixital** non só a través da plataforma E-LBE.2, senón tamén establecendo vínculos coa Biblioteca Municipal e difundir a plataforma GaliciaLe.

▪ Continuidade co **CLUB DE LECTURA**, que tan bos resultados ofreceu no curso 23/24.

▪ **Participación en propostas de interese**: Encontros co club de lectura do CPI Aurelio Marcelino de Cuntis, retomar o contacto co Club de Lectura do IES Losada Diéguez, formado por ex-alumnos do noso centro, asistencia a obras teatrais, visitas a museos...

▪ Conxugando Recanto de Creación Literaria, Radio Escolar, Blog, Audiovisuais,... é bastante probable que todo acabe confluindo na anunciada **EDITORIAL** que se ubicaría no espazo de AUDIOVISUAIS e funcionaría nos tempos de lecer.

5. **En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva.**

- As modificacións realizadas no espazo e nos recursos facilitan que todos poidan acceder en igualdade de condicións.
- Continuaremos deseñando propostas de actividades para TODAS e TODOS.

- Para os recantos, e a CDU, con respecto á sinalización: **Continuidade** con imaxes da CDU proporcionadas pola Asesoría de Bibliotecas e pictos de ARASAAC. Asimesmo seguiremos facendo sinalización con materiais naturais como tea ou madeira.
- Continuaremos co fomento e adquisición de obras adaptadas a diversidade funcional, tal e como xa se fixo neste curso nas recomendación lectoras de verán.
- Continuar co programa de “Bibliotecas Escolares Solidarias”. Nunca chegou a “formalizarse”, pero si podemos contar cunha auténtica rede de alumnado disposto a colaborar de voluntariado.
- Unha vez definido o PDI do presente curso sobre Xogos Olímpicos, prestaremos especial atención aos valores que promove a Carta Olímpica, así como aos Xogos Paralímpicos

6. **Outras actuacións**

Outras actuacións levadas a cabo dende a Biblioteca que son habituais son :

Colaboración do Equipo BiblioTIC cos equipos de **Dinamización Lingüística** e de **Extraescolares** na elaboración e execución do PDI, que parte do deseño inicial do Equipo de Biblioteca, así como na realización de actividades conxuntas de moi diverso tipo e que apoian o desenvolvemento do currículo. Celebración de **datas especiais** tales coma : Día das Bibliotecas Escolares, Abril-mes dos libros, día da Poesía, Día de Rosalía, Certame de Teatro Escolar Olimpio Arca, etc.

Dotación de materiais e recursos a alumnos e alumnas que teñen dificultades para chegar a eles. Colaboración coas familias. Colaboración con outros centros de ensino do concello

Continuidade na “creación” (revitalización, por mor da pandemia) dunha **microrrede** de BE locais.

Ademais do proxecto de investigación colaborativo “O rueiro da Estrada”, queda pendente de finalizar a posta en marcha do proxecto de *bookcrossing* “ESTRADA DE LIBROS”.

7. **Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán**

Atópanse recollidos no Proxecto Lector de centro. Asemade, o **voluntariado** supuxo e suporá un axente importante de **avaliación continua**. As súas apreciacións, case sempre moi atinadas permitiron incorporar melloras no funcionamento da Biblioteca.

A **enquisa** será o instrumento máis empregado, pois proporciona información valiosa sobre o funcionamento dos diferentes ámbitos da biblioteca. No presente curso aportou información moi válida. Outros recursos empregados van ser: listas de cotexo coa participación nas diferentes actividades por curso, buzón de suxestións no que se recollan as propostas que demandan alumnado ou membros da comunidade educativa, etc.

8. Criterios Persoa designada como responsable/dinamizadora da BE. Equipo de apoio. Horario previsto.

O centro garantiza que se nomeará unha persoa dacordo ao que marca a *ORDE do 11 de maio de 2022* en setembro. Despois de participar na Rede DixitalGal durante os dous últimos cursos, volve como responsable da Biblioteca María Blanco Corral.

O Equipo estará formado por representantes de todos os ciclos, tal e como se recolle no PEC. A día de hoxe son 20 as persoas que o conforman, máis do 50% do claustro, aínda que con asignación de funcións diferenciada. A asignación horaria da responsable continuará con 5 horas semanais (1 hora/día). En canto ás horas de dedicación do Equipo de Biblioteca, temos o compromiso do Equipo Directivo de contar co maior número posible de horas.

O Equipo de biblioteca para o curso 23/24 está formado por:

etapa curso / materia		PERSOA	Nº horas	RESPONSABILIDADES
INF	4º A	Chicha Carracedo		
	4º B	Cristina Alonso		
	5º A	Laura Castiñeiras		
	Apoio	Andrea González		
	Apoio	María Blanco	5	Responsable da Biblioteca
1º ciclo	1º A	Chus Saborido		
	1º C	Amara Blanco		
2º ciclo	3º B	Estela Godoy		
	4º A	Isa Calvelo	2	Club de Lectura
3º ciclo	5º B	Montse Uzal		Xefatura de Estudos. Formación
	6º A	Blanca Fraga		
	6º B	Goretti López	2	Convivencia
Especialistas	PT	Rocío Piso	3	Polos Educativos. Plan Dixital
	PT	Marta Durán		Coordinación PFPP
	EF	Jorge Barros	1	Radio Carola. Coordinación 1º ciclo
	L Ing	Begoña Chouciño		
	Mús	Rebeca López		
	EF	José Manuel Reboredo		Dirección do centro. E-Dixgal, Abalar

	PT	Vanesa Pulleiro		
--	----	-----------------	--	--

Incluimos en moitas das nosas convocatorias a:

Carmen Sánchez (EDLG)

Loli Ríos (Equipo de Extraescolares)

- Como ven sendo costume, o Equipo reunirse un martes ao mes en horario de 16 a 17 horas. E todos os martes de 18 a 19 horas a biblioteca acollerá a todas as persoas que queiran e poidan desenvolver actividades de organización e xestión, ademais de formación voluntaria.

5. RECURSOS HUMANOS.

- OS MESTRES/AS: Todo o profesorado participa nas diferentes actividades programadas.
- O EQUIPO DA BIBLIOTECA: Organiza, diseña e apoia o desenvolvemento de actividades a prol da lectura. O equipo da Biblioteca, xunto coa persoa designada como responsable, e en colaboración coa xefatura de estudos é o encargado de elaborar os plans de traballo anuais que favorezan a participación nas actividades e o uso por parte do alumnado e profesorado das distintas fontes informativas e da variedade de servizos e recursos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias.

6. ITINERARIOS LECTORES.

(Subliñados, non se atopan no noso catálogo)

Aparecen, para cada curso, en galego, castelán e inglés

Incorporados no curso 23/24

4º INFANTIL	5º INFANTIL	6º INFANTIL
O coelliño branco A qué sabe a lúa? A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza <u>A princesa do Courel</u> Elmer Co dedo no nariz O pito Cairo Pasiño Blo bló Tento Un globo vermello Clásicos: Blancanieves, Cenicienta... Little fish and Big fish	Co dedo no nariz Cando Martiño tiña ganas de mexar na noite de reis Chivos, chivóns Unha eiruga moi larpeira ¡Qué lería de cordóns! Se eu fose moi delgado O monstro de Ricardo Os bolechas <u>Elena y el camino azul</u> <u>Hacer amigos</u> Clásicos: Blancanieves, Cenicienta... ¡Ven aquí, Daisy	Sopa verde O monstro de cores U becho extraño A vaca que puxo un ovo A cebra Camila Siete ratones ciegos El pez arco iris La pequeña lechuz Are you my mum?

				Macario dromedario Three billy goats	
1º PRIMARIA	2º PRIMARIA	3º PRIMARIA	4º PRIMARIA	5º PRIMARIA	6º PRIMARIA
<p>O ogro cheirento O canguro Onde van os bebés Rimas con letra Os bolechas</p> <p>Osito Lili... Sapo y Sepo inseparables La pata Paca La ratita presumida</p> <p>Food, food, food. The cat's dinner</p>	<p>A viaxe do vento pequeno Catro pitas Tomé e o lapis máxico Dóeme a lingua O souto do anano Un baúl cheo de piratas</p> <p>El secreto de Óscar Una montaña para Pancho Mi hermana Clara y la bicicleta Álbumes ilustrados Los fantasmas buscan casa</p> <p>Carnival time Where's Tiger?</p>	<p>Rimas con letra Ota quiere voar Derradeira carta aos reis magos O estanque dos parrulos pobres Cipi Tomás está namorado</p> <p>La selva dos números Querida Susi, querido Paul La tabla de multiplicar en verso Memorias de una gallina Mi hermana Clara y la bicicleta El gran amor de una gallina Aventuras de Picofino Doña Problemas</p> <p>My happy home Goldilocks and the three bears</p>	<p>Poesía de M. María Ota quiere voar Teatro feroz Os soños na gaiola Un saquiño de contos</p> <p>Max Burbuja. El fin del mundo Nº6 Alma de elefante Don Quijote de la Mancha El Lazarillo contado a los niños Antología poética: La rosa de los vientos El superzorro Todo Mortadelo y Filemón Fábulas de Esopo</p> <p>London. A day in the city. Ligths, camera, action!</p>	<p>No corazón do bosque O misterio dos fillos da lúa O neno can Contos por palabras</p> <p>El lugar más bonito del mundo Imagínate Andrea Cuentos para jugar Palabras de caramelo As aventuras de Tintín Sopa de Europa</p> <p>A world of sport Ancient Egypt</p>	<p>O raposo e a mestra Ás de mosca para Anxo O Pazo baleiro. O coche de carreiras de Rudi Fuciños. Dúas bágos por Máquina A noite da raíña</p> <p>Ronia, a filla do bandoleiro. Cuentos en verso para niños perversos Todo cambiou con Jakob Las locas aventuras del caballero y su juglar Querido hijo estás despedido La rosa del Kilimanjaro</p> <p>Life in the desert. Volcanoes</p>

7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS.

Actividades	Periodicidade	Materiais
Visita guiada á biblioteca	Sistemática	Fondos da BE (biblioteca escolar)

Contacontos	Puntual	Fondos da BE e outros
Encontros con autores	Puntual	Fondos da BE e outros
Presentación de novidades	Sistemática	Fondos da BE
Lectura compartida DENTRO e FORA	Sistemática	Fondos da BE e persoais
CLUBE DE LECTURA	Sistemática	Fondos da BE e outros
Exposicións temáticas	Puntuais	Fondos da BE e outros
Visita a outras bibliotecas	Puntual	Fondos doutras bibliotecas
Celebracións (día do libro, da poesía, da paz, Letras Galegas, Día de Rosalía, ...)	Puntuais	Fondos da BE, editoriais, outros, etc...
Todos a ler (le un adulto en voz alta)	Sistemática	Fondos da BE e persoais
Lectura silenciosa e individual	Sistemática	Fondos da BE,persoais , maletas viaxeiras, exposicións, internet
Seleccionar títulos para a biblioteca	Sistemática	Catálogos de editoriais, outros
Elaborar murais	Puntual	Fondos da BE e outros
Busca de información en libros informativos	Sistemática	Fondos da BE, outros, internet
Traballos sobre un tema	Puntual	Fondos da BE e outros
Ler para comprender	Sistemática	Fondos da BE, persoais e outros
Posta en escena (teatro, poesía...)	Puntual	Fondos da BE, persoais e outros
Identificar partes dun libro e coñecer a información que aporta cada una	Sistemática	Fondos da BE
Acceder aos fondos usando un marcador (Carola) <i>PUNTO DE LECTURA</i>	Sistemática	Marcadores persoais e fondos da BE
Buscar fondos que ofrezan información sobre un tema	<i>VIRTUAL</i>	Fondos da BE e outros
Usar a OPAC meiga	Sistemática	Internet e fondos da BE
Buscar e colocar libros (CDU, autor, título)	Sistemática	Fondos da BE
Conferencias sobre un tema	Puntual	Fondos da BE e outros
Lectura de imaxes	Sistemática	Pantalla dixital, fondos da BE e outros
Taller de escritura.	Sistemático	Fondos da BE, persoais e outros.
<i>PDI: UN CURSO DE CAMPIONATO. FIGUEIROLIMPÍADAS</i>		

Sendo as familias un importante soporte para a adquisición, desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas, apoiarán o proceso de lectoescritura con:

- MOCHILAS VIAXEIRAS e/ou GALIMOCILAS. Das que participa a totalidade do centro.
- GUÍAS DE LECTURA: No Nadal e en verán.
- EXPOSICIÓNS: Aportando materiais e visitándoa logo.
- PARTICIPACIÓN EN LECTURAS CO ALUMNADO: Relatan algo relacionado con eles: a súa vida, o seu traballo, o lugar onde viven ou viviron, etc.
- PREPARACIÓN E ASISTENCIA A ACTIVIDADES PUNTUAIS: o Nadal, o entroido, representacións teatrais, etc.

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Para poder avaliar o Plan Anual de Lectura é necesario facer un seguimento das actividades que se propuxeron para o longo do curso, se estas se levaron a cabo adecuadamente e se tiveron o efecto esperado. Algunhas das ferramentas que utilizamos para facer a avaliación son as seguintes:

- Observación do desenvolvemento do propio Plan: Biblioteca, Profesorado, Alumnos/as.
- Cuestionarios sobre aspectos concretos.
- Resultados da Avaliación de Diagnóstico.
- Participación nas propostas que saen da biblioteca.
- Diarios de lectura (moi sinxelos, voluntarios, anotan o que lles gustou ou o que non, o que lles chamou a atención, etc...). *(Tamén se poden incluír non PUNTOS DE LECTURA)*

A información que nos proporcionan incluírase na Memoria Anual da Biblioteca, e así coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos previstos e das liñas de actuación deseñadas.

10. LEXISLACIÓN.

- Artigos 19.2/24.7/25.5. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.
- Artigo 10.3. A fin de fomentar o hábito de lectura dedicarase un tempo diario á mesma.
- Instrucións do 1 de Setembro de 2015 da Dirección Xeral de centro e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares durante o curso 2015-16, nos centros docentes de niveis non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- LOE: Novos currículos da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Decreto 130/2007, do 28 de xuño: establece o currículo de educación primaria en Galicia. Inclúe unha serie de competencias básicas que o alumnado debe adquirir de forma progresiva. Nel aparece o uso dos recursos da biblioteca escolar como un factor importante para o logro da competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, a competencia no tratamento da información e a competencia cultural e artística; sendo tamén un recurso útil para a adquisición das restantes competencias básicas.
- Anexo IV: Proxecto lector do centro: Recollerá todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e escritura e a adquisición das competencias básicas. Será a referencia para a elaboración do plan anual de lectura.
- Artigo 6º: 4. Os centros asegurarán como mínimo media hora diaria á práctica lectora.

PDI 23/24

FIGUEIROLIMPÍADAS

Un curso de campionato



1. INTRODUCCIÓN

No ano 2024 vanse celebrar os Xogos Olímpicos en París. Esa foi a razón que nos motivou a traballar no PDI deste ano todo o que conleva as Olimpíadas.

2. XUSTIFICACIÓN

Olimpismo e Educación Olímpica

O **Olimpismo** destaca a función educativa do deporte, é dicir, usa o deporte e os seus valores inherentes como estratexia para conseguir a paz mundial e a axuda mutua (IOC, 2011). A **Carta Olímpica** é a norma reguladora do Movemento Olímpico, que contén os principios fundamentais, as regras e os textos de aplicación adoptados polo Comité Olímpico Internacional (COI), e fixa as condicións para a celebración dos Xogos Olímpicos e a participación nos mesmos (COI, 2013).

A nosa pretensión é achegar os valores fundamentais do olimpismo á nosa comunidade educativa, mediante o PDI “Un curso de campionato”. As actividades para realizar serán diversas, traballando en equipo e promovendo a participación de todas e todos. Os alumnos coñecerán a información referida ao Olimpismo, pero tamén desenvolverán actitudes de cooperación, de empatía, de respecto aos demais, e fairplay, como valores do Olimpismo. Son moitos os valores do olimpismo cos que podemos contar, valores que os diversos autores que trataron a educación olímpica se ocuparon de agrupalos. Neste caso seguiremos a proposta de David Herrero Tamarit, profesor da Universidade de Murcia que revisou as diferentes propostas e conformou outra que se adapta moi ben á nosa realidade:

- propón **ámbitos olímpicos**. Os ámbitos non son valores, senón que representan un conxunto de valores olímpicos que teñen unhas características comúns.
- En segundo lugar, os ámbitos olímpicos serán cinco.
- E, en terceiro lugar, as denominacións dos ámbitos dos valores olímpicos serán: información, excelencia, equilibrio, xogo limpo e multiculturalidad.

Esta proposta posibilita unha dobre función:

- a función organizativa dos valores olímpicos para clasificalos mellor;
- e a función pedagóxica, que nos permitirá relacionar os valores olímpicos cos elementos do currículo.

ÁMBITOS	CARACTERÍSTICA	VALORES
INFORMACIÓN	INFORMACIÓN SOBRE O OLIMPISMO Trátase dos valores que teñen que realizarse no plano da aprendizaxe de datos referidos ao olimpismo.	Estudo da historia olímpica antiga e moderna; coñecer a Grecia clásica cos seus autores e costumes; Investigar nos XX.OO. modernos: os seus deportes, os seus atletas, as súas cidades, os seus símbolos etc. Trátase de solicitar información polo medio que sexa: textos, guías, medios audiovisuais, internet.
EXCELENCIA	ASPIRACIÓN Á EXCELENCIA. Trátase dos valores que teñen que	Ser o mellor que se poida ser. Alcanzar os máximos logros de acordo cos ideais olímpicos fundamentais: Identidade, autoestima e respecto propio. Aceptar riscos. Loitar pola

	realizarse no foro interno , o máis íntimo da persoa.	perfección humana a través do alto rendemento [científico, artístico e deportivo]. Son valores orientados ao desenvolvemento individual con intensos esforzos para mellorarse uno mesmo en retos físicos e competindo con outros. Son valores que estimulan a excelencia, a saúde, a beleza, o amor, a harmonía.
EQUILIBRIO	EQUILIBRIO DE CORPO, MENTE E ESPÍRITO. Trátase dos valores que teñen que realizarse para conseguir a harmonía entre os distintos elementos da propia persoa ; tamén en relación co medio .	Preténdese o desenvolvemento harmónico de todo o ser humano, non dunha parte ou aspecto. Entender de maneira holística a práctica física e o desenvolvemento da mente e do espírito. Participar na actividade física gozando do esforzo e á vez cultivar o espírito e a mente sa. Para iso, axudan os valores de equilibrio, simplicidade, calma, harmonía interior. Tamén caben outros valores proporcionados polo deporte que dean paso a un equilibrio coa natureza e a un trato ecolóxico do medio ambiente
XOGO LIMPO	O XOGO LIMPO NAS RELACIÓNS SOCIAIS Trátase dos valores que teñen que realizarse no ámbito das relacións sociais próximas	Os valores do xogo limpo que teñen os deportes extrapólanse a todas as relacións sociais: o espírito deportivo levado a todos os momentos da vida. Desenvolver o sentido de solidariedade, a tolerancia e o respecto mutuo; solucionar conflitos polo diálogo e non de forma agresiva ou violenta; asociar co xogo limpo a honestidade, a sinceridade, a amizade, o compañeirismo, que vemos simbólicamente nos JJ.OO. Propiciar a igualdade de oportunidades, a cooperación e rexeitar as trampas, o doping, a corrupción, a chantaxe, o mercantilismo etc.
MULTICULTURALIDADE	ACEPTAR A DIVERSIDADE Trátase dos valores que teñen que realizarse no ámbito universal , o que afecta a toda a humanidade .	Fomentar a paz, o entendemento mutuo, o respecto polas culturas distintas, a protección do medio ambiente, o cumprimento dos dereitos humanos. Aprender a vivir coa diversidade, a comprensión internacional, a sociabilidade. Poñer unha énfase especial no entendemento cultural que transcende as categorías económicas, políticas, relixiosas e raciais. Promover os intercambios culturais, o desenvolvemento artístico e creativo, a integración de cultura e deporte como fan as celebracións olímpicas. Crear unha irmandade que promova o entendemento internacional e, deste xeito, contribuír á paz mundial.

TÁBOA elaborada por David Herrero Tamarit

3. OBXECTIVOS

- INFORMACIÓN. Achegarnos ao feito olímpico dende a súa orixe ata a actualidade.
- EXCELENCIA. Promover a mellor versión de cada unha das persoas que formamos a comunidade escolar a partir do esforzo, o benestar e a harmonía.
- EQUILIBRIO. Favorecer o crecemento global da persoa e na súa relación respectuosa co medio.
- XOGO LIMPO. Potenciar as relacións sociais saudables, basadas na solidariedade e o respecto mútuo.

- MULTICULTURALIDADE. Fomentar a paz, o entendemento mutuo, o respecto polas culturas distintas, a protección do medio ambiente, o cumprimento dos dereitos humanos.

ACTIVIDADES DO PDI FIGUEIROLIMPIADAS <i>Un curso de campionato</i>	temporalización									CURSO IMPLICADO								
	O	N	D	X	F	M	A	M	X	INFANTIL			PRIMARIA					
										4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º
BANCO DE RECURSOS										X	X	X	X	X	X	X	X	X
CADERNO DE BITÁCORA										X	X	X	X	X	X	X	X	X
A INVESTIGACIÓN DA CLASE																		
DICCIONARIO TEMÁTICO										X	X	X	X	X	X	X	X	X
TOPONIMIA													X	X	X	X	X	X
INTERXENERACIONAL										X	X	X	X	X	X	X	X	X
EXPOSICIÓNS										X	X	X	X	X	X	X	X	X
QUEREN SABER...										X	X	X	X	X	X	X	X	X
SAMAÍN										X	X	X	X	X	X	X	X	X
25 NOVIEMBRO.																		
DÍA DOS DEREITOS																		
NADAL													X	X	X	X	X	X
DÍA DA PAZ.																		
ENTROIDO. Xeneraliño.										X	X	X	X	X	X	X	X	X
ENTROIDO. Festival										X	X	X	X	X	X	X	X	X
DÍA DE ROSALÍA. "En movemento"										X	X	X	X	X	X	X	X	X
DÍA DA MULLER.																		
LIBRO: HEROÍNAS DE COMIC															X	X	X	X
CORRELÍNGUA.													X	X	X	X	X	X
LETRAS GALEGAS										X	X	X	X	X	X	X	X	X

As seguintes táboas dan conta do tratamento dos obxectivos dende o PDI

	OBXECTIVOS DO PDI					OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR					
	INFORMACIÓN	EXCELENCIA	EQUILIBRIO	XOGO LÍMPPO	MULTICULTURALIDADE	Fomentar o hábito da lectura	Multialfabetismos	Laboratorio creativo de aprendizaxes	Biblioteca inclusiva	Recursos ao profesorado Diferentes soportes	AMIAFIN
Contribución das ACTIVIDADES DO PDI FIGUEIROLIMPÍADAS <i>Un curso de campionato</i> aos OBXECTIVOS											
BANCO DE RECURSOS	X			X	X	X	X		X	X	X
CARTAFOL DENDE A BIBLIO	X									X	
A INVESTIGACIÓN DA CLASE	X	X	X	X	X	X	X	X	X		X
DICCIONARIO TEMÁTICO	X	X			X	X	X	X	X	X	X
TOPONIMIA	X			X			X	X	X	X	X
INTERXENERACIONAL	X	X	X	X	X		X	X	X		X
EXPOSICIÓNS	X			X	X	X	X	X	X	X	X
QUEREN SABER...	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
SAMAÍN	X				X	X	X		X	X	X
25 NOVEMBRO.	X			X	X				X	X	X
DÍA DOS DEREITOS	X	X	X	X	X		X	X	X		X
NADAL		X			X	X			X	X	
DÍA DA PAZ. Curtas	X		X	X	X	X	X	X	X		
ENTROIDO. Xeneralíño.	X		X		X			X	X		
ENTROIDO. Festival	X	X	X	X	X				X		
DÍA DE ROSALÍA. Rosalía en movemento		X			X	X			X		
DÍA DA MULLER.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
LIBRO: heroínas de cómic	X		X	X	X	X			X	X	X
CORRELÍNGUA.			X	X	X				X		
LETRAS GALEGAS	X				X	X		X	X		

TEMPORALIZACIÓN E PROPOSTA DE ACTIVIDADES (PDI, CP e outros)

ACTIVIDADES Durante TODO o curso	DESCRICIÓN	PRODUCTO FINAL Indicador
BANCO DE RECURSOS	Repositorio de materiais e recursos que hai na biblio e na rede	Soporte físico na entrada <u>PDI en google sites</u>
CADERNO DE BITÁCORA	Cartafol para cada clase , no que se irán recibindo e cumprimentando os encargos dos PDI	CARPETA
INVESTIGACIÓN DA MIÑA CLASE	Calquera clase pode afondar voluntariamente no que prefira. Proxecto Competencial de varios cursos	Produto individual, de alumn@, clase, nivel...
TOPONIMIA	Deportistas estradenses “de élite” Instalacións deportivas	Localización das instalacións no mapa (foto)
DICIONARIO COLECTIVO	Varias posibilidades de traballo: - repartir unha letra por alumn@ - para facer en colaboración coas familias - traballar na clase de xeito colectivo ou por grupos - traballar na clase, unha letra por semana	Diccionarios temáticos en formato A4 que serán encadernados e formarán parte da biblioteca.
INTER XENERACIONAL	Trivial colectivo: taboleiro, tarxetas, dados e queixiños	Xogo que formará parte dos fondos da biblioteca
EXPOSICIÓN...		Decidir exposicións e preparar material complementario
PATIOS	- 1 día/semana de tradicionais. - Patios DINÁMICOS e ACTIVOS	En Contratos Programa
CREANDO PARA TOD@S	Un obradoiro da biblio será para a creación de materiais e recursos para alumnado con NEAE	En Contratos Programa
SOMOS NUTRIOLÍMPICOS	Participaremos no programa Froita e Lácteos na escola para seguir alimentándonos mellor e sementando no noso alumnado as bases para unha vida máis activa e saudable. Actividades como Master Chef no 3o ciclo, FroitArt no 1o ciclo e o calendario de Merendas Saudables implementadas en todo o centro encamiñaranse ao fomento do consumo de proximidade. Completaremos	En Contratos Programa

	estas propostas cunha charla sobre alimentación cunha nutricionista.	
AXENTE ANTILIXO	Actuarán nos recreos. Estarán identificadas coa CHAPA creada no espazo creativo e recibirán a MEDALLA feita na impresor 3D	En Contratos Programa

ACTIVIDADES 1º trimestre	DESCRICIÓN	PRODUCTO FINAL Indicador
QUEREN SABER...	Preguntas de inicio de proxecto. Os Xogos Olímpicos van moito máis alá do encontro puntual de deportistas de todo o mundo que se reúnen para competir:	Cómic, podcast, vídeo, holograma
SAMAÍN	Exposición de cabazos realizados polas familias coa temática olímpica	Exposición
MAGOSTO CROSS LÍMPICO	Investigación sobre a relación entre deporte e saúde mental	Vídeo saúde e benestar emocional
CERTAME OLIMPIO ARCA	Colaboración co Equipo de Dinamización de cara á participación do noso centro neste evento local..	Representación teatral
25 NOVIEMBRE	CICLO DE CURTAS En colaboración con EXTRAESCOLARES propónse unha	actividade para traballar nas aulas.
3 decembro Día da Diversidade DISCAPACIDAD E NO DEPORTE	PARALIMPÍADAS. vivenciar a diversidade funcional durante as sesións de Psicomotricidade (Bule-Bule) e Educación Física. - ABECONSA BASKETMI - DisCamino	Actividades de clase Obradoiros Charlas
NADAL	PEBETEIRO DE NADAL. Aproveitaremos os recursos de E-textil para crear postais de nadal onde o pebeteiro das nosas Olimpíadas brille con luz propia. (Precisa formación previa do profesorado)	Postais

ACTIVIDADES 2º trimestre	DESCRICIÓN	PRODUCTO FINAL Indicador
DÍA DA PAZ.	ciclo de curtas	
ENTROIDO	SEMANA DO ENTROIDO - FESTIVAL DO ENTROIDO	Xeneralíño. estival

DÍA DA MULLER	- ciclo de curtas - Creación dun DICCIONARIO sobre mulleres que romperon teitos de cristal en materia deportiva. CHARLA DE UXÍA. Mecánica en prácticas de Moto3, antiga alumna de colexio e que acaba de facer as súas prácticas no mundial.	Diccionario feminista - dorsais Entrevista a Uxía na radio
---------------	---	---

ACTIVIDADES 3º trimestre	DESCRICIÓN	PRODUCTO FINAL Indicador
SEMANA LIBRO	Buscaremos superheroínas de cómic para dalas a coñecer	Exposición e cómic
CORRELÍNGUA LETRAS GALEGAS	Unha lingua de campionato En colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística. (MONTEIRAS/GORRO FRIXIO??)	Dorsais
FIGUEIRO LIMPÍADAS	FigueirOlimpíadas. Como fin do PDI de Centro Un curso de Campionato faremos unhas macro olimpíadas de todo o alumnado do centro con representación de diversos deportes olímpicos. (Goalball)	Evento de campionato

arola e Lingüereta QUEREN SABER	INFANTIL						PRIMARIA														
	4ºA	4ºB	5ºA	5ºB	6ºA	6ºB	1ºA	1ºB	1ºC	2ºA	2ºB	3ºA	3ºB	4ºA	4ºB	5ºA	5ºB	6ºA	6ºB	6ºC	
Por que se chaman Olimpíadas?				■																	
Símbolos Olímpicos																					■
Por que hai 5 aros olímpicos?							■														
Que significa o facho olímpico?																			■		
Cal é o lema dos xogos olímpicos?	■																				
Quen impulsou os xogos olímpicos modernos?												■									
Cal é a orixe dos xogos olímpicos? Onde naceron?																		■			
Cantas Olimpíadas houbo?																	■				
Como se pode participar nos Xogos Olímpicos?														■							
Deportes máis modernos nas Olimpíadas										■											
Deporte máis antigo das Olimpíadas?															■						
Pode un deporte olímpico deixar de selo? Pq																					
Que é a Carta Olímpica? Podería aplicarse ao noso cole?																				■	
Os Xogos Olímpicos teñen himno?			■																		
Que son os Xogos Paralímpicos e dende cando se celebran?		■																			
Olimpíadas e Xogos olímpicos, son o mesmo?								■													
Celebráronse sempre, sempre?													■								
Sempre participaron mulleres nos Xogos ´?					■																
Houbo Xogos Olímpicos en Galicia? e en España?										■											
Só hai Olimpíadas de deportes?						■															

21. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES

PLAN DE DEBERES ESCOLARES EN PRIMARIA

Como claustro de profesores implicados nun bo desenvolvemento das competencias de cada alumno e alumna e desde unha formulación de reflexión e de revisión do noso labor docente dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, propoñemos este documento que recolle unhas liñas acordadas para levar a cabo un plan de deberes común, coordinado e progresivo. Creemos que estas orientacións favorecen a información en beneficio da comunicación familia-escola.

Na súa elaboración partiuse da experiencia educativa do claustro así como das investigacións existentes sobre este tema. Os criterios empregados foron o de progresividade, tempo, coordinación entre profesores dunha mesma aula e tipo de tarefas.

XUSTIFICACIÓN

Fundamentalmente porque ten efectos positivos a tres niveis:

- ☑ Para crear hábito de estudo e desenvolver a autonomía dos alumnos.
 - Establecen o hábito de estudar na casa.
 - Preparan ao alumno para aprender de forma autónoma.
 - Ensinan aos alumnos a desenvolver habilidades e técnicas de estudo.
 - Favorecen o desenvolvemento do pensamento crítico.
 - Contribúen á aprendizaxe da administración eficaz do seu tempo e a saber cumprir coas súas responsabilidades.
- ☑ Para favorecer a información e seguemento da familia-escola.
 - Permiten ás familias saberlo que o alumno está aprendendo no centro.
 - Permiten ao profesor/familia detectar dificultades do alumno.
 - Poden ser unha oportunidade para xerar unha interacción familiar construtiva.
- ☑ Para mellorar o rendemento académico dos alumnos.
 - Porque axudan a desenvolver a atención e a memoria e a aplicar os coñecementos aprendidos.
 - Supoñen un tempo extra de traballo intelectual e de mecanización de habilidades instrumentais básicas para a aprendizaxe.

Elementos a tener en conta

- O plan é unha orientación que favorece a organización a nivel de aula e tamén familiar. Pretende axudar aos alumnos no desenvolvemento das súas competencias e racionalizar o tempo e o esforzo dedicado ás tarefas escolares.

- É un plan flexible que cada mestre pode adaptar en función das circunstancias da aula, a programación, o calendario ou outras actividades escolares. Pretende ser un marco-guía. Levará un tempo axustarnos a el e ver as súas posibilidades de mellora.
- Ao rematar este curso, e despois de dous trimestres, faremos unha enquisa a familias e mestres para coñecer o grao de adaptación do plan á realidade.
- Cada alumno e cada dinámica familiar é diferente. É polo que resulta difícil que un plan xeral responda ás necesidades de cada uno. O seu establecemento pode axudar a detectar as necesidades de algúns alumnos que deberán ser tratadas de maneira individual en coordinación mestres e familia.

1º e 2º de Educación Primaria

Comézase a mandar deberes de forma sistemática, diaria e ben estruturada. A axuda dos pais considérase unha guía e non unha nova explicación. Débese fomentar unha actitude autónoma ante a tarefa, baseada nunha boa lectura de enunciados, procura de datos, repaso do realizado.

Os mestres introducirán os deberes no primeiro curso de Educación Primaria de forma gradual e na medida en que os nenos teñan adquirida a lectura como vehículo de comprensión do requirido na tarefa. É importante que os pais permanezan preto cando o neno le en voz alta.

En primeiro farase máis énfase na lectura. En segundo, en actividades de cálculo (contas, táboas de multiplicar e problemas) e a lectura, que constitúe unha tarefa obrigatoria de cada día.

É preciso unha boa coordinación do profesorado para evitar duplicar as tarefas.

Tempo máximo estimado para facer os deberes:

1º de Primaria: 10-15 minutos + lectura

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
A criterio de cada mestre				

2º de Primaria: 15-20 minutos + lectura

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
A criterio de cada mestre				

3º e 4º de Educación Primaria

Os deberes seguirán a programación e actividades propostas polo mestre sobre os contidos de cada unidade didáctica. Nestes niveis as obrigacións académicas deberían supoñer maior autonomía e responsabilidade do neno. Para iso, a axenda escolar é un bo instrumento para apuntar as tarefas.

O labor fundamental dos pais é supervisar o traballo que ten que facer e orientarlle por onde empezar, priorizando unha actividade máis fácil ou máis amena de forma que cando se adquiriu atención e concentración se pase a realizar as tarefas máis complexas ou de maior dificultade.

Consideramos deberes a realización de actividades moi variadas e que empezan a implicar unha actitude de

esfuerzo, interese por unha boa presentación e de superación en tarefas como redactar vivencias, finalizar un conto dado, realizar resumos ou esquemas que axuden á racionalización e aprendizaxe dos contidos.

Na área de Matemáticas, a resolución de problemas é tamén fundamental, de aí a importancia dunha boa lectura. A lectura constitúe unha actividade diaria moi recomendable.

No fin de semana pódese repasar e estudar o traballado durante a semana.

É preciso unha boa coordinación do profesorado para evitar duplicar as tarefas.

Tempo máximo estimado para facer os deberes/estudo:

3º de Primaria: 30-40 minutos + lectura frecuente

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
A criterio de cada mestre				

4º de Primaria: 40-50 minutos + lectura frecuente

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
A criterio de cada mestre				

5º e 6º de Educación Primaria

Do mesmo xeito que nos cursos anteriores as obrigacións académicas deberían supoñer maior autonomía e responsabilidade do neno. Para iso, a axenda escolar, é un bo instrumento para apuntar as tarefas.

O labor fundamental dos pais é supervisar o traballo que ten que facer e orientarlle por onde empezar, priorizando unha actividade máis fácil ou máis amena de forma que cando se adquiriu atención e concentración se pase a realizar as tarefas máis complexas ou de maior dificultade. Resulta adecuado dividir a tarefa en pasos curtos (subliña, copia, amplía...) A medida que avanza o trimestre, e para que o neno adquiera autonomía, é conveniente ir retirando as axudas. Suxírese elaborar un plan de traballo semanal.

O labor dos pais non debe ser a de corrixir senón a de ensinarlle pautas de planificación: que materia nova vistes, que material vai necesitar o día seguinte. Deberíase revisar exclusivamente que o traballo estea completado e cunha boa presentación en todo aquilo que sexa traballo de caderno ou traballos para entregar (información recadrada, subliñados, separación de párrafos, resumos, procura e copia de información, letra clara, debuxos ben coloreados,...).

Na área de matemáticas deberíamos animar aos nenos á realización de todas as comprobacións matemáticas que sexan posibles. Delegar no mestre a aclaración de dúbidas.

Os deberes en 5º e 6º consisten nunha rutina diaria na cal sempre han de estudar ou repasar os contidos dados no día, dado que os exames teñen un carácter acumulativo.

É preciso unha boa coordinación do profesorado para evitar duplicar as tarefas.

Tempo máximo estimado para facer os deberes/estudo:

5º de Primaria: 50-60 minutos + lectura frecuente

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
A criterio de cada mestre				

6º de Primaria: 60-75 minutos + lectura frecuente

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
A criterio de cada mestre				

22. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC . PLAN DIXITAL E POLOS CREATIVOS. CONCRECIÓN ANUAL

Atendendo ás directrices da Administración Educativa¹, ao longo do curso 21/22 creouse o *Equipo de Dinamización do Plan Dixital*, sendo a súa función principal a elaboración do Plan Dixital de centro, que ten como obxectivo último “mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes”.

Tal e como marca a lexislación vixente, o *Equipo de Dinamización do Plan Dixital* constitúe, igualmente, o *Equipo Dinamizador de Polos Creativos*, programa de innovación educativa que nos foi adxudicado o curso pasado².

No presente curso 23/24 ambos están constituídos por:

	CURSO/MATERIA	PERSOA	RESPONSABILIDADES
INFANTIL	4º EI	Cristina Alonso Mosquera	
	4º EI	Mª Jesús Carracedo Goldar	
	5º EI	Laura Castiñeiras Pereira	
	5º EI	Nerea Docampo Durán	Coordinadora de EI
	Apoio	María Blanco Corral	Biblioteca Escolar

¹ *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

² *ORDE do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería.*

	Apoio	Andrea González Conde	Biblioteca Creativa
PRIMARIA	1º EP	Mª Jesús Saborido Castro	
	1º EP	Amara Blanco Fernández	
	3º EP	Estela Godoy Miranda	
	4º EP	Mª Isabel Calvelo Riveira	Coordinadora do 2º ciclo e responsable do Club de Lectura
	5º EP	Montserrat Uzal Puente	Xefa de estudos e responsable da formación en centro
	6º EP	Mª Blanca Fraga Lago	
	6º EP	Mª Goretti López Louro	Coordinadora de benestar e convivencia
ESPECIALISTAS	LG e EF	José Manuel Reboredo Baños	director, coordinador E-DIXGAL
	EF	Jorge Barros Vinseiro	Coordinador de 1º ciclo e responsable da radio escolar
	LI	Mª Begoña Chouciño Tuset	
	Música	Rebeca López Rey	
	PT	Marta Durán Liñares	Coordinadora PFPP
	PT	Mª Rocío Piso Neira	Coordinadora do Plan Dixital e Polos Creativos
	PT	Vanesa Pulleiro Potel	

Este equipo, xunto co Equipo de Biblioteca, conforman o *Equipo Biblio-TIC*, deseñando e implementando un proxecto común ao longo de todo o curso.

Na actualidade estase dando forma á concreción anual do noso Plan Dixital na aplicación *Educalidade*, deseñada durante o curso 2021-2022 polo Servizo de Xestión de Procesos de Calidade da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para dotar dunha ferramenta de apoio aos centros na elaboración, xestión e almacenamento da documentación que se regula na normativa e no Sistema de Xestión da Calidade; e na que, por formar parte dos centros que integraban a *rede DixitalGal*, realizamos unha pilotaxe entre os meses de decembro de 2022 e xaneiro do 2023.

En liñas xerais:

- Darémoslle continuidade ao obxectivo que ao longo do curso pasado non foi acadado, concretamente o de “Mellorar a asistencia técnica. Dotar ao alumnado de EDIXGAL dos coñecementos básicos de resolución técnica”, así como ás liñas de acción pendentes que consideremos de interese.
- Afondaremos nalgún dos aspectos traballados, como é o caso da formación en metodoloxías e novas tecnoloxías vinculadas co programa de innovación educativa Polos Creativos. O fin principal era “aprender a usar” e unha alta porcentaxe do claustro rematou o curso sendo quen de empregar os recursos de xeito máis ou menos autónomo e eficiente, así como de crear contidos con eles; no entanto a nosa pretensión é facer isto extensible á totalidade do equipo docente e, na medida das súas posibilidades, ao alumnado.
- Incorporaremos novos obxectivos, entre os que cabe sinalar “Desenvolver e implementar a páxina corporativa DRUPAL de centro”.

Inclúese a continuación a ligazón ao noso Plan Dixital, documento que, tal e como xa se indicou, está en proceso de elaboración:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=36013618>

23. PLAN ABALAR/EDIXGAL

Desde o curso escolar 2010/11 estase a desenvolver o Proxecto E-Dixgal (libro dixital para os nenos e nenas de 5º e 6º curso de E. Primaria) e empregando a aula virtual para achegar os contidos e as actividades aos alumnos/as. Ademais permite que os nenos/as poidan continuar, nas súas casas, a formación e realización de tarefas. Aqueles alumnos/as que aínda non teñen acceso a internet, usan os medios que hai no centro ou a través do sistema OFF LINE (contidos descargados no netbook).

CONTIDOS EDUCATIVOS

Como elemento fundamental do novo modelo educativo que expón o Proxecto ABALAR/ E-DIXGAL, dotouse ao profesorado, así como ao resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais.

- Pondo en marcha un repositorio de información que se alimenta con contidos internos e externos da Xunta de Galicia, tanto públicos como privados e totalmente integrados no espazo ABALAR.
- E-Dixgal (Libro dixital) poñendo disposición do profesorado e alumnado tres plataformas dixitais:
 - Netex
 - Edebé
 - Aula Planeta.

E-DIXGAL					
Materia	Curso	Alumnos participantes	Profesorado que imparte	Coordinador	Temporaliz.
Todas	5º A/B 6º A/B/C	101	11	José M. Reboredo	1º/2º/3º Trimestre
ACCIÓN POSTAS EN MARCHA					
1.- Revisión e actualización dos equipos (Servizo Premium e UAC).				Xullo	
2.- Rexistro do novo equipamento recibido				Todo o curso	
2.- Sinatura de compromiso de responsabilidade polas familias e profesorado.				Setembro	
3.- Asignación e distribución dos equipos aos alumnos e mestres.				Setembro	
4.- Resolver as incidencias que se vaian producindo ou comunicalas a Amtega				Todo o curso	
5.- Asesoramento aos mestres que o precisen.				Todo o curso	
6.- Recollida dos equipos ao finalizar o curso				Xuño	
7.- Planificar sesións de formación para o profesorado				1º Trimestre	

AVALIACIÓN

Procedemento de avaliación interna do desenvolvemento do proxecto Abalar/E-Dixgal:

Emprego das Tic como elemento motivador e canle para a adquisición de contidos e competencias clave.					
OBXECTIVOS	1	2	3	4	5
1. Seleccionar e empregar na aula ferramentas dixitais para mellorar o proceso de aprendizaxe.					
2. Motivar ao alumno potenciando a súa creatividade.					
3. Fomentar a curiosidade do alumnado para que de xeito autónomo aprende a sacar partido de internet como fonte de información e recursos.					
Aprendizaxe do uso correcto das novas tecnoloxías					
1. Ensinar ao alumno a avaliar e seleccionar fontes de información.					
2. Coñecer os distintos motores de busca de información e bases de datos e saer elixir entre eles.					
3. Empregar os medios dixitais para comunicarse, compartir e publicar contidos.					
4. Explicar ao alumnado as normativas sobre os dereitos de autor e as licenzas de uso.					
Mellorar a implicación e a opinión das familias.					
1. Reducir o impacto dos custes da compra de material escolar.					
2. Minimizar o peso das mochilas dos alumnos.					
Normalizar o uso das novas tecnoloxías de comunicación nas familias e co centro.					
1. Impulsar o uso da aplicación Abalar como medio de comunicación coas familias.					
2. Impulsar o uso da páxina web do centro.					

24. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

Comer ben, facer deporte, beber auga ou ver menos televisión son algúns costumes que os nenos deben aprender desde pequenos para levar unha vida sa. Non hai que esperar a que aparezan problemas de saúde ou sobrepeso para establecer uns bos hábitos de vida.

A prevención é, sen dúbida, a mellor aposta de futuro. O xogo e o deporte son, xunto a unha alimentación equilibrada, os alicerces dunha vida saudable.

A concreción anual do plan de fomento de hábitos de estilo de vida saudable é a que se indica a continuación:

Obxectivos	Actividade	Temporaliz.	Curso implicado	Responsable
Promover a práctica deportiva.	Sensibilizar e informar sobre os beneficios da actividade física. Charlas-coloquio con DEPORTISTAS PROFESIONAIS E MÉDICOS para fomentar os hábitos dunha alimentación saudable e os beneficios da actividade deportiva.	Todo o curso	EP 5º e 6º EP	Prof. EF
Disminuir o sedentarismo.	Programa de recreos activos	Todo o curso	EP	Prof. EF
	Programa Xogade	Todo o curso	EP (4º a 6º)	Prof. EF
Promocionar a alimentación saudable.	Calendario de merendas saudables	Todo o curso	Inf./Prim.	Titoras
	PDI: "UN CURSO DE CAMPIONATO" Programa Distribución de Froita e Lácteos	Todo o curso	Inf./Prim.	Titoras
Promover hábitos de vida saudables desde a infancia.	Sensibilizar ás familias, alumnos e profesores das vantaxes da lactancia materna como opción máis saudable polo efecto na prevención da obesidade infantil.	Todo o curso	EI/EP	Titores
Previr o maltrato e a violencia infantil-xuvenil.	Sensibilizar e previr no ámbito educativo sobre as causas e os efectos da violencia na infancia e nos xoves.	Todo o curso	EI/EP	Titores Orientación
Previr trastornos da conduta alimentaria.	Transmitir sempre mensaxes positivas sobre a alimentación saudable e os patróns de beleza física, incluíndo sinerxias e alianzas para a prevención destes trastornos.	Todo o curso	EI/EP (1º)	Titores
	Participación no Programa "CORALS": Prevención do sobrepeso e obesidade en nenos e adolescentes".	1º Trimestre		Grupo de Investigación "Nutrición Pediátrica" do IDIS

25. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

Tal como se recolle no Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia en documento adxunto ao de matriculación fíxoselle aos pais a pregunta de cal era a lingua materna d@s seus/súas fill@s.

O resultado foi o seguinte:

GRUPO	ALUMNADO	CASTELÁN	GALEGO	INDISTINTAMENTE	NS/NC
A	24	6	11	7	-
B	25	3	15	3	4

CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

En sesión ordinaria do clasutro de profesores celebrado o día 4 de setembro aprobouse a constitución do equipo cos membros que a continuación se relacionan:

- Dna. Rosa María Luna Sanmartín.
- Dna. Carmen Sánchez Rey (Coordinadora).
- Dna. María Isabel Novás Ferrín.
- Dna. Sonia Barcala Sanmarco.
- Dévorah Mosquera Mejuto.
- Dna. María Troitiño Cachafeiro.
- Dna. Dolores Ríos Valiñas.
- Dna. María Celestina Tato Campos.
- D. José Manuel Reboredo Baños.
- Dna. María José Somoza Maceira.

CALENDARIO DE REUNIÓN: Terceiro martes de cada mes, de 18:00 h. a 19:00 h.

ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Chegado o inicio do curso 2023-24, o EDLG do Ceip de Figueiroa planifica na primeira reunión celebrada o 7 de setembro de 2023 unha serie de actividades que poderán ir modificándose se se considera necesario. O obxectivo final é o de promover o uso da lingua galega na contorna educativa do centro, tendo en conta que se observa nos últimos anos que o seu uso presenta un resultado tendente á baixa, como se desprende dos datos obtidos polas familias do alumnado de nova incorporación.

Preséntase polo tanto, unha planificación xeral, tendo en conta que o número de actividades vai ser maior do que aquí se expón, agardando máis colaboración con outras entidades a medida que vaia transcorrendo o período escolar.

O PDI que imos desenvolver este ano denomínase Un curso de campionato e trata sobre os xogos olímpicos. É o eixe vertebrador das actividades que se van levar a cabo de busca de información e ampliación de coñecementos sobre as olímpiadas. Dende o EDLG queremos adaptar este mesmo PDI ao cometido que nos corresponde: dinamizar e dignificar a lingua galega como medio válido de comunicación en calquera ámbito da vida persoal e escolar. Para iso, o nome do noso proxecto é Unha lingua de campionato, sendo os protagonistas, ademais do alumnado e contorna educativa, os heroes e heroínas que conseguiron que avanzara ata os nosos días dignificándoa coa súa labor cultural, sexa oral ou escrita. Pero consideramos que, se ben fixo un percorrido longo e difícil ao longo da historia, aínda queda moito camiño por andar ata chegar á meta: considerala unha lingua de prestixio social e un elemento comunicativo de primeira orde que parte das nosas raíces.

A mascota que guiará todo este proceso será Lingüereta. Barallamos a posibilidade de convertila en unha figura de tea para facela máis atractiva ao alumnado.

Unha vez realizada unha sondaxe para coñecer o estado lingüístico do alumnado, propoñemos as seguintes actividades:

- Participación nos parladoiros aos que nos convide o Concello da Estrada cando se trate de figuras relevantes no ámbito cultural galego.
- Colaborar con outras entidades educativas ou non na conmemoración de datas especiais, como poden ser o Samaín, o Nadal, a Paz,..
- Participar no Certame de Teatro Olimpio Arca.
- Participar na celebración do Día da Poesía, no Teatro Principal.
- Representar algunha obra de teatro sinxela noutros colexios ou entidades e viceversa.
- Asistir ao visionado dalgunha película en galego no cine da Estrada.
- Participar no Concurso de Relatos e Poemas que organiza Dinamizaestrada, que abrangue a esollas de palabras, a elaboración dos textos e posterior concurso, as ilustracións, a edición do libro e a celebración da Festa das Palabras propiamente dita.
- Colaboración nas actividades do Entroido.
- Celebrar o Día de Rosalía ilustrando un poema da autora.
- Realizar, alomenos, unha actividade de vídeoconexión con un instituto ou colexio de Primaria da zona.

- Publicación de diversos contos elaborados por nenos de 4º de EP.
- Realización dalgunha exposición relacionada coa cultura galega (cadros, carteis,..).
- Realizar un roteiro poético co escritor estradense Xosé Luna.
- Participar na elaboración dun noticieiro coas novas do noso colexio.
- Participar no concurso de banda deseñada do Correlingua.
- Participar no concurso de vídeo do Correlingua.
- Participar na carreira do Correlingua.
- Investigar sobre a vida da autora homenaxeada para o ano 2024 nas Letras Galegas (Luisa Villalta) e realización de actividades en torno á súa figura.
- Promover as actuacións musicais en galego.
- Actualizar e facer máis atractivo o proxecto que realiza o ENDL con motivo das axudas ofertadas por Política Lingüística a fin de obter máis puntuación.
- Colaborar nas diferentes actividades que se van propoñendo dende outros equipos do colexio: biblioteca, radio escolar, extraescolares,... e tamen na revista que se edita e publica a final de curso.

VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS O CURSO PASADO

O EDLG considera que o proxecto presentado para o curso 2022-23 foi variado e intentou dar resposta á necesidade de dinamizar a lingua galega nun contexto que vai empregando en maior medida a linguacastelá. Algunhas das actividades non se puideron realizar, como a videoconferenciaco IES Losada Diéguez por falta de tempo destes últimos nin a actuación do grupo de teatro do mesmo instituto. En todo caso, intentouse cumprirco programa exposto a principio do curso, sabendo que algunhaactividade, como a proxección de películas en galego non obtivo o resultado esperado.

PROPOSTAS DE MELLORA

A pesares que non se puideron levar a cabo tódalas actividades propostas, tamén se fixeronoutras que foron aparecendo de maneira espontánea e que enriqueceron a planificación prevista inicialmente. Para este curso seguiremos na liña destes últimos anos pero procurarase, na medida do posible, ampliar a cantidade e a calidade de tódalas accións que conduzan a favorecer e promover o uso da lingua galega na nosa contorna. Voltandoao tema das olimpíadas, así enfocaremos o noso traballo: comounha meta a que queremos chegar sabendo que imos ter que ir salvando obstáculos en forma de prexuízos. Intentaremos ir erradicándoos coas actuacións propostas, e todo iso para chegar á idea que dá título ao proxecto: que o galego sexa UNHA LINGUA DE CAMPIONATO!

MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓ N DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓ N SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓ N

Para este curso escolar 2023/24, no centro funcionan 4 seccións bilingües tal como se recolle no punto 29.2 deste Plan Anual de Centro. A materia non lingüística é E. Plástica.

26. PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓ N. CONCRECIÓ N ANUAL

26.1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓ N

INTRODUCIÓ N

Segundo o **Decreto 120/1998, do 23 de abril**, a orientación enténdese como un “proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do neno e acaba ao finalizar as ensinanzas non universitarias. Abarca a toda a poboación escolar calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino – aprendizaxe, e á toma de decisións respecto á modalidade académica e profesional”.

Segundo a Bisquerra, enténdese a orientación como “o proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a todas as persoas, en todos os seus aspectos, poñendo unha énfase especial na prevención e desenvolvemento coa implicación de diferentes axentes educativos”. Nesta liña, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre toda a comunidade educativa (docentes, alumnado e familia), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfronta a escola, impulsando as relacións entre os seus elementos e o contorno e contribuíndo á mellora da acción educativa.

A continuación desenvolvemos o plan de orientación no que faremos unha pequena contextualización, especificaremos a composición do Departamento de Orientación (DO), obxectivos, accións prioritarias, estratexias de intervención (onde se inclúen o Plan de Acción Titorial e o Plan Xeral de Atención á Diversidade) e os criterios de avaliación. Indicar que este proxecto de orientación continúa a labor iniciada nos cursos precedentes.

1. CONTEXTUALIZACIÓ N

O CEIP de Figueiroa sitúase na localidade e Concello da Estrada e a él accede alumnado de diferentes parroquias situadas no entorno de influencia do centro. O nivel sociocultural das familias é medio, adicándose a maioría ao sector servizos. A lingua materna maioritaria é o galego, aínda que nos últimos cursos estamos a percibir un incremento de alumnado cuxa lingua de uso é o castelán. En canto ao centro educativo, salientamos a tendencia

de incremento de novo alumnado, sendo en termos xerais de liña 2 a excepción dos desdobres existentes ao longo da etapa nos cursos de 1º e 6º de primaria. O número de alumnado total do centro é de 422, dos cales 131 son de EI e 298 de EP. Destacamos que no presente curso 2023/24, a matrícula para o 4º curso de EI continua a recuperar a tendencia de anos anteriores, a excepción do 21/22, o cal foi inferior debido a un descenso da natalidade no Concello de A Estrada. Tamén observamos que continua a tendencia de recibir alumnado procedente doutros CEIP da contorna, especialmente de alumnado NEAE, e de alumnado o cal non conta co CEIP de Figueiroa coma centro de referencia.

Tendo en conta as características do noso alumnado, a continuación expoñemos unha relación das necesidades previstas para dar comezo ao presente curso académico, tendo presente ao alumnado por engadir a previsión, pendente de avaliación psicopedagóxica:

ETAPA	ALUMNADO NEAE
EI	Retraso da Linguaxe
	TEL
	Trastorno Xeral do Neurodesenvolvemento (TXD)
	Dificultades de linguaxe
	Hipoacusia
E.P	TEA
	Discapacidade Intelectual
	Dificultades de Aprendizaxe
	Dificultades na linguaxe e/ou na articulación
	TEL
	Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH)
	Trastorno do Desenvolvemento da Coordinación (TDC).
	Dificultades de aprendizaxe referidas ao afianzamento do proceso lectoescritor e/ou áreas instrumentais
	Trastorno de aprendizaxe da lectoescritura.
	Dificultades atencionais que repercuten no desenvolvemento das áreas instrumentais.
	Altas Capacidades
	Dificultades de Aprendizaxe nas áreas instrumentais.

E.P	Trastorno da Comunicación Social.
	Discalculia.
	Trastorno Específico da Linguaxe
	Dificultades de Aprendizaxe nas áreas instrumentais que conlevan a existencia dun desfase curricular significativo.

Destacamos con respecto a PAC (Persoa Auxiliar Coidadora), que neste novo curso esta profesional conta coa asignación de 5 alumnos, estando en previsión un mais pertencente a etapa de EI. Con esta nova incorporación habería unha asignación total de 6 alumnos, sendo o máximo establecido de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021, pola cal se desenvolve o Decreto 229/2011 de Atención á Diversidade en Galicia. Pese a necesidade de contar a tempo completo con esta profesional debido a alta demanda exposta, no presente mes de setembro o seu horario víuse reducido, xa que é compartida unha 1h os luns e mércores co IES Nº1.

O I.E.S adscrito ao noso centro é o Antón Losada Diéguez, co cal se establece unha coordinación ao longo de todo o curso tendo lugar a 1ª reunión inicial entre Departamentos no mes de outubro así coma a participación do centro nas sesións de avaliación inicial dos cursos de 1º ESO. Posteriormente, fixaráanse e asistiráse todas a aquelas reunión que sexan convocadas para tal fin. Salientamos que a praza de orientación no IES é ocupada por unha persoa con carácter definitivo, polo que esta situación favorecerá unha continuidade e seguimento do alumnado durante a transición a etapa de Secundaria.

on respecto ao alumnado que decida matricularse noutro IES diferente ao adscrito, será obxecto de coordinación e traslado de información ás Xefaturas de Orientación correspondentes, para trasladar o informe de final de etapa. Con motivo de garantir dita coordinación no caso do alumnado que da comezo á etapa de Secundaria, coma no caso de alumnado que realiza cambio de centro, celebraránse reunións puntuais ao longo de curso entre os distintos D.O dos centros educativos da zona: CEIP Pérez Viondi, CEIP do Foxo, CEIP de Oca, IES Nº1, IES García Barros.

2. REFERENCIAS LEXISLATIVAS

Entre a normativa a ter en consideración para a elaboración do Plan de Orientación, e que serve de guía do mesmo, teremos presentes as máis recentes modificacións existentes a nivel legislativo.

- **Ley Orgánica 3/2020** do 29 de decembro pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- **LOE, Lei Orgánica 2/2006** de 3 de maio de Educación.
- **Decreto 120/1998** polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Decreto 374/1996**, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- **Orde 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde 24 de xullo de 1998** pola que se establece a Organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional en Galicia.
- **Orde do 22 de xullo de 1997** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar a actuación e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

Protocolos educativos

- Protocolo de Tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA).
- Protocolo de consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario..
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con Altas Capacidades Intelectuais
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con Discapacidade Auditiva.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.
- Protocolo educativo para o control do Absentismo Escolar en Galicia
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.

3. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Constituído conforme ao establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia (art. 4º), e tendo en conta nova lei educativa pola cal se recupera a estrutura dos ciclos en Educación Primaria, a composición do Departamento de Orientación está constituída pola xefa do departamento, as mestras especialistas de PT, a mestra especialista en Audición e Linguaxe e polos coordinadores de ciclo (EI, 1º, 2º e 3º). O seu obxectivo fundamental radica na consecución da plena autorrealización de todo o alumnado, coincidindo por tanto cun dos obxectivos xerais da educación, nos aspectos sobre todo de autonomía, liberdade e responsabilidade. Os compoñentes do Departamento de Orientación para o actual curso académico son os seguintes:

- Coordinadora de Educación Infantil: Nerea Mª Docampo Durán
- Representante (1º e 2º de E.P.): Jorge Barros Vinseiro
- Representante (3º e 4º de E.P.): Mª Isavel Calvelo Rivas
- Representante (5º e 6º de E.P.): Mª Celestina Tato Campos
- Mestre especialista de PT.: Mª Rocío Piso Neira
- Mestre especialista de PT afín AL: Marta Durán Liñares
- Mestre especialista de AL.: Rosa Mª Aller Camiño
- Mestre especialista de PT.: Vanesa Pulleiro Potel
- Xefa do DO.: Dévorah Mosquera Mejuto

A nivel de recursos humanos existen cambios significativos na composición do D.O. Expoñeos a continuación:

- **A praza provisional da mestra de PT afín AL pasa a ser a tempo completo.** Continúa a estar ocupada pola mesma profesional que nos 2 anteriores cursos, garantindo a continuidade de atención ao alumnado.
- Créase unha **praza provisional de PT itinerante** co CEIP de Oca, sendo este o seu centro base e tendo 2 días lectivos no noso centro (xoves e venres).
- De acordo coa **participación do centro no programa enmarcado dentro do Plan Recupera**, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, o programa PROA+ por 3º curso consecutivo foi concedido en réxime de media xornada no noso centro, puidendo contar coa resolución favorable para sumar 1 nova especialista de Pedagogía Terapéutica, dirixida a atención das necesidades no 2º e 3º ciclo. Este feito implicaría a incorporación dun novo membro á composición do D.O dende o seu nomeamento ata xuño do presente curso 23/24.
- Solicitase a participación no **programa ACOMPaña**, tendo a posibilidade de dotación dunha mestra de AL. Dito programa foi concedido no pasado curso 22/23, e ata o momento compre estar pendentes da resolución do mesmo.

Independentemente do número variable de integrantes do D.O, todos eles deberán desenvolver as súas

funcións naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional en base as competencias descritas no artigo 6º do decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. As función dos distintos integrantes do D.O. aparecen definidas no mesmo decreto, no (art. 7º) en a orden que o desenvolve, orden do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia (Artigos 10º, 11º).

4. COORDINACIÓN INTERNA DO D.O

O D.O. reuniráse o 4º martes de cada mes, reunión ordinaria da cal se sacará acta de celebración da mesma. Así mesmo, cunha periodicidade semanal estableceráse unha reunión de coordinación coas mestras especialistas de PT e AL, co obxectivo de favorecer a coordinación para o bo funcionamento da atención á diversidade: selección de materiais, análise da súa adecuación, información do funcionamento dos apoios, etc. Estas reunións Terán lugar fóra de horario lectivo, dentro do horario de permanenza do centro, martes de 18:00 a 19:00h.

Seguindo o **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, concretamente a sección 2ª e os artigos 8º e 9º, onde se tratan as **Medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias**, podemos observar a definición de cada tipo de medida e a tipoloxía. Así, observamos que entre as ordinarias, aclárase que estaría o reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (apartado g), entre outras, e entre as extraordinarias, o apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe (apartado c).

No referente á toma de medidas extraordinarias de apoio educativo, a asignación do alumnado a cada unha das especialistas, responde coma criterio principal ao de **garantir a permanenza e continuidade dos apoios no alumnado de NEE que serán obxecto de intervención permanente ao longo de toda a etapa**, sendo asignados a PT₁, definitiva no centro e no presente curso a AL de carácter tamén definitivo.

5. OBXECTIVOS XERAIS

- Procurar o desenvolvemento normalizado e integral dos alumnos con NEAE nos niveis psicolóxico, afectivo e instrutivo proporcionándolles un tratamento compensador que lles axude a superar as súas necesidades.
- Fomentar a coordinación e colaboración entre os integrantes da comunidade educativa: profesorado, pais/nais e alumnado.
- Fomentar a tolerancia, respecto, igualdade de oportunidades... cara as persoas diferentes.
- Asesorar aos titores sobre distintas metodoloxías e recursos que favorecen a

INTEGRACIÓN/INCLUSIÓN no centro das persoas con NEAE.

- Identificar as necesidades do centro relacionadas coas NEAE: en alumnos, recursos humanos e recursos materiais.
- Facilitar a integración e participación na actividade do centro do alumnado co NEAE.
- Asesorar e colaborar nos procesos de planificación educativa, elaboración de ACS, elaboración e adaptación do material didáctico.
- Potenciar a implantación de programas e actuacións que favorezan as relacións sociais e o clima de convivencia no centro educativo, implicando ás familias no seu desenvolvemento.

7. PLANIFICACIÓN XERAL

O Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo de 1998, que o desenvolve, xunto coas correspondentes circulares, regulan e dan coherencia á organización e funcións dos servizos de orientación na nosa comunidade.

De acordo co disposto no artigo 12º da Orde do 24 de xullo de 1998 e ao abeiro da disposición derradeira primeira da citada Orde, co propósito de garantir a unificación dos criterios que regulan o desenvolvemento das actuacións dos servizos de orientación nas ensinanzas escolares da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral dita, a través da **Circular 10/2010** (sección cuarta) unhas **liñas prioritarias de actuación** ou formas de proceder que aparecen reflectidas nas seguintes actividades.

Preséntanse, así, as actividades e a temporalización en relación cos obxectivos específicos:

7.1. No referente ao centro (táboa I)

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Organizar o funcionamento	- Colaboración e asesoramento no desenvolvemento, na revisión e na elaboración dos documentos do centro, cando sexa solicitado.	Todo o curso
	- Organización do espazo do Dpto. de Orientación.	Todo o curso

do Departamento de Orientación.	- Asistencia, da Xefa do Departamento, ás reunións convocadas polo xefe do Dpto. do IES ao que estamos adscritos e rede de Orientación da Estrada.	Todo curso
	- Elaboración e redacción do Plan Anual de Orientación e do Plan de Atención á Diversidade.	Todo curso
	- Elaboración da memoria de final de curso.	Final de curso
	- Actualización do documento de relación de alumnado NEAE –pautas metodolóxicas e medidas a aplicar	Final de curso
Valorar as necesidades de recursos específicos de Orientación.	- Selección e compra de material, se se considera imprescindible, principalmente para as especialistas en PT e AL e para a valoración psicopedagóxica do alumnado.	Todo o curso
	- Selección e/ou asesoramento xunto coas mestras de PT/AL na busca de material específico para alumnado con A.C	Todo o curso
Asesorar e ofrecer recursos para por en práctica medidas organizativas e curriculares	- Seguimento dos pasos no proceso de toma de decisións co alumnado con NEAE.	Todo curso
	-Colaboración coa Xefa de Estudos en canto á organización dos apoios do alumnado con NEAE.	Todo curso
	Asesoramento na elaboración dasAC, axeitando as mesmas aos novos criterios e marcos legislativos.	1º Trimestre
Participar na recollida e actualización de datos sobre as medidas de atención á diversidade postas en	- Antes do inicio do curso, dar a coñecer e informar a cada titor de xeito individualizado, sobre o alumnado NEAE existente na súa aula, así coma características, pautas e medidas adoptadas.	Todo o curso

marcha no centro.	- Colaboración cos titores e co profesorado de apoio na revisión dos expedientes académicos e valorar as medidas postas en marcha o curso anterior.	Todo o curso
Coordinar con servizos externos que contribúan a mellorar a labor orientadora.	- Establecemento de contactos con distintos profesionais externos ao centro, que inciden na atención ao alumnado con NEAE (E.O.E., servizos sociais do Concello, centros específicos, asociacións, ANPA, outros DO dazona,...)	Todo o curso

7. 2. No referente ao profesorado (táboa II).

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPOR.
Identificar as dificultades do alumnado con NEAE concretando pautas de intervención en colaboración, de ser preciso, cos equipos de orientación específicos (E.O.E.).	- Colaborar co profesorado e cos equipos docentes na pronta detección de posibles necesidades para establecer unha resposta educativa axeitada.	Todo o curso
	- Avaliación psicopedagóxica e intervención se o precisa ao alumnado con NEAE, sempre que sexa posible.	Todo o curso
	- Coordinación de titores e profesores de apoio na atención do alumnado con NEAE.	Todo o curso
	- Deseño, xunto co E.O.E. e de ser o caso, de accións en relación ás necesidades específicas de apoio educativo, solicitando para tal fin a correspondente demanda de intervención.	Todo o curso
Valorar e asesorar na atención á diversidade.	- Asesoramento aos titores e mestres especialistas na realización e seguimento das medidas ordinarias e extraordinarias.	Todo o curso

Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.	- Asesoramento e colaboración en programas para o alumnado, profesorado e/ou familias, facendo especial fincapé na prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.	Todo o curso
Asesorar ao equipo docente en cuestións relacionadas coa atención educativa.	Asesoramento na elaboración de ACS, promoción do alumnado, avaliación de diagnóstico, adaptación de probas.Etc.	Todo o curso

7.3. No referente ao alumnado (táboa III).

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPOR.
Asegurar a orientación educativa a todas as alumnas e alumnos desde o punto de vista persoal, escolar e profesional.	- Asesoramento e observación directa e individual ou colectiva, cando sexa preciso.	Todo o curso
	- Transición da etapa de primaria á de secundaria (información, visita o IES,...)	3º T
	- No alumnado que inicie o 4º curso de EI, e que solicite praza NEAE, será obxecto de avaliación e observación no caso de asistir a Escola Infantil Municipal.	2º T
Facer seguimento do rendemento académico do alumnado.	- Detección de dificultades na aprendizaxe, en colaboración cos docentes.	Todo o curso
Realizar un screening a través da aplicación da proba BADyG	- Detección de posibles dificultades de aprendizaxe a través do estudo directo de probas estandarizadas.	3º T
	- Obtención de información relevante para a distribución e priorización de apoios e reforzos de cara o curso 2023/24	3º T

Implementar o P.E.L.O	- Proporcionar materiais para o seu desenvolvemento na aula ordinaria, no presente curso priorizando a aula de 3 anos, dadas as dificultades detectadas en relación á linguaxe.	Todo o curso
Mellorar as relacións de grupo-clase	- Posta en práctica dun programa de habilidades sociais para mellorar a cohesión grupal	Todo o curso
Favorecer dinámicas de patios inclusivos a través de xogos guiados	- Establecemento dun día semanal no cal o alumnado teña a oportunidade de xogar en dinámicas favorecidas polo adulto, chegando a ser o propio alumnado monitor de boas prácticas no momento do recreo	Todo o curso

7.4 No referente ás familias (táboa IV).

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	TEMPOR.
Cooperar nas relacións Tutores/Familias, cando demanden ou sexa preciso.	- Entrevistas. - Postas en común e intercambio de opinións na toma de decisións.	Todo o curso
Orientar ás familias na educación dos seus fillos/as cando o soliciten.	Pautas referidas a hábitos de estudo, hixiene, autoestima, convivencia... cando as familias o demanden ou se observe a necesidade dende o colexio.	Todo o curso
Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.	Información aos pais sobre resultados obtidos nas avaliacións psicopedagóxicas e medidas a levar a cabo.	Todo o curso
Promover a cooperación entre as familias e o centro para unha maior eficacia e coherencia na educación das alumnas e alumnos.	Solicitar a participación das familias nas tarefas escolares cando sexa preciso.	Todo o curso

En colaboración cos Equipos de: Biblioteca, Dinamización Lingüística, Tics, Convivencia e Actividades Complementarias e Extraescolares propoñemos destacar **para a reflexión e traballo de contidos transversais** as datas de conmemoracións que marca o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (art.8º). Todo isto, sen esquecer as actuacións relacionadas coa convivencia a coa educación en valores, as referidas á formación permanente, á investigación, experimentación e á innovación, e facilitando, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática **Drdorienta** e **Drdadi**.

8. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

8.1 ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS

Para a organización dos apoios teránse enconta os seguintes criterios xerais:

- As sesións de apoio do alumnado, terán coma criterio prioritario a ubicación das mesmas nas horas nas que se traballen as áreas instrumentais.
- Formación de grupos de alumnado con necesidades específicas similares e, de poder ser, do mesmo curso ou que as capacidades intelectuais e o tipo de traballo a realizar con eles/as sexansimilares.
- Seleccionar mobiliario e recursos didácticos de acordo cos criterios de multipotencialidade, que permita a súa utilización polo maior número de vías sensitivas posibles.
- Establecer un sistema básico de coordinación entre os distintos profesionais que participen na atención aos alumnos/as con N.E.A.E.
- Fixar criterios de planificación conxunta por parte do titor, profesores e especialistas respecto aos alumnos que presenten unha determinada N.E.A.E. e coordinación habitual coa orientadora docentro.
- Coordinación entre o equipo directivo e o Departamento de Orientación para a posta en práctica do horario de P.T/A.L. e para a elaboración do horario dos mestres con dispoñibilidade horaria, que van a traballar co alumnado con NEAE.

8.2 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento deste Plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de todos os implicados no mesmo.

Así mesmo, cando sexa necesario, os integrantes do D.O., en función das súas posibilidades, realizarán unha labor de asesoramento en estratexias, métodos, técnicas e materiais concretos, naquelas situacións nas que se detecten dificultades relacionadas co proceso de ensino-

aprendizaxe e de adaptación do alumno. O desenvolvemento das actividades deberá estar baseado nunhas estratexias metodolóxicas:

- Priorizar estratexias que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión por parte dos alumnos/as, así como as aprendizaxes funcionais para a vida.
 - Presentar os contidos mediante diversas linguaxes, de maneira que permitan chegar con facilidade aos alumnos/as que presentan N.E.A.E., utilizando estímulos táctiles, (formas diversas, letras de madeira, números, plastilina,...), visuais e auditivos (cores diversas e atractivas, distintos sons, uso de aparellos tecnolóxicos,...) de forma combinada para favorecer a atención e a motivación no ensino das técnicas instrumentais básicas
 - Utilizar estratexias con forte motivación intrínseca, xunto con abundantes reforzos variados.
 - Dar prioridade ás estratexias docentes que centren a atención da actividade escolar no grupo.
 - Manter unha actitude positiva que non signifique sobreprotección para os alumnos/as con N.E.A.E.
 - Propoñer tarefas de carácter cooperativo nas que teñan que intervir alumnos/as con N.E.A.E. xunto cos alumnos/as que non presentan dificultades de aprendizaxe.
- Asignación de diferentes tempos para a realización das tarefas.
- Secuenciación das aprendizaxes propostas.
- Instrucións claras e precisas.
- Propoñer actividades graduadas en complexidade.

Estas estratexias estarán fundamentadas nun traballo cooperativo entre os distintos integrantes da comunidade educativa.

Atendendo a situación actual causada pola crise sanitaria do COVID-19, estará restrinxida a organización de apoios con alumnado de distintos grupos/niveis, así coma o uso de materiais manipulativos que deberán ser desinfectados entre cada uso, atendendo ás recomendacións sanitarias establecidas no Protocolo

8.3 PLANS RELACIONADOS.

Conforme ás liñas establecidas no plan de orientación realízase o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial.

8.3.1 O Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Atender á diversidade implica a acomodación da escola ás necesidades de cada alumna e alumno, o que esixe facer os axustes e adaptación precisas en todos os elementos do proceso educativo.

Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado,

como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aula e do servizo educativo considerado globalmente.

A nosa escola asume, pois, o tratamento da diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios, que dada a complexidade e pluralidade de aspectos que deben considerarse, entendemos deben articularse mediante o Plan Xeral de Atención á Diversidade. (Anexo I).

8.3.2 O Plan de Acción Titorial.

A Labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción titorial permanente, e esta acción encomendada maioritariamente ao profesorado titor, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado. Debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción titorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente das titoras e titores. Estrutturamos estas actuación arredor do Plan de Acción Titorial.

9. CRITERIOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación enténdese coma un proceso de recollida de información e análise, para emitir xuízos que permiten tomar decisións, isto é, un proceso de reflexión, comprensión emellora.

Os procesos que guiarán o proceso de avaliación da actividade desenvolta polo Departamento de Orientación, así como dos plans integrados neste plan de actividades serán:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- A atención das demandas recibidas
- Os instrumentos de avaliación a utilizar serán: Análise das actas de reunión do D.O.
- Intervencións realizadas
- Os datos obtidos da avaliación serán os que nos sirvan de punto de partida para a elaboración do plan do curso seguinte.

26.2. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. INTRODUCCIÓN

A atención á diversidade é entendida coma o conxunto de medidas e acción que teñen como finalidade axeitar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións,

intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. (Art. 3 do Decreto 229/20011, do 7 de decembro). Debemos destacar o significativo cambio legislativo en materia de atención á diversidade, referenciando a Orde do 8 de setembro de 2021 pola cal se desenvolve o Decreto 229/2011 e pola cal tivo lugar a derogación da normativa que regulaba este ámbito nos últimos 30 anos.

2. PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN

Seguindo o Decreto 229/20011, do 7 de decembro, os principios de actuación relacionados coa atención á diversidade resúmense en:

1. A atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade.
2. Abarca á totalidade do alumnado, quen contará coas medidas e recursos educativos que respondan as súas necesidades características.
3. As decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos contemplarán a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario, coa implicación da comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación cos diferentes profesionais.
7. As nais, pais, tutores/as legais do alumnado recibirán información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como as medidas a adoptar para a súa atención.
8. A formación, innovación e difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións a promover para a mellora continuada da calidade educativa.

3. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Os **obxectivos** que se perseguen son:

1. Colaborar co profesorado titor, cando se solicite, na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización no centro, e realiza-las avaliacións psicopedagóxicas que como consecuencia se consideren pertinentes.
2. Colaborar na prevención e detección de problemas e dificultades educativas que

presenten oalumnado.

3. Asesorar e apoiar ó profesorado no campo da diversidade, tendo en conta que cada persoa é única.

4. Atender directamente ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que se determine.

5. Facilitar ao profesorado técnicas e instrumentos relativos a hábitos de traballo, técnicas de estudo e programas psicopedagóxicos específicos.

As **actividades** que o departamento se propón realizar neste ámbito son, entre outras:

- a) Asesoramento e ofrecemento de recursos á comunidade educativa, que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precisa oalumnado.
- b) Colaboración coas titoras/es e demais docentes na adopción de medidas curriculares (actividades de recuperación, reforzo educativo, adaptacións curriculares).
- c) Avaliación psicopedagóxica individual de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- d) Participar na elaboración das adaptacións curriculares para os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo que as requiran.
- e) Atención docente directa do PT e/ou AL ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, priorizando o maior grao de dificultade ou a atención específica.
- f) Seguimento de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- g) Asesoramento aos titores e ao profesorado en xeral, sempre que o soliciten, na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade.
- h) Asesoramento individual aos proxenitores do alumnado, en todo aquilo que esté nas nosas mans e que afecte á educación dos seus fillos.

4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (art. 7 Decreto 229/20011, do 7 de decembro).

Tendo en conta as características do noso centro sinalamos as seguintes medidas que se poden adoptar dende o mesmo.

4.1 Ordinarias.

Aquelas nas que non se fan modificacións no currículo prescriptivo

Medida	Profesionais implicados
1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	Dirección: Distribución das aulas e espazos tendo en conta o alumnado non NEAE. Mestres/as. Organizar a aula en función das necesidades do alumnado, principalmente, o que presenta NEAE.
2. Adecuación das programacións didácticas ao entorno e ao alumnado.	Mestres/as.
3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	Mestres/as. Colaboración do Departamento de Orientación.
4. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.	Mestres/as.
5. Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.	Toda a comunidade educativa.
6. Reforzo educativo (art. 4º da Orde do 6 de outubro de 1995) e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.	Mestres/as. Mestres/as con dispoñibilidade horaria. Colaborarán co titor/anas áreas instrumentais.
7. Programas de enriquecemento curricular.	Mestras/es. Colaboración do Departamento de Orientación.
8. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.	Mestres/as, PT, AL, mestres/as con dispoñibilidade horaria. Deben colaborar para establecer os obxectivos a alcanzar. Orientadora. Asesoramento.
9. Programas de recuperación.	Mestres/as, PT e AL, segundo necesidades.

10. Programas específicos personalizados.	Mestres/as, PT, AL. A persoa que realice un programa personalizado deberá redactalo.
11. Programas de habilidades sociais.	Mestres/as. Orientadora.
12. Desdoblamento de grupos.	Mestres/as con dispoñibilidade horaria.

4.2 **Medidas extraordinarias.** Aquelas poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse esgotadas as de carácter ordinario e por resultar estas insuficientes. Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, e, no seus caso, informe xustificativo do Servizo de Orientación.

Medida	Profesionais implicados
1. Adaptacións curriculares (art. 55 da Orde do 8 de setembro de 2021).	Titor/a e mestres das áreas nas que se vai realizar a AC. Elaboran a AC. Mestras de PT e AL. Colaboración co titor/a na elaboración da AC. Orientadora. Creación de informe psicopedagóxico e asesoramento. Xefa de estudos. Convoca a reunión.
2. Flexibilización da duración do período de escolarización.	Titor/a. Decidirá sobre a flexibilización. Orientadora e demais mestres que imparten docencia emitirán a súa opinión.
3. Agrupamentos flexibles	Mestres con dispoñibilidade horaria. Mestras especialistas PT e/ou AL
4. Apoio do especialista de PT e/ou AL	Especialista de PT e/ou AL

5. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CO ALUMNADO NEAE

1. Detección das necesidades educativas.
2. Comunicarlllo ao titor/a no caso de que informante sexa un especialista ou a familia
3. Elaboración dun informe de derivación por parte do titor/a ao Departamento de Orientación. (No D.O. atópase copia do informe que debe cubrir).
4. Recepción do informe no Departamento e entrega á familia da autorización da avaliación psicopedagóxica a través do titor/a. (No D.O. está a copia deste documento).
5. Realización do Informe Psicopedagóxico a través da entrevista coa familia, achegas do profesorado de apoio, das áreas instrumentais e específicas, así como aquelas probas psicopedagóxicas que poidan ser precisas para a observación directa ou indirecta do alumnado (Orden do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización).
6. Comunicación do Departamento de Orientación ao profesorado e á familia dos resultados da avaliación psicopedagóxica.
7. Decisión das medidas de atención á diversidade a adoptar co alumno/a.
 1. Dar prioridade ao alumnado con NEAE.
 2. Prestar atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe que requiran apoiospecializado.
 3. Os apoios faránse preferentemente na aula e sempre que se considere necesario nas aulas de Pedagogía Terapéutica e de Audición eLinguaxe.
 4. A distribución horaria será variable segundo a evolución dos alumnos/as e a dinámica doCentro.
 5. A organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo docurso.
 6. As alumnas/os suxeitas/os de reforzo educativo e que non puidesen ou non se considerase necesario o apoio especializado recibirán ese apoio por parte dos mestres/as do nivel máis afíns e con dispoñibilidadehoraria.

Os obxectivos a alcanzar serán pactados entre o titor/a e a persoa de apoio.

Na organización das medidas de apoio das especialistas de PT e AL, consideraremos a medida de carácter extraordinario, tal e como se recolle no artigo 8 do Decreto 229/2011 do 7 de decembro de Atención á Diversidade. Tendo en conta este principio, o alumnado que sexa derivado para a realización dun apoio específico por parte destas mestras especialistas, deberá ter esgotadas previamente medidas de carácter ordinario tales como o reforzoeducativo.

Os criterios para a organización e priorización dos apoios son os dispostos a continuación:

1. Alumnado que conte cun Ditame de Escolarización de NEE, realizado polo E.O.E e que polas súas características e necesidades necesite dunha dotación de recursos extraordinarios.
2. Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) que conten con certificado/informe

médico e sexan obxecto dunha AdaptaciónCurricular.

3. Alumnado de Necesidades Específicas De Apoio Educativo (NEAE) que sexa obxecto dunha AdaptaciónCurricular.
4. Alumnado con NEAE que conte cun certificado/informemédico.
5. Alumnado con NEAE que xa esgotara medidas previas de atención á diversidade, especialmente no caso do alumnado que sexarepetidor.
6. Resto de alumnado con calquera outra NEAE, priorizando o 1º, 2º e 3º nivel, en base a prevención, detección e intervención de posiblesdificultades.
 1. Importancia da alteración, valoración realizada polo DO e a colaboración do EOE.
 2. Desfase curricular, priorización de alumnado conAC.
 3. Continuidade de atención a alumnos/as segundo informes finais de avaliación

6. CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS HORARIOS DAS MESTRAS ESPECIALISTAS PT/AL

- **Para a agrupación do alumnado** voltarase a normalidade pre-pandemia realizando agrupamentos de alumnado de diferentes aulas, deixando de contemplar o concepto de estanquidade do grupo de convivencia. Ditas modificacións implican que no presente curso académico os agrupamentos do alumnado realizaranse segundo as dificultades de aprendizaxe que presenten en común.
- **Priorízase a atención ao alumnado de Adaptación Curricular, discapacidades e dificultades de aprendizaxe** que impliquen e supoñan un desfase curricular con respecto ao nivel de escolarización. Isto implica que o maior número de sesións tanto por parte de PT coma de AL, irán destinadas a este alumnado.
- **As sesións de PT e de AL distribúense de xeito que coincidan coas áreas instrumentais**, favorecendo o seguimento do ritmo da aula, tanto coma para o reforzo de contidos, coma para a anticipación dos mesmos.
- **No referente ás dislalias**, realizarase unha re-avaliación inicial das mesmas priorizando os niveis de 1º, 2º e 3º de E.P, pola posibilidade de que estas sexan trasladadas ao proceso lectoescritor. As dislalias que sexan só de carácter articulatorio, serán valoradas segundo sexan funcionais ou orgánicas. Todas elas serán traballadas en medias sesións.
- **As dislalias comezarán a ser intervidas (sempre de dispor de horario), no 6º curso de Educación Infantil e sempre cando sexan múltiples ou afecten a varios fonemas que dificulten a comunicación do alumno tanto co adulto coma cos iguais.**
- **A disposición dos horarios das mestras especialistas pode variar** debido á participación do centro na convocatoria do Programa Recupera, estando concedido o programa PROA+ e estando á espera do nomeamento da mestra titular para o comezo do mesmo.
- **Ditos horarios son de carácter flexible ao longo do curso**, puidendo ser modificados ou sufrir variacións segundo se incorpore novo alumnado ou sexa dado de alta o que xa está a recibir apoio.

7. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E PRIORIZACIÓN DOS APOIOS EXTRAORDINARIOS

Será obxecto de apoio extraordinario por parte das mestras de PT/AL, aquel alumnado que previamente esgotara a aplicación das medidas ordinarias e conte con algunha das seguintes características:

1. Alumnado que conte cun Ditame de Escolarización de NEE, realizado polo E.O.E e que polas súas características e necesidades necesite dunha dotación de recursos extraordinarios.
2. Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) que conten con certificado/informe médico e sexan obxecto dunha Adaptación Curricular.
3. Alumnado de Necesidades Específicas De Apoio Educativo (NEAE) que sexa obxecto dunha Adaptación Curricular.
4. Alumnado con NEAE que conte cun certificado/informe médico.
5. Alumnado con NEAE que xa esgotara medidas previas de atención á diversidade, especialmente no caso do alumnado que sexa repetidor.
6. Resto de alumnado con calquera outra NEAE, priorizando o 1º, 2º e 3º nivel, en base a prevención, detección e intervención de posibles dificultades.

- Importancia da alteración, valoración realizada polo DO e colaboración do EOE.

- Desfase curricular, priorización de alumnado con AC.

-Continuidade de atención a alumnos/as segundo informes finais de avaliación.

Os obxectivos a alcanzar serán pactados entre o titor/a e a persoa de apoio.

Na organización das medidas de apoio das especialistas de PT e AL, consideraremos a medida de carácter extraordinario, tal e como se recolle no artigo 8 do Decreto 229/2011 do 7 de decembro de Atención á Diversidade. Tendo en conta este principio, o alumnado que sexa derivado para a realización dun apoio específico por parte destas mestras especialistas, deberá ter esgotadas previamente medidas de carácter ordinario tales como o reforzo

8. PROTOCOLO DE DEMANDA DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA POR PARTE DO D.O

De acordo coa lexislación vixente en materia de atención á diversidade (art.9 Orde 8 de setembro de 2022) dende o D.O é necesaria a implementación dun Protocolo de demanda a través do cal canalizar as demandas de avaliación psicopedagóxica do alumnado por parte dos distintos axentes educativos.

CANDO SOLICITAR OU DEMANDAR UNHA AVALIACIÓN POR PARTE DO D.O?

Coma titorxs ou especialistas se detectamos algunha dificultade que persiste no tempo ou que impide a evolución do proceso de E-A dalgún alumno/a en concreto, buscaremos a intervención do Departamento de Orientación, debendo solicitar a correspondente avaliación psicopedagóxica.

Debemos saber que o obxectivo da avaliación en ningún caso é o de diagnosticar calquera tipo de trastorno de aprendizaxe, xa que estes son recoñecidos e certificados dende o ámbito clínico-sanitario, senon que determinaremos as dificultades e as necesidades educativas do alumno en relación a súa aprendizaxe.

COMO É O PROCEDEMENTO PARA SOLICITALA?

1. Solicitar á xefa do D.O o cuestionario de demanda de avaliación psicopedagóxica, ben no propio D.O de xeito impreso ou ben solicitando o seu envío por correo para ser cuberto a través do ordenador en formato Word.

2. Unha vez cubertos tódolos apartados reflectidos no mesmo, dito documento será entregado pola titora de volta á xefa do D.O para engadir a lista de avaliacións pendentes.

Recordar que ata que esta folla non sexa entregada de volta ao D.O cuberta, a demanda de avaliación non é oficial nin queda recollida. A Xefatura de Estudos será coñecedora da lista de avaliacións pendentes.

CANDO SE REALIZA A AVALIACIÓN DO ALUMNO/A?

Debemos ter en conta que esta listaxe de avaliacións sempre respostará ao criterio de maior prioridade ou urxencia tendo en conta a totalidade de alumnado pendente.

- Petición por parte de Inspección Educativa por mor de novas escolarizacións de alumnado que inicia etapa educativa (4ºEI e 1º EP).

- Necesidade de derivación aos servizos clínicos por parte do D.O.

- Necesidade de apoio educativo por parte de PT/AL pola existencia dun desfase curricular ou dificultade permanente que impida o proceso de E-A.

- Outros motivos

Previamente ao inicio da avaliación, será entregada á familia do alumno/a unha autorización para informar e ser coñecedores de que o alumno e obxecto da mesma.

QUE OCORRE UNHA VEZ É REALIZADA A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA?

Unha vez rematada a avaliación psicopedagóxica e unha vez rematado o análise da información obtida na mesma, falaráse coa titora do alumno/a para comunicar os resultados obtidos, dificultades atopadas e medidas a tomar en consecuencia. Os resultados da mesma recolleránse no correspondente informe

psicopedagógico, o cal poderá ter acceso calquera persoa do equipo docente do alumno/a, coidando que volva a ser custodiado de volta no D.O.

Paralelamente, concretaremos coa familia unha reunión presencial preferentemente, onde se trasladará á información, resultados obtidos e medidas a adoptar.

26.3. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1. INTRODUCCIÓN

O termo referido a titoría, supón un elemento que tería a súa primeira aparición legislativa coa implantación da LOGSE o 3 de outubro do ano 1990, momento no que esta función comezaría a formar parte das funcións docentes do profesorado. A pesar das diferentes modificacións experimentadas nos últimos 30 anos en materia de lexislación educativa, a acción titorial continúa a ser un eixe sobre o cal vertebrar a práctica docente e a orientación do alumnado.

No Plan de Acción Titorial (PAT) destacan, principalmente, as tarefas de orientador e apoio ao alumnado tanto de forma individual como grupal, da figura do profesor- titor.

O PAT do *CEIP de Figueiroa* proporciona as actuacións específicas para lograr o bo funcionamento das titorías indicando os obxectivos das mesmas e os axentes (docentes, alumnado, profesorado, nais/pais) implicados en cada unhadelas.

2. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS TITORÍAS

No decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e primaria, establécense as funcións titoriais (Art. 81º) que se poden resumir en:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- b) Proporcionar no principio de curso, ós alumnos e ós pais, información documental: calendario escolar, horarios, horas de atención ós pais, actividades extraescolares e complementarias, programas escolares e criterios de avaliación.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a participación nas actividades

docentro.

- h) Orientar os alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ó equipo de profesores das características do grupo de alumnos.
- l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación.
- m) Organizar e presidir as sesións de avaliación.
- n) Coordinar a avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión referente a promoción.
- ñ) Atender ós alumnos nos períodos de lecer.
- o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional.
- p) Colaborar cos demais titores no marco do proxecto educativo do centro.
- q) Orientar as demandas e inquedanzas e mediar ante o resto de profesores, alumnos e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r) Informar ao alumnado do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais.
- r) Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- s) Exercer a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- t) Cubrir os documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.
- u) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados ós pais e o xefe de estudos.
- v) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio, á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- w) Aquelas outras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

DESIGNACIÓN DAS PERSOAS TITORAS:

- Durante este curso escolar 2023/24 as titoras son:

EDUCACIÓN INFANTIL	
4º A	Mª Jesús Carracedo Goldar
4º B	Cristina Alonso Mosquera
5º A	Laura Castiñeiras Pereira
5º B	Nerea Mª Docampo Durán
6º A	Rosa Mª Luna Sanmartín
6º B	Dolores Ríos Valiñas
Mestras	Andrea González Conde

Apoio	María Blanco Corral
-------	---------------------

EDUCACIÓN PRIMARIA	
1ºA	María Jesús Saborido Castro
1ºB	María Isabel Novas Ferrín
2º A	María Troitiño Cachafeiro
2º B	Carmen Sánchez Rey
3º A	Mª Estela Godoy Miranda
3º B	Sonia Barcala Sanmarco
4º A	Mª Isabel Calvelo Riveira
4º B	Mª José Somoza Maceira
5º A	María Celestina Tato Campos
5º B	María Montserrat Uzal Puente
6º A	Concepción Martínez Villanueva
6º B	Goretti López Louro
6º C	Mª Blanca Fraga Lago

Destacamos na configuración dos equipos docentes, que trala gran variabilidade existente con respecto aos anteriores cursos académicos, a chegada ao centro de persoal con praza definitiva no centro, é un aspecto favorable á continuidade do profesorado co alumnado, garantindo non só o dereito do alumnado a continuar co seu mestre durante o ciclo, senon que tamén se garante un seguimento no traballo e na evolución do alumando.

3. OBXECTIVOS

Tendo en conta o referido anteriormente, co Plan de Acción Titorial preténdense levar a cabo os seguintes obxectivos:

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS E AXENTES
A NIVEL DE CENTRO	
Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.	Creando a programación de aula e programas educativos para o alumnado con NEAE. (Docentes, PT e AL)

Fomentar a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.	A través de proxectos de centro. Toda a comunidade educativa (docentes, alumnado e familia)
Fomentar a dinamización dos períodos de recreo para fomentar a inclusión do alumnado NEAE ou con dificultades para relacionarse.	A través de análise de propostas lúdicas e organizativas que impliquen a todo o claustro.

A NIVEL DE ALUMNADO

Contribuír á personalización dos procesos de ensino- aprendizaxe (medidas de atención á diversidade).	Coñecendo ao alumnado a través de revisión de expedientes, avaliación inicial,... Docentes e D.O.
Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.	Realizando actividades grupais, de cohesión social, habilidades sociais... (Docentes e, de ser necesario, D.O.)
Efectuar un seguimento global da aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades específicas de apoio educativo e realizar os apoios e/ou actividades axeitadas.	Docentes: a través de rexistros de aula, probas,...
Potenciar a orientación educativa, sobre todo, no terceiro ciclo de educación primaria.	Saída ao Instituto e charlas ou entrega de documentación. (Docentes e D.O.)
Potenciar o esforzo individual e o traballo en equipo.	Nos traballos de aula. (Docentes)
Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de estudo e estratexias de aprendizaxe, encadradas no propio currículo.	Débense realizar actividades de aula encamiñadas ao logro deste obxectivo. (Docentes e colaboración do D.O.)

Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con N.E.A.E. concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.	A través da observación e rexistro dos docentes e a observación e informe psicopedagógico, de ser necesario, da orientadora.
Fomentar, no alumnado, as actitudes cooperativas no centro e no seu entorno sociocultural.	A través de actividades complementarias e promovendo as actividades extraescolares. (Comunidade educativa).
A NIVEL DE PROFESORADO	
Coordinarse profesor-titor, PT e AL de alumnos/as con N.E.A.E. e a orientadora, de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado.	Titor/a, DO, mestres con dispoñibilidade horaria.
Participar no proceso de avaliación formativa de cada grupo e informar ás familias e ao alumnado.	Participará todo o profesorado que imparta docencia no grupo. A información transmítea o titor/a, a través dos boletíns, reunións, ...
Planificar, desenvolver e avaliar o propio traballo.	Cada docente.
A NIVEL DE FAMILIA	
Establecer contactos coas familias de forma individual ou colectiva coa fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.	A través de reunións, notas informativas, ... Docentes e D.O.
Informar e asesorar ás familias do alumnado con N.E.A.E.	Docentes e D.O.
Fomentar a participación dos pais nas actividades do centro.	Creando actividades nas que poidan participar as familias. Docentes e D.O.

Asesorar ás familias nos conflitos e situacións problemáticas que se poidan presentar.	Realizando reunións e entregándolles pautas de actuación. Docentes e D.O.
Solicitar a colaboración das nais e pais nas actividades de reforzo e apoio escolar, que, no seu caso, sexan necesarias para os seus fillos e/ou fillas.	O/a titor/a realizará reunións individuais para explicar os obxectivos a alcanzar e como poden axudar dende o fogar. O D.O. colaborará co/a titor/a.

5. METODOLOXÍA

A principal estratexia a seguir pola titora é a de actuar como facilitadora: respecto ás familias, comunicación co centro, cos alumnos, cos procesos de aprendizaxe previstos, co equipo docente. A figura titora debe ser a coordinadora propiciando un traballo cooperativo no desenvolvemento deste Plan de Acción Titorial.

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de tódolos/as implicados/as no mesmo. Para este fin realizaranse as reunións oportunas entre os diferentes axentes da comunidade educativa.

Dentro da aula ordinaria favoreceremos a creación dun clima favorable a través da cohesión grupal, no cal o alumno sexa quen de establecer un vínculo de confianza co adulto. Ao mesmo tempo, naquelas aulas nas que existan dificultades a nivel condutual con alumnos en concreto, tomaremos coma referencia estratexias do modelo apoio conductual positiva, a través das cales dimuir as condutas desafiantes, sendo máis flexibles na nosa resposta cara as mesmas.

6. ACTIVIDADES

6.1 EN RELACIÓN CO DESENVOLVEMENTO PSICOSOCIAL DO ALUMNO.

Obxectivo 1. "Facilitar a integración de cada alumno no grupo e no centro"

- Realizar actividades de acollida ao comezo do curso, fundamentalmente cando se inicia o ciclo e con alumnos/as de nova incorporación no centro.
- Coñecemento mutuo do novo alumnado (presentación, actividades lúdicas e agrupamentos que favorezan a relación e integración).
- Proporcionar información referente ás dependencias del Centro: servicios, aulas.
- Informar das normas de convivencia de aula: horarios, hábitos, responsabilidades e ao mesmo tempo establecer conxuntamente normas grupais, buscando a súa participación nas propostas.

- Dar a coñecer como é o mecanismo para nomear ao responsables ou encargados diarios.
- Funcionamiento de la biblioteca de aula.

Obxectivo 2.- “Favorecer os procesos de desenvolvemento da identidade persoal e formación de valores de cada neno/a)

- Coñecer os aspectos máis relevantes do desenvolvemento evolutivo de cada alumno/a, mediante a entrevista inicial coas familias ea recollida de informes de outros centros.
- Fomentar no alumnado o coñecemento e a aceptación de sí mismo, favorecendo su autoestima e autoconcepto, asertividade e autocontrol.
- Valorar de forma positiva os seus logros e axudarlle a recoñecer os seus erros , sen comparacións e connotacións negativas.
- Profundizar no coñecemento das actitudes, aptitudes e capacidades de cada un dos alumnos.

Obxectivo 3. – “Fomentar no grupo o desenvolvemento de actitudes participativas”.

- Coñecer individualmente as características de cada alumno e a súa forma de relacionarse co grupo de iguais.
- Planificar actividades que permitan a relación cos membros do grupo, potenciando o aprendizaxe cooperativo fronte ao competitivo.

Obxectivo 4.- “Previr as dificultades de aprendizaxe”.

- Realizar unha avaliación inicial durante o mes de setembro.
- Utilizar a avaliación continua co obxecto de coñecer o antes posible as dificultades que se están producindo no proceso de aprendizaxe y poder paliarlas.
- Propor actividades de ampliación e recuperación para cada unha das unidades didácticas.

Obxectivo 5.- “Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado”.

- Realizar entrevista inicial coa familia do alumno.
- Realizar observacións sistemáticas sobre os aspectos esenciais do proceso de aprendizaxe do alumnado: expresión oral e escrita, psicomotricidade, conceptos básicos.
- Colaborar na detección dos problemas de aprendizaxe e as necesidades educativas, esencialmente no referente aos aspectos relacionados con: - dificultades lingüísticas, desenvolvemento cognitivo, dificultades de adaptación social, dificultades sensoriais
- Analizar e valorar co resto de equipo de ciclo as necesidades educativas que se plantean e elaborar ou coordinar co resto dos membros do equipo docente e orientación, as adaptacións curriculares significativas ou non significativas necesarias.
- Dar importancia e valorar o esforzo que realiza o alumno/a a pesar das súas dificultades.

26.4. PLAN DE AUDICIÓN E LINGUAXE

INTRODUCCIÓN

O documento que estou a presentar recolle a planificación do meu traballo como mestre especialista en audición e linguaxe, traballo que será levado a cabo no centro CEIP de Figueiroa en A Estrada e realizarase durante o curso 2023/2024.

Para elaboralo tiven en conta as diferentes referencias legislativas: LOMCE Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, o concepto de necesidades específicas de apoio educativo; novo concepto introducido pola LOE, Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio da Educación e que fai variar o anterior e a LOMLOE Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio da educación.

A intervención do especialista de audición e linguaxe enmárcase dentro das funcións que para o profesor de apoio regula o Decreto 374/1996, do 17 de outubro e a Orde do 24 de xullo de 1998.

Estas funcións, unhas caracterízanse por estar dirixidas á colaboración con outros profesionais a través dunha intervención indirecta e outras á intervención directa cos alumnos/as.

Neste curso, a aula de audición e linguaxe está composta por un mestre con destino definitivo no centro.

Planifícanse a atención ás necesidades educativas especiais dos alumnos/as en relación ó contexto escolar tomando como referencia o currículo ordinario coas adaptacións para cada alumno/a e co obxectivo de facilitar ó máximo a participación destes alumnos/as na ensinanza normalizada.

Neste curso en audición e linguaxe traballarase inicialmente con oito alumnos/as de Educación Infantil e vinte e sete de Primaria.

1. NECESIDADES EDUCATIVAS

Descrición dos alumnos/as da aula

Estes alumnos/as presentan diferente problemática, tendo por tanto, diferentes necesidades.

Educación Infantil:

Unha alumna de 5º con nee. Con diagnóstico de “Trastorno do Neurodesenvolvemento” e “Trastorno Específico da Linguaxe”.

Dous alumnos de 5º con atraso da linguaxe.

Unha alumna con dificultades psicolingüísticas de tipo articulatorio.

Un alumno de 6º con necesidades educativas especiais. Con diagnóstico recente de “Síndrome de Myhre”.

Tres alumnos de 6º con dificultades psicolingüísticas de tipo articulatorio.

1º Educación Primaria:

Dous alumnos con necesidades educativas especiais. Con diagnóstico de “Trastorno do Espectro Autista”. Un deles flexibilizou o último curso de educación infantil.

Un alumno con diagnóstico de “Trastorno Específico da Linguaxe”

Once alumnos/as con dificultades psicolingüísticas de tipo articulatorio.

2º Educación Primaria:

Un alumno con necesidades educativas especiais asociadas a un Diagnóstico de TEA. Atópase realizando o curso por segunda vez. Foi alumno de nova incorporación no curso anterior.

Dous alumnos con dificultades psicolingüísticas de tipo articulatorio.

Un alumno con dificultades na linguaxe escrita.

3º Educación Primaria:

Un alumno con necesidades educativas especiais asociadas a un diagnóstico de Trastorno da Linguaxe. Alumno que realizou dúas veces primeiro.

Un alumno con necesidades educativas especiais asociadas a un Diagnóstico de TEA .

Alumno que presenta dificultades psicolingüísticas de tipo articulatorio e dificultades na linguaxe escrita.

Alumno con diagnóstico de “Trastorno Específico da linguaxe” que ademais presenta rasgos de TDAH de tipo combinado.

Unha alumna con dificultades psicolingüísticas de tipo articulatorio.

4º Educación Primaria:

Un alumno con necesidades educativas especiais asociadas a un diagnóstico de Atraso Global do Desenvolvemento asociado a un Trastorno do Desenvolvemento da Coordinación e un Trastorno por Deficit Atencional con predominio Inatento todo elo acrecentado pola deficiencia visual que presenta. Empregouse a flexibilización en 6º de EI.

6º de Educación Primaria:

Un alumno con necesidades educativas especiais asociadas a diagnóstico de Trastorno Específico da Linguaxe, TDAH e Discalculia.

Unha alumna con NEAE asociadas a dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais.

Un alumno con necesidades educativas especiais con diagnóstico de Retraso Psicomotor con discapacidade intelectual con maior afectación na área da linguaxe e deficit atencional. Neste intre atópase cursando 6º de EP por segunda vez.

Os currículos serán abertos e flexibles e iranse modificando sempre que sexa preciso para dar resposta ás necesidades que presenten os alumnos/as en cada momento. As Adaptacións Curriculares tamén serán revisadas e modificadas segundo as necesidades.

En xeral, e co fin de acadar a inclusión destes alumnos/as seguiranse as seguintes pautas:

- Normalización, integración e inclusión destes alumnos/as.
- Individualización, dado que teñen distintos problemas e empregan estratexias de aprendizaxe diferentes.
- Traballarse dando prioridade á área de Lingua, reforzando tanto a expresión oral como a escrita.
- Incluirei obxectivos complementarios e contidos relativos a aspectos tales como: orientación,

atención, concentración.

- Traballarei temas transversais priorizando: Valores de convivencia, relacións sociais,
- Buscarase sempre o desenvolvemento das competencias sobre todo a competencia en comunicación lingüística e en aprender a aprender dado que son as máis estreitamente relacionadas co meu traballo.

Horario

O horario, elabórase atendendo ó número de alumnos/as con n.e.a.e. na área de Comunicación e Linguaxe, ás necesidades que cada un presenta e o tipo de déficit e grado de afectación que ten. A intervención levarase a cabo de xeito individual ou en pequeno grupo cando as necesidades que presentan sexan similares ou se considere preciso para levar a cabo a intervención.

A. OBXECTIVOS

Na aula de Audición e Linguaxe, perséguese que os alumnos/as que a ela asisten acaden os obxectivos xerais que os currículos LOMLOE (Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria, Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia) e LOMCE de Primaria (Decreto 105/2014, do 04 de setembro) e o de Infantil (Decreto 150/2022, do 08 de setembro) da Comunidade Autónoma de Galicia establecen para o conxunto do alumnado, facendo as adaptacións que sexan precisas para que cada un deles acade ditos obxectivos.

Os obxectivos na área de lingua irán encamiñados a desenvolver a expresión e a comprensión tanto na linguaxe oral como na escrita.

- Activar correctamente a respiración costodiafragmática.
- Perseguir unha mellora de todos os aspectos respiratorios.
- Acadar unha correcta vocalización fonética e transpasala a linguaxe escrita.
- Acadar unha comunicación axeitada.
- Expresarse oralmente e por escrito dunha maneira axeitada ás posibilidades de cada un.
- Conseguir un dominio na produción de textos escritos.
- Coñecer na medida das súas posibilidades os aspectos formais e estruturais da linguaxe e o sistema de comunicación.
- Conseguir que a lectura e a escritura sexan fontes de comunicación e enriquecemento cultural e persoal.
- Acadar unha lectura fluída e comprensiva de textos orais e escritos adaptados ás necesidades de cada neno.

- Empregar un vocabulario axeitado a cada situación ou tema concreto e conseguir que o vaian ampliando.
- Emprega-la lingua para conseguir novos coñecementos.
- Analiza-los usos da lingua no seu contorno social e evitar expresións e palabras que supoñan prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- Emprega-las normas e usos da ortografía (tendo en conta sempre a súa problemática) na produción de textos escritos.
- Facilitar a interacción social e os procesos de socialización.
- Desenvolver a capacidade de linguaxe receptivo e expresivo e potenciar os procesos de comunicación espontánea e intencional.
- Acadar competencia en comunicación lingüística e en aprender a aprender.

Obxectivos xerais da Intervención de alumnos/as con trastornos da comunicación.

- Potenciar a comunicación e posibilitar que os alumnos/as con trastornos comunicativos empreguen as súas habilidades comunicativas para una gran variedade de funcións, en máis contextos e para todas as actividades da vida cotiá, mediante a linguaxe oral.
- Ensinar o valor da linguaxe (oral ou alternativo) como instrumento para conseguir regular o seu entorno. A ensinanza/aprendizaxe da función de petición como medio de consecución dos seus desexos.
- Favorecer a comprensión das interaccións comunicativas dos seus interlocutores para poder producir cambios neles e compartir significados.
- Favorecer a adquisición das normas que regulan os intercambios lingüísticos e as sinais extralingüísticas en diferentes situacións de comunicación para reforzar o significado das súas mensaxes e dar sentido ós que reciben.
- Adestralos no emprego de formas socialmente establecidas para relacionarse cos demais.

Obxectivos xerais da Intervención de alumnos/as con trastornos da linguaxe.

- Desenvolver o léxico básico, tanto receptivo como expresivo que favoreza a representación mental e o coñecemento do mundo que o rodea.
- Favorecer o emprego axeitado de frases de distinto tipo, incorporando elementos pertencentes a diferentes funcións gramaticais que lle permitan expresar con corrección as súas intencións comunicativas.
- Desenvolver as relacións semánticas entre palabras que favoreza os procesos cognitivos e a expresión verbal dos contidos do pensamento.
- Desenvolver a vertente pragmática da linguaxe que lle permita un emprego funcional e social da linguaxe, así como as funcións da linguaxe de regulación e planificación.

Obxectivos xerais da Intervención de alumnos/as con trastornos da fala.

- Favorecer o desenvolvemento dos aspectos perceptivos implicados no desenvolvemento da fala.
- Desenvolver os aspectos funcionais do aparello fonoarticulador.
- Exercitar os aspectos psicomotrices en xeral e mais especificamente a motricidade dos órganos da articulación que permita una execución práctica axeitada.
- Desenvolver todos os elementos fonolóxicos que lle permitan unha fala correctamente articulada.
- Favorecer os elementos suprasegmentais da fala (prosodia, ritmo, modulación de la voz,...) que posibilite unha comunicación fluída e satisfactoria.

2. CONTIDOS

Por outra banda, debo sinalar a relación que debe existir entre as distintas capacidades que os obxectivos pretenden desenvolver e os contidos concretos que se van a empregar para tal fin. Dese xeito, os contidos deixan de ser fins en si mesmos e convértense en medios para acadar os obxectivos propostos. Os contidos xerais do mestre de audición e linguaxe, traballaránse a través dos distintos niveis da linguaxe.

- Nivel fonolóxico: la relaxación; respiración e sopro; praxias bucofaciais; estimulación, percepción e discriminación auditiva/fonética; ritmo e memoria auditiva-secuencial; articulación; fonación.
- Nivel Léxico-Semántico: vocabulario (nomes, accións, calidades e nocións cuantitativas); razoamento verbal (categorías lexicais, familias semánticas, palabras de significado oposto (antónimo) ou igual significado (sinónimos) e palabras polisémicas e homónimas).
- Nivel morfosintáctico: elementos da frase: nomes, pronomes (persoais, demostrativos, reflexivos, etc...), adxectivos, artigos determinados e indeterminados, verbos regulares e irregulares, adverbios, preposicións e conxuncións; concordancia: xénero e número, número e persoa; tipo de frases: simples (enunciativas, interrogativas, exclamativas y exhortativas) e compostas (coordinadas e subordinadas).
- Nivel pragmático: linguaxe funcional: diálogos, conversacións, habilidades conversacionais, expresión e comprensión das situacións cotiás, relacións de causa, narración; linguaxe creativo: descritivo, narración e diálogo; linguaxe expresivo e comprensivo: secuencias temporais, adiviñas, refráns e expresións con dobre sentido, poesías, cancións, chistes, etc.

Criterios para a selección dos contidos

- Seleccionar os contidos que teñan un maior impacto nas destrezas comunicativas.
- Seleccionar os contidos que axuden a ampliar as destrezas comunicativas dos alumnos/as.
- Seleccionar os contidos que sexan lingüisticamente axeitados para os alumnos/as.
- Respecto ó desenvolvemento fonolóxico, seleccionar para iniciar a intervención, aqueles que máis están alterando a comprensión da fala.

Secuencialización dos contidos

1. Contidos referidos ás funcións comunicativas:

- Empregar a linguaxe oral en funcións de petición.
- Empregar a linguaxe oral para interactuar con outros, nomear obxectos, persoas e accións.
- Emprego da linguaxe oral para que autorregule a súa acción e a súa conduta.
- Comprensión e seguimento de ordes simples e complexas.
- Participación, cooperación e axuda en xogos e actividades con outros.
- Empregar as normas que dirixen os intercambios comunicativos e lingüísticos (Prestar atención mirar ó interlocutor, garda la vez de intervención, escoitar...).
- Empregar sinais extralingüísticas (xesticulación, expresión facial, entoación,...).
- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse cos demais (saudar, despedirse, solicitar,...).
- Emprego do diálogo.
- Participar en conversacións colectivas.

2. Contidos referidos a las categorías pragmáticas:

Con respecto ó contexto extralingüístico. Adaptar as mensaxes ás situacións e a distintos falantes.

Con respecto ó contexto paralingüístico.

- Identificación de distintas expresións emocionais.
- Emisión de frases simulando distintas emocións.
- Identificación de incongruencias entre a emoción expresada pola expresión facial e a mensaxe verbal, etc.

Con respecto ó contexto lingüístico.

- Emprego axeitado de artigos determinados e indeterminados para referirse a persoas e obxectos coñecidos ou descoñecidos.
- Referencia pronominal.
- Tarefas de comunicación referencial, nas que o alumno debe marcar un obxecto e describirlo ó mestre de audición e linguaxe, de tal xeito que éste sexa quen de adiviñar o que é.

Interacción dos contextos:

- Iniciación dos temas de conversación.
- Mantemento dos temas.
- Gardar a vez da fala.
- Rectificacións conversacionais.

Iniciación en tarefas de inferencia e destrezas de narración.

3. Contidos referidos ó léxico básico e as relacións semánticas:

- Palabras Concretas que denominen cousas ou accións específicas.
- Nomes de obxectos e persoas familiares.
- Nomes de animais e mascotas.
- Verbos.
- Adxectivos para describir obxectos e persoas.
- Palabras relevantes nos diferentes contornos escolar, social e familiar.
- Relacións semánticas de asociación por, igualdade, semellanza, diferenza, por complementariedade, por pertencer a una mesma familia semántica.
- Clasificación; por uso, atendendo a un criterio dado (forma, tamaño, cor, uso., familia semántica,...)
- Definición por uso, por características,...
- Relacións causais.
- Categorías do léxico.
- Razoamento verbal.
- Contidos referidos á estruturación de frases:
- Combinacións de palabras.
- Estruturación de frases sinxelas.
- Frases negativas; activas irreversibles, activas reversibles; frases transitivas, intransitivas; relativas; causais.

4. Contidos referidos a elementos morfolóxicos e sintácticos:

- Termos de concordancia nominal; número e xénero.
- Inflexións verbais.
- Preposicións e conxuncións.
- Adxectivos posesivos e demostrativos.
- Pronomes persoais.
- Outros morfemas gramaticais e estruturas sintácticas. Neste apartado
- introdúcense os termos interrogativos do tipo “que”, “quen”, “como”, “onde”, “cando”, “canto”...
- Contidos referidos ó desenvolvemento fonolóxico:
- Respiración e sopro.
- Motricidade bucofacial.
- Fonación e voz.
- Discriminación auditiva e fonolóxica.
- Habilidades psicolingüísticas relacionadas coa fala: Integración auditiva e memoria secuencial auditiva.

- Ritmo na expresión.
- Articulación dos fonemas.
- Integración dos fonemas adquiridos na linguaxe espontánea.
- Prosodia.
- Habilidades metafonolóxicas: conciencia fonolóxica.

3. METODOLOXÍA

A metodoloxía que se vai levar a cabo terá como base os principios da aprendizaxe significativa onde **se partirá sempre do nivel de desenvolvemento do alumno/a para que as novas aprendizaxes se constrúan e se consoliden sobre as xa adquiridas.**

Así, tendo en conta o que o/a alumno/a xa aprendeu, reforzase o éxito e evítanse fracasos que diminúan a motivación e a autoestima dos alumnos/as.

Fomentaranse situacións nas que os alumnos/as poidan desenvolver as aprendizaxes individualmente, promover a interacción social como motor da aprendizaxe. E, tomando para as actividades como centro a linguaxe, traballáranse aspectos como: expresión, comprensión, articulación, vocabulario, linguaxe oral e escrito...

A metodoloxía basearase nos principios de socialización, creatividade, funcionalidade, motivación, manipulación e experimentación.

É importante rodear o alumno/a dun ambiente lingüístico rico que lle facilite a aprendizaxe, reforzando iniciativas comunicativas e modelando unha linguaxe correcta.

4. AVALIACIÓN

Para o proceso de avaliación contaremos coas orientacións da orientadora, coa avaliación psicopedagóxica e co resto de informes e probas que teña o alumno/a.

A avaliación do alumno/a realizarase en tres momentos:

- *Avaliación inicial*

Partiremos sempre da avaliación psicopedagóxica do alumno/a, dos informes e probas que del se teñan e dunha avaliación inicial que como mestra de AL levarei a cabo comprobando os aspectos lingüísticos e os non lingüísticos.

- *Avaliación continua*

Informa sobre a evolución do alumno/a, o grao de consecución dos obxectivos, dos contidos planificados e a eficacia dos procedementos de intervención empregados.

Este tipo de avaliación, permítenos ir introducindo modificacións nos elementos

da programación ó longo da intervención, en función dos resultados da mesma.

- *Avaliación final*

Servirá para redactar o informe final do alumno/a, no que se especificarán os aspectos da comunicación e a linguaxe traballados co alumno/, os acadados e os non acadados, así como las orientacións para o titor e para a familia.

Instrumentos de avaliación.

Os instrumentos que empregarei para levar a cabo a avaliación serán moi variados e motivadores para os alumnos.

- Test e Probas de linguaxe.
 - Probas fonolóxicas: RFI de Marc Monfort e Adoración Juárez, Los trastornos de la articulación de Santos Borregón Sanz.
 - Test de linguaxe: BLOC
 - Test del linguaxe escrito: Prolecsec, Proec...
 - Probas para la discriminación auditiva: “Evaluación de la Discriminación Auditiva y Fonológica”, MAI e MY.
- Escalas de desenvolvemento.
- Cuestionarios.
- Rexistros das sesións de intervención.
- Gravacións,..
- Informes propios o de outros profesionais.

Reunións

Para o desenvolvemento do traballo, faremos as reunións pertinentes:

- Reunións cos profesores/as e titores/as dos alumnos/as.
- Reunións cos pais, nais ou titores/as. Manténdose un contacto asiduo con eles ó longo do curso segundo as necesidades.
- Asistencia ás reunións de avaliación.
- Asistencia ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Asistencia á reunión semanal do Departamento de Orientación.
- Colaboración co profesorado na elaboración das adaptacións curriculares.

26.5. PLAN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

INTRODUCCIÓN

A mediados do mes de xaneiro de 2020 a Inspección Educativa concedeu con carácter provisional ao noso centro unha praza de Pedagogía Terapéutica con afín AL compartida con outro centro da contorna. O aumento significativo de necesidades do noso alumnado, levou a que dita praza, mantida durante os cursos 2021-22 e 2022-23, pasase a permanecer a tempo completo durante o presente curso e, ademais, supuxo a incorporación dunha nova especialista en PT a tempo parcial (acode ao noso centro os xoves e venres).

Na actualidade, polo tanto, o Departamento de Orientación está constituído por:

- a persoa encargada da xefatura do Departamento que dende ten destino definitivo no centro;
- unha mestra especialista en Audición e Linguaxe que tamén ocupa a praza de forma definitiva;
- e tres mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica (a que ten destino definitivo no mesmo –PT₁–; a que ocupa a vacante con afín AL enriba mencionada que repite por terceiro ano consecutivo –PT₂/AL–; e a nova especialista en PT –PT₃–).

Tendo este escenario presente, o documento incluído a continuación pretende servirnos de guía no traballo docente diario ás especialistas en Pedagogía Terapéutica que ao longo do curso académico 2023-2024 desempeñaremos a nosa labor no CEIP de Figueiroa de A Estrada; establecendo, entre outros aspectos, os obxectivos e os recursos e pautas metodolóxicas a empregar, así como os procedementos para levar a cabo unha valoración do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado atendido e da práctica docente.

A finalidade básica desta programación é igualmente axudar a afianzar un marco no que se poida desenvolver unha coordinación fluída e estable que permita *rentabilizar* moito máis, e con menos esforzo, as intervencións de todos os profesionais que traballamos co *alumnado con necesidade específica de apoio educativo*, termo que, segundo o establecido na **Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**, acolle a todos “*as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar*”.

Tal e como xa se sinalou, a proposta de traballo aquí recollida establécese para o curso escolar 2023/2024, e susténtase nos diferentes referentes legais vixentes na actualidade, entre os que caben destacar as Leis anteriormente sinaladas e, de igual modo, a normativa na que se establecen as funcións que como mestras

de apoio e membros do Departamento de Orientación nos corresponden³. Asemade, dita proposta tomou como referente as directrices marcadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e o plan de traballo do Departamento de Orientación (DO), e, como non, as necesidades detectadas no centro.

NECESIDADES EDUCATIVAS

Ao inicio de cada curso é necesario realizar unha avaliación inicial de necesidades que nos indique o punto de partida e nos dea pistas para a priorización dos eixes e das accións a desenvolver.

Entre os instrumentos e procedementos a empregar na detección destas necesidades estarían a análise dos documentos do centro, principalmente de toda a documentación pertencente ao Departamento de Orientación (expediente psicopedagóxico do alumnado), e o establecemento de canles de comunicación fluídos e planificados cos diferentes membros da comunidade educativa (equipo directivo, demais profesorado, pais e alumnado) que nos permitan “palpar” as súas opinións e inquiredanzas. Cabe sinalar en relación a este aspecto, os beneficios que aporta para a realización desta tarefa a permanencia da meirande parte dos integrantes do DO, así como a dificultade que supón a incorporación de dez membros novos máis ao Claustro de profesores ou o feito de que menos da metade das titoras, un total de 9, continúan co seu alumnado.

A continuación inclúense as necesidades educativas máis salientables detectadas en canto ao alumnado, ao profesorado, ao centro e ao contexto (familiar e social). A estas engadiranse aquelas outras que vaian xurdindo no transcorrer do proceso educativo:

DO ALUMNADO

Detectar as necesidades educativas reais existentes no alumnado, co fin de adoptar a medida de atención á diversidade máis adecuada para dar resposta ás mesmas.

Actualizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidade específica de apoio educativo do que se ten constancia, prestando especial atención ao que vaia recibir apoio por parte das especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, e levar a cabo a valoración das novas demandas existentes.

³*Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria; Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na CCAA de Galicia; e Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na CCAA de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.*

Deseñar e elaborar os programas específicos de intervención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que vaia ser atendido, coidando especialmente aqueles casos nos que sexa precisa a actuación conxunta das especialistas de PT e AL.

Seleccionar e elaborar material específico para a atención do alumnado detectado, especialmente para aquel que, dadas as súas características persoais, máis o precise (alumnado con Trastorno do Espectro Autista e alumnado obxecto dunha ACS).

DO PROFESORADO

Asesorar ao profesorado na avaliación inicial do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, co obxecto de realizar un axuste das programacións didácticas ás súas características.

Optimizar a coordinación e colaboración entre o profesorado encargado da atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Acadar unha maior implicación dos titores e demais equipo docente no proceso educativo do alumnado con necesidades educativas especiais, aportándolles material e o asesoramento necesario para a súa adecuada atención.

DO CENTRO DOCENTE

Dar difusión ás liñas xerais de actuación do DO, prestando especial atención aos diferentes protocolos a empregar.

Asegurar o cumprimento dos criterios de selección e atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo establecidos (recollidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade), dando, por tanto, prioridade á atención por parte das especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe aos casos que revisten maior gravidade e facilitando apoio por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria ou reforzo educativo por parte do seu equipo docente a aqueloutros cuxas necesidades así o permiten.

Revisar, repoñer/actualizar e ampliar o banco de materiais e recursos do que dispón o centro para a atención do alumnado con neae, especialmente o da xefatura do DO e as aulas de PT e AL.

Adaptar os diferentes espazos do centro ás necesidades presentes no alumnado (en relación a isto, cabe sinalar a necesidade de restablecer a sinalización con pictogramas das diferentes dependencias do centro, co fin de dar resposta ás necesidades de estruturación espacial existentes no alumnado con TEA –retomaremos a idea inicial de implantar un sistema de sinalización máis resistente que nun puido ser levada a cabo o curso pasado-; así como a de adaptar os espazos (aulas) no que este alumnado traballará no curso actual).

DAS FAMILIAS E O CONTEXTO

Establecer unha maior coordinación entre profesorado e familias, co fin de aumentar a implicación destas no proceso educativo dos seus fillos.

Establecer unha maior colaboración entre o centro e os servizos externos encargados da atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (Servizos Sociais do Concello, Unidades do SERGAS, asociacións, gabinetes psicopedagóxicos e/ou logopédicos...).

OBXECTIVOS

Tal e como xa se sinalou con anterioridade, a detección de necesidades serve de punto de partida para establecer os obxectivos a perseguir, é dicir, os propósitos e compromisos que van determinar e orientar tanto a nosa actividade educativa no centro, como as funcións que debemos desempeñar.

Entre os obxectivos a acadar estarían:

Contribuír á detección precoz das necesidades do alumnado, así como á busca dos recursos e a metodoloxía necesaria para o logro dunha maior eficacia no labor educativo.

Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ao respecto e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

Intervir de forma directa co alumnado con necesidade específica de apoio educativo que tras a realización da súa avaliación psicopedagóxica e o correspondente informe psicopedagóxico, así se considere oportuno.

Deseñar, xunto co resto do profesorado implicado (orientadora, AL, titora e demais equipo docente), o plan específico de intervención a desenvolver co alumnado da nosa atención.

Colaborar na elaboración dos materiais específicos necesarios para facilitar a resposta máis axeitada ás necesidades do alumnado, así como na adaptación dos diferentes espazos.

Propoñer iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais do centro no que se refire á atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Establecer relacións estables de coordinación de titoras, profesorado especialista, profesorado de apoio (PTs, AL e profesorado con dispoñibilidade horaria) e orientadora de cara a dar a resposta máis axeitada ás necesidades educativas específicas do alumnado.

Informar ao profesorado da necesidade de dar resposta á diversidade nas programacións didácticas contemplando diversos niveis de dificultade, así como os contidos mínimos esixibles de cada nivel para cada unha das materias.

Procurar a inclusión do alumnado con neae no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar, tendo presente que se a súa integración académica non se logra completamente, cando menos si se favoreza unha axeitada integración social.

Participar nas sesións de avaliación do alumnado con neae obxecto da nosa atención, colaborando e asesorando naquelas decisións que se estime oportuno.

Fortalecer a coordinación coas familias do alumnado con neae obxecto da nosa atención, así como a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos, mediante a promoción de actividades informativas e orientadoras e o establecemento de reunións periódicas.

Establecer canles fluídos de comunicación cos gabinetes psicopedagóxicos e/ou logopédicos, ou con calquera outro servizo (Servizos Sociais do Concello, Unidades do SERGAS...), asociación (ASPANAES)... ao que asista o alumnado obxecto da nosa atención, co fin de coordinar e optimizar a resposta educativa ofertada ao mesmo.

PREVISIÓN DE ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ACNEAE) OBXECTO DE ATENCIÓN AO LONGO DO CURSO ACTUAL

No referente á selección do alumnado obxecto de atención por parte das especialistas en Pedagogía Terapéutica cabe sinalar que nun primeiro momento dotarase de continuidade á totalidade do alumnado que durante o curso 2022-2023 recibiu atención e incorporaranse 6 casos máis, un deles escolarizado no curso actual no noso centro.

Os principais criterios a ter en conta á hora de distribuír ao alumnado a atender entre as tres especialistas en Pedagogía Terapéutica foron:

- Dar prioridade á atención por parte da especialista con destino definitivo no centro (PT₁) daqueles casos no que a gravidade e permanencia das necesidades educativas é superior.
- Derivar á PT₂/AL e á PT₃ ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de menor gravidade.
- Ofrecer apoio dentro da aula por parte da PT₂/AL e á PT₃ a dous dos alumnos con necesidades educativas especiais, xa atendidos pola PT₁ e a AL fóra da aula.

Tendo todo isto en conta, o alumnado previsible de ser atendido ao longo do curso 2023-2023 polas especialistas en Pedagogía Terapéutica é⁴:

CÓDIGO DE COR (na numeración do listado)	
PT ₁	Azul
PT ₂ /AL	Verde
PT ₃	Laranxa
PT ₁ - PT ₂ /AL	Vermello
PT ₁ - PT ₂ /AL- PT ₃	Lila
PT ₂ /AL- PT ₃	Amarelo

CURSO	OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE			OBSERVACIÓNS
	Flex./Rep.	ACI	AL	
1	1º EP		X	<p>Alumno con <i>necesidades educativas especiais</i> derivadas do TEA que presenta. Está escolarizado pola quenda de ACNEAE en 4º de EI, séndolle concedida a atención por parte da PAC dende o inicio da súa escolarización no centro.</p>
2	1º EP		X	<p>Alumno con <i>necesidades educativas especiais</i> derivadas do TEA⁵ que presenta (amosa déficits persistentes na comunicación e a interacción social, así como determinados patróns restritivos e repetitivos de comportamento, intereses ou actividades)e manifestadas nun atraso xeneralizado do desenvolvemento das capacidades básicas e na adquisición das aprendizaxes e a linguaxe, que o levan a precisar dunha atención moi individualizada, así como da adopción de determinadas estratexias metodolóxicas e materiais específicos para ofertarlle a resposta máis axeitada.</p> <p>Foi escolarizado pola quenda de ACNEAE en 4º de EI (no mes de novembro), séndolle concedida a atención por parte da</p>

⁴ O alumnado de nova incorporación aparece sombreado.

⁵ Trastorno no Neurodesenvolvemento que afecta a súa comunicación verbal e non verbal, deficiente empatía, presenza de ecolalias, escaso desenvolvemento de xogo simbólico e imaxinativo, deficiente interacción social con iguais..., que esta idade, e sempre suxeito a unha reavaliación clínica en función da súa maduración, son síntomas altamente indicativos dun Trastorno dentro do Espectro de Autismo.

					PAC dende o inicio da súa escolarización no noso centro.
3	2º EP				Alumna con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas dun TDAH de tipo combinado . Presenta dificultades atencionais e nas áreas instrumentais.
4	2º EP				Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas dun TDAH de tipo combinado . Presenta dificultades atencionais e nas áreas instrumentais, así coma unha baixa implicación na aprendizaxe. Incorporouse ao centro a inicios do curso pasado procedente do CEIP do Foxo.
5	2º EP	2º EP	X		Alumno con <i>necesidades educativas especiais</i> derivadas do TEA que presenta (amosa déficits persistentes na comunicación e a interacción social, así como determinados patróns restritivos e repetitivos de comportamento, intereses ou actividades)e manifestadas nun atraso xeneralizado do desenvolvemento das capacidades básicas e na adquisición das aprendizaxes, que a levan a precisar dunha atención moi individualizada, así como da adopción de determinadas estratexias metodolóxicas e materiais específicos para ofertarlle a resposta máis axeitada. Foi escolarizado no centro a inicios do curso pasado procedente do CPR Nosa Señora de Lourdes.
6	3º EP				Alumna con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas das dificultades específicas de aprendizaxe que presenta. Amosa certas dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias que semellan derivadas do ámbito familiar desfavorable no que se atopa e vense acrecentadas polas continuas faltas de asistencia ao centro.
7	3º EP				Alumna con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas das dificultades específicas de aprendizaxe que presenta. Amosa certas dificultades na evolución das súas aprendizaxes (ritmo de aprendizaxe lento) e na adquisición de obxectivos e competencias debido ás súas limitacións en canto ao razoamento, comprensión e expresión escrita, cálculo e vocabulario.

8	3º EP	1º EP	X	Alumno con <i>necesidades educativas especiais</i> asociadas a trastorno xeneralizado do desenvolvemento, trastorno da linguaxe, trastorno atencional e conductas concordantes cun TEA , que están a interferir na adquisición das capacidades básicas e das aprendizaxes escolares, así como da linguaxe.	
9	3º EP		X	Alumno con <i>necesidades educativas especiais</i> asociadas a un posible TEA grao 1 . Na actualidade os seus maiores déficits sitúanse en relación á linguaxe (especialmente no referido aos compoñentes semántico, prosódico e pragmático) e á interacción social. Foi escolarizado pola quenda de ACNEAE en 4º de EI, séndolle concedida a atención por parte da PAC dende o inicio da súa escolarización.	
10	4º EP			Alumna con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas dun TDAH de tipo combinado . Presenta dificultades atencionais e nas áreas instrumentais.	
11	4º EP		(asisti u no pasado)	Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas de dificultades nas áreas instrumentais.	
12	4º EP			Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas de dificultades nas áreas instrumentais e acrecentadas pola súa irregular asistencia ao centro.	
13	4º EP			Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas de dificultades na lectoescritura.	
14	4º EP			Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas de dificultades na lectoescritura.	
15	4º EP			Alumna con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas de dificultades nas áreas instrumentais.	
16	4º EP	6º EI	X	X	Alumno con <i>necesidades educativas especiais</i> asociadas a un retraso no desenvolvemento madurativo xeral , un Trastorno do Desenvolvemento da Coordinación (TDC) e un Trastorno por Déficit Atencional (TDA) con predominio inatento (Trastorno do neurodesenvolvemento con rasgos dismórficos en relación con Síndrome

			<p>Fitzsimmons-Guilbert), e acrescentadas polo importante Déficit Visual que presenta. Ditas necesidades pónense especialmente de manifesto nun atraso xeneralizado do desenvolvemento das capacidades básicas, da adquisición das aprendizaxes do desenvolvemento motriz (grosso e, especialmente, fino), que o levan a precisar dunha atención moi individualizada, así como da adopción de determinadas estratexias metodolóxicas e materiais específicos para ofertarlle a resposta máis axeitada.</p> <p>En novembro do 2017 foille concedida a atención por parte da PAC.</p>
17	4º EP		<p>Alumna con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas das dificultades específicas de aprendizaxe que presenta.</p> <p>Amosa certos déficits na evolución das súas aprendizaxes (ritmo de aprendizaxe lento) e na adquisición de obxectivos e competencias debido ás limitacións que amosa en canto ao razoamento, comprensión e expresión escrita, cálculo e vocabulario. Ditas dificultades vense acrescentadas pola percepción pouco realista da súa situación (non é consciente dos seus déficits e limitacións).</p>
18	4º EP	(asistiu dende o inicio da súa escolarización ata finais do curso pasado)	<p>Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas das dificultades específicas de aprendizaxe que presenta, especialmente patentes no afianzamento do proceso lectoescritor.</p> <p>Amosa certos déficits de atención e un ritmo de traballo lento.</p>
19	5º EP	(asistiu durante o curso 21/22)	<p>Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas de dificultades no afianzamento do proceso de lectoescritura.</p>

20	5º EP	(asisti u no pasad o)	<p>Alumno con <i>necesidades educativas especiais</i> derivadas dos trastornos que presenta: TEL. Trastorno de aprendizaxe da lectoescritura. Trastorno por déficit de atención e hiperactividade combinado.</p> <p>Amosa alteracións cualitativas e cuantitativas da comunicación; serios déficits á hora de centrar e manter a atención, e na planificación, organización e constancia na resolución das tarefas escolares; aspectos que están a interferir no seu rendemento e desenvolvemento académico, especialmente no referente á adquisición da lectura e escritura, e á comprensión.</p>
21	5º EP		<p>Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas de dificultades nas áreas instrumentais.</p>
22	5º EP	(Foi dado de alta a finais do curso 20/21)	<p>Alumna con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas dun Trastorno de aprendizaxe da lectoescritura.</p> <p>Amosa déficits na numeración, no cálculo e na comprensión e expresión escrita.</p>
23	5º EP	(Foi dado de alta a finais do curso 20/21)	<p>Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas do TDAH que presenta. Aмосa déficits importantes á hora de centrar e manter a atención, así como na planificación, organización e constancia na resolución das tarefas escolares; aspectos que, unidos á súa hiperactividade/impulsividade e ao seu comportamento/conducta perturbadora, interfieren negativamente no seu rendemento académico.</p>
24	5º EP		<p>Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas do desfase curricular que presenta nas áreas instrumentais por mor da súa recente incorporación ao sistema educativo español (leva tan so un curso en España procedente de Venezuela. Este é o seu primeiro ano no noso centro).</p>
25	6º EP		<p>Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas do TDAH e o Trastorno de aprendizaxe da lectoescritura que presenta. Aмосa un pobre</p>

				afianzamento do proceso lectoescritor, un baixo nivel de razoamento, un ritmo lento de traballo e un nivel de motivación non sempre axeitado.
26	6º EP			Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas de dificultades nas áreas instrumentais.
27	6º EP	X	X	Alumno con <i>necesidades educativas especiais</i> asociadas á <i>Discapacidade intelectual con maior afectación da linguaxe</i> e ao importante <i>Déficit Atencional</i> que presenta (<i>Hidrocefalia; Discapacidade intelectual con maior afectación da linguaxe. Dismorfismos faciales, Cardiopatía compleja intervenida. Perfil condutual de déficit atencional</i>), e manifestadas nun atraso xeneralizado do desenvolvemento das capacidades básicas e das aprendizaxes escolares, do desenvolvemento motriz (grosso e, especialmente, fino) e da adquisición da linguaxe, que o levan a precisar dunha atención moi individualizada, así como da adopción de determinadas estratexias metodolóxicas e materiais específicos para ofertarlle a resposta máis axeitada. Foille concedida a atención por parte da PAC ao inicio da súa escolarización (4º EI), sendo esta suspendida en novembro do 2017.
28	6º EP		X	Alumna con <i>necesidades específicas de apoio educativo derivadas das dificultades específicas de aprendizaxe que presenta.</i> Amosa limitacións en canto ao razoamento, comprensión e expresión escrita, e ao vocabulario, que interfíren de xeito negativo na evolución das súas aprendizaxes (ritmo de aprendizaxe lento) e na adquisición de obxectivos e competencias.
29	6º EP		X	Alumno con <i>necesidades educativas especiais</i> asociadas a un <i>Trastorno Específico da Linguaxe. Discalculia. Trastorno por déficit de atención e hiperactividade</i> , especialmente manifestado na adquisición das capacidades básicas e das aprendizaxes escolares, e na adquisición da linguaxe. As

		súas maiores dificultades sitúanse no referente á atención, ao razoamento, ao cálculo, á comprensión escrita e á linguaxe oral.
30	6º EP	Alumno con <i>necesidades específicas de apoio educativo</i> derivadas do TDAH que presenta. A mosas pequenas limitacións en canto ao razoamento e a comprensión escrita, que unidos á súa baixa motivación e ritmo de traballo lento, interfieren de xeito negativo na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias.
31	6º EP	(Foi dado de alta a finais do curso 2018-2019) Alumno con <i>necesidades educativas especiais</i> derivadas dun Trastorno da Comunicación Social e un TDAH inatento asociado . A mosas alteracións cualitativas e cuantitativas da comunicación; serios déficits á hora de centrar e manter a atención, e na planificación, organización e constancia na resolución das tarefas escolares; aspectos que están a interferir no seu rendemento e desenvolvemento académico.
32	6º EP	Alumna con <i>necesidades educativas especiais</i> asociadas a un Retraso simple da fala (2016) . Presenta dificultades na evolución das súas aprendizaxes (ritmo de aprendizaxe lento) e na adquisición de obxectivos e competencias, debido ás limitacións que amosa en canto ao razoamento, a comprensión e expresión escrita, o cálculo e a expresión oral.

METODOLOXÍA

A estratexia metodolóxica que rexerá a nosa práctica educativa baséase nos principios incluídos a continuación:

- Principio de actividade.** Postula que o coñecemento non é un proceso de recepción pasiva de información, senón o resultado da actividade propositiva que o suxeito realiza cos obxectos do mundo. Neste proceso activo, que arranca da curiosidade natural compartida por todos os organismos vivos, o suxeito trata de dar sentido á información en función do seu marco de referencia, xa sexan esquemas, estrutura cognitiva ou construtos persoais, segundo o enfoque teórico no que nos situemos. Non podemos renunciar á actividade mental que se promove desde a palabra transmitida por alguén que sabe do que ensina. Diría Ausubel que

desde a transmisión tamén é posible propiciar a actividade do aprendiz creadora de comprensión significativa do mundo, a condición de partir do que xa sabe o alumno, de organizar lóxicamente a secuencia de contidos e de que o propio suxeito teña disposición para aprender; é dicir, de que se esforce vivamente por aprender.

- **Principio de comunicación e diálogo.** Implica unha concepción da educación na que ensinar e aprender han de ser entendidos como un proceso de intercambio cultural entre membros dunha comunidade. Esta visión da educación é respaldada por Bruner (1988), quen sostén que o neno se apropia do coñecemento nunha comunidade formada por persoas que comparten un mesmo sentido das cousas. Pero para alcanzar esta “comunalidade de sentido”, é dicir, unha comprensión compartida do mundo, é necesario que ensinantes e aprendices participen en estruturas favorecedoras do intercambio, que se comprometan en actividades conxuntas, que negocien significados, porque para chegar a comprender hai que dicir e explicar, dudar e preguntar, debater e polemizar, analizar e argumentar, razoar e deliberar.
- **Principio de significación.** O suxeito constrúe e reconstrúe continuamente o seu sentido do mundo, relacionando a nova información coa súa estrutura cognitiva, ou se se quere dicir en termos máis xerais, co seu esquema referencial. Polo tanto, na medida en que as experiencias previas inflúen na aprendizaxe, calquera proceso de ensinanza e aprendizaxe, segundo Ausubel, debe tomar como punto de partida o que “o aprendiz xa sabe”. Este coñecemento por parte do profesorado permitiría orientar a acción educativa, desde a planificación ata o desenvolvemento docente, no sentido de adaptar obxectivos, de tomar as medidas máis oportunas de organización e estruturación dos contidos, de seleccionar os materiais e deseñar as actividades máis apropiadas para o punto de partida dos aprendices, de anticipar os niveis da axuda pedagóxica que deberemos utilizar co noso alumnado...

A necesidade de partir das experiencias previas do alumnado empeza a formar parte do saber e da práctica educativa do profesorado. É indubidable que se trata dunha condición básica, pero de ningún modo é o único requisito favorecedor ou promotor dunha aprendizaxe significativa: canto máis ricos sexan os ambientes de aprendizaxe, canto máis traten de representar a complexidade do mundo real, cantas máis ocasións se dea ao alumnado para examinar os contidos desde múltiples perspectivas, cantas máis oportunidades se lles dea para comprender desde diferentes modos de representación (enactivo, icónico e simbólico), máis fácil é que se aprenda dun modo significativo.

- **Principio de contextualidade.** Danse dous sentidos ao concepto “contexto”: por un lado, o de *complexidade*, que aspira a que o alumnado adquira comprensión multidimensional do mundo fronte ao pensamento simplificador e reducionista que é activado polos libros de texto (producidos desde a perspectiva do que Bernstein -1977- denominou “curriculum puzzle”, os libros de texto acostuman a presentar contidos illados, fragmentarios, fóra de toda relación e contexto, e ao marxe do marco dinámico no que se inscriben os conceptos cos que definimos o mundo natural, o mundo socio-cultural e o mundo dos artefactos humanos); por outro lado, o dos *escenarios sociais nos que se producen os diferentes tipos de coñecemento humano* (a

visión reduccionista aproveita un concepto que está de moda na educación escolar, como é a noción de "aprendizaxe situada", que mantén a idea de que a escola debe ser un espazo social no que se desenvolvan actividades cotiás para que o alumnado adquiera significados de uso na vida diaria).

- **Principio de reestruturación ou de reorganización conceptual.** Calquera aprendizaxe significativa denota unha modificación ou transformación da estrutura cognitiva e, polo tanto, entraña tamén un cambio dos conceptos e das proposicións conceptuais. O requisito básico para que se materialice unha reestruturación cognitiva e unha modificación dos seus elementos (conceptos e proposicións) é dispoñer na aula dun ambiente de traballo que dea aos aprendices a oportunidade de poñer en dúbida a súa comprensión do mundo, que os desafíe intelectualmente e lles ofrezca condicións para remodelar a visión que teñan do mundo. Os modelos dialóxicos de ensinanza e aprendizaxe ofrecen aos participantes a oportunidade de comprometerse en actividades compartidas, de intercambiar e “negociar” significados, de experimentar conflitos e controversias entre modos distintos de concibir o mundo, e por medio da discusión e do debate, da confrontación de ideas, do exame público de probas, do exame da validez dos argumentos e xustificacións, é posible chegar a compartir significados. Nin que dicir ten que o erro é considerado como unha esixencia frutuosa no marco da ensinanza dialóxica, porque a toma de conciencia do erro estimula a reflexión e a busca de supostos alternativos.
- **Principio de autonomía, “autocontrol” ou capacidade de “auto-regularse”.** Estas deben ser as metas últimas dos procesos de ensinanza e aprendizaxe. Dito doutro modo, a finalidade de calquera acción educativa é que alumnas e alumnos terminen por *aprender a aprender*, de modo que cheguen a poder prescindir da axuda do profesorado. De acordo co que suxire este concepto de “andamiaxe”, o profesorado debe proporcionar o máximo de axuda ao inicio da aprendizaxe, graduando o nivel de asistencia, de apoio, que se presta ao alumnado no transcurso da realización das tarefas, para, pouco a pouco, ir cedendo o control ata que se traspasa completamente. Neste proceso, son fundamentais a interacción entre os participantes e a negociación constante de significados. As tarefas deberan ser abertas, no sentido de permitir diversas posibles solucións, así como a utilización de diferentes estratexias de aprendizaxe.

Enumerados os principios metodolóxicos cabe facer especial atención ao traballo dende a perspectiva inclusiva, xa que será eixo vertebral da metodoloxía a implementar ao longo do curso. Strully e Strully (1990) expoñen algunhas formas básicas de conducir a aula cara as redes naturais de apoio avanzando así cara unhas aulas que aceptan positivamente as diferenzas entre o alumnado. Isto supón formular a ensinanza contando co propio alumnado como apoio: os sistemas de aprendizaxe en grupo cooperativo, os sistemas de aprendizaxe apoiados nas titorías entre compañeiros (Ovejero, 1990; Pujolas, 2001) así como a creación de comunidades e redes de axuda entre compañeiros, tanto entre profesores (Parrilla e Daniels, 1998) como alumnos (Snow e Forest, 1987). A aprendizaxe cooperativa é un enfoque que trata de organizar as actividades dentro da aula para convertelas nunha experiencia social e académica de aprendizaxe. Os estudantes traballan en grupo para realizar as tarefas

do xeito máis colectivo. A aprendizaxe neste enfoque depende do intercambio de información entre os estudantes, que están motivados tanto para lograr a súa propia aprendizaxe como para acrecentar os logros dos demais. Baseado en grupo heteroxéneos para o desenvolvemento de diversas actividades pode implementarse a través de diversos instrumentos de traballo, xa que as interacción na aula danse de xeito espontánea. É importante ter en conta a formación de grupos, a interdependencia positiva e a responsabilidade individual.

AVALIACIÓN

A avaliación non se circunscribe a un só aspecto, senón que se estende ao longo de todo o proceso educativo. Ademais non implica unicamente ao alumno (*avaliación do proceso aprendizaxe*), senón tamén ao propio sistema no seu conxunto e á pluralidade dos axentes que interveñen (*avaliación do proceso de ensino e da práctica docente*).

Os principios psicopedagóxicos que se seguen na avaliación dos *procesos de ensino aprendizaxe* dos alumnos son: **que, como, cando e para que avaliar.**

Respecto ao obxecto de avaliación **-que avaliar-**, no que se refire ao *proceso de aprendizaxe* deberemos ter en conta os criterios de avaliación establecidos para as diferentes áreas nas correspondentes concrecións curriculares ou, de ser o caso, as marcadas nas Adaptacións Curriculares Significativas correspondentes. No noso caso non debemos perder de vista, asemade, os propostos no programa de intervención de cada un dos alumnos obxecto da nosa atención. No que se refire ao *proceso de ensino e á práctica docente* deberemos ter en conta, entre outros aspectos, a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación propostos para cada alumno/a en relación ás súas necesidades e características persoais; a idoneidade da metodoloxía, así como os materiais empregados; a funcionalidade e xeneralización das aprendizaxes adquiridas na aula; a coordinación e colaboración dos diferentes profesionais implicados...

O **como avaliar** fai referencia aos procedementos e instrumentos empregados neste proceso. Entre os empregados co aneae estarían: as probas estandarizadas que deberán ser aplicadas pola xefa do DO; as fichas de rexistro persoal de cada alumno/a; a observación directa; os cadernos de traballo...

En canto a **cando avaliar** cabe resaltar que a avaliación, ademais de global, formativa e integradora, debe ser *continua*.

Levarase a cabo, por tanto:

- Unha *avaliación inicial* (función diagnóstica), orientada á detección de necesidades, punto de partida necesario para deseñar e axustar a nosa intervención.
- Unha *avaliación procesual* (función formativa), co obxecto de obter información relevante sobre o transcorrer do proceso de ensino aprendizaxe e favorecer, de ser necesario, a introdución das modificacións pertinentes.
- Unha *avaliación final* (función sumativa). As informacións recollidas traduciranse nunha toma de decisións orientada a formular as medidas a adoptar de cara ao curso vén.

Por último, a cuestión **para que avaliar** ten como resposta que se avalía para orientar e guiar o proceso de ensino-aprendizaxe con respecto a determinados aspectos como as pautas metodolóxicas a seguir e os recursos a empregar.

27. PLURILINGÜISMO

27.2. COORDINADORES

(Ver cadro no punto 4)

27.3. OFERTA (SECCIÓNS, CENTROS PLURILINGÜE, PLURINFANTIL)

O centro oferta para este curso escolar 4 seccións bilingües e a elas asisten a totalidade do alumnado tal como se recolle no cadro que se achega a continuación:

Materia	Curso	Alumnado participante	Profesorado responsable	Coordinador/a
Plástica	3º A/B	49	Sonia Barcala Sanmarco	María del Carmen Fdez. Fdez.
	5º A/B	48	Montserrat Uzal Puente	María Begoña Chouciño Tuset

O Ceip de Figueiroa implantou o proxecto seccións bilingües no marco da Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.

Obxectivos xerais do Proxecto Bilingüe.

- Utilizar o inglés como vehículo de aprendizaxe e de coñecemento noutras áreas curriculares.
- Desenvolver nos alumno/as o coñecemento e uso adecuado, tanto da lingua galega como do castelá e da lingua inglesa, nas súas manifestacións oral e escrita, que permitan aos alumnos/as adquirir a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situacións cotiás, dando prioridade ás destrezas de escoitar (Listening) e falar (Speaking) para posteriormente ler (Reading) e escribir (Writing).
- Reflexionar sobre o funcionamento lingüístico e comunicativo das tres linguas, o que axudará na aprendizaxe das mesmas.
- Mellorar as competencias lingüísticas dos ACNEE's e ANCE's na área de inglés, proporcionándolles vocabulario e fluidez lingüística apropiadas para tal aprendizaxe, e integrando a este alumnado plenamente na área.
- Desenvolver estratexias que axuden á contextualización da lingua así como outras estratexias comunicativas que se usen nos países anglosaxóns.
- Permitir ao alumno/a, coñecer a unha idade temperá outras culturas, costumes e institucións, que lle axudarán a formarse nun ambiente de tolerancia e solidariedade propias dunha sociedade pluricultural, desenvolvendo un espírito crítico.

- Involucrar ao Centro nunha idea social plurilingüe e pluricultural, na que se integran os procesos de comunicación e intercambio de experiencias a través das TIC's, e así favorecer o desenvolvemento da sociedade do coñecemento do século XXI.
- Proporcionar ao alumnado, especialmente a aqueles con necesidades educativas especiais, as estratexias necesarias para enfrontarse a situacións da vida ordinaria, a través dun maior dominio do inglés, idioma presente nas novas tecnoloxías e a informática.
- Pasar de forma progresiva a un ensino, sistemático de lectoescritura na materia de inglés (Literacy), para lograr unha descodificación nas áreas non lingüísticas e así comprender e asimilar os diferentes coñecementos que nelas se imparten.
- Involucrar, como parte esencial da aprendizaxe, a participación dos alumnos/as en Proxectos Europeos, irmandamento entre centros, intercambio de información a través de Internet (blog, redes sociais...) integrando a alumnos/as en situacións desfavorecidas polas súas condicións sociais ou persoais.

Áreas a impartir en lingua inglesa.

O Claustro de Profesores do noso centro optou por impartir en inglés os coñecementos correspondentes á seguinte área non lingüística:

- Área de Educación Artística (Plástica).

Na área de Educación Artística (Plástica) impartiríase unha sesión de cincuenta e cinco minutos en inglés.

O total das horas impartidas no idioma específico, ao que debemos engadir as dúas/tres horas da área de Lingua Estranxeira, non suporá en ningún dos cursos de Educación Primaria máis dun terzo do horario total dos alumnos/as.

A selección desta área atende ás seguintes xustificacións:

- A área de Educación Artística é unha materia cunha carga de contidos moito menor, implica numerosas instrucións e procesos verbais, os cales poden ser transmitidos de forma sinxela e directa, ben de forma verbal, visual e xestual, ao tratarse dunha materia manipulativa.

Na secuenciación dos contidos atenderase aos seguintes criterios de actuación:

- Secuenciar os conceptos xa que aqueles que esixan maiores destrezas lingüísticas pospóñense ata que os alumnos/as as dominen.
- Planificar os materiais que han de ser manipulables e visuais, tanto medios impresos como multimedia.
- Planificar a avaliación.

ASIGNATURAS IMPARTIDAS EN INGLÉS E ALUMNOS/AS INTEGRADOS

ETAPA	Cursos	Inglés	Educación Artística	% horas	Nº alumnos/as
-------	--------	--------	---------------------	---------	---------------

			En Inglés	Total	Inglés	
E. PRIMARIA	3º A / B	3	1	4	16	49
	5º A / B	3	1	4	16	48

Durante este curso escolar as seccións bilingües contarán cunha Auxiliar de Conversa(12 horas semanais) durante os meses de Outubro a Maio (compartida co Ceip. Cabada Vázquez), feito este que entendemos repercutirá positivamente no proceso educativo dos alumnos e alumnas afectados.

27.4. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓN BILINGÜES

Cuestionario de avaliación do programa de seccións bilingües

1. Cando finalizou a súa actividade no centro?

O 31 de maio.

Antes do 31 de maio.

2. Recibiu o centro correctamente os datos do/ da auxiliar de conversación adxudicado/a?

Si Non

3. Resultou útil a información recollida na Guía para auxiliares e centros e no blogue?

Si Non

4. Participou na Xornada de Acollida e Orientación organizada pola Consellería de Cultura, Educación e O.U.?

Si Non

5. En caso afirmativo, resultou útil a información proporcionada?

Si Non

6. En caso negativo, cal foi o motivo polo que non asistiu?

Non o sabía.

Non podía desprazarse.

Non o vía necesario.

Outros:

7. Púxose en contacto algunha vez coa Consellería de Cultura, Educación e O.U.?

Si Non

8. En caso afirmativo, está satisfeito/a coa atención recibida?

Si Non

9. Gustaríalle ter recibido máis información sobre algún aspecto do programa?

Si Non

10. En caso afirmativo, sobre cal?

.....

11. Indique brevemente os aspectos positivos sobre a xestión do programa:

.....

12. Proposta de mellora para a xestión do programa:

.....

27.5. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Cuestionario de avaliación do/da auxiliar de conversa

1. Consideran que o/a auxiliar se adapta ás necesidades del centro?

Si Non

2. Puxéronse en contacto coa auxiliar antes da súa incorporación?

Si Non

3. Ofreceuse ao/á auxiliar a posibilidade de poñerse en contacto co/coa auxiliar do ano anterior?

Si Non

4. Houbo un titor o titora que axudase ao/á auxiliar cos asuntos relativos a súa instalación?

Si Non

5. Houbo un titor ou titora ao que o/a auxiliar puidera dirixirse, como primeiro contacto, ante calquera incidencia?

Si Non

6. Recibiu o/a auxiliar o apoio do equipo directivo?

Si Non

7. Recibiu o/a auxiliar o apoio do resto do profesorado?

Si Non

8. Estableceuse un período de observación para que o/a auxiliar se familiarizase co centro, o alumnado e a maneira de impartir as clases?

Si Non

9. En caso afirmativo, canto tempo?

Menos dunha semana

Entre unha e dúas semanas

Máis de dous semanas

10. Déronse ao/á auxiliar indicacións claras sobre as súas funcións?

Si Non

11. Garantiuse que o profesorado coñecera as funcións do/da auxiliar?

Si Non

12. Facilitouse ao/á auxiliar información sobre os obxectivos que debía alcanzar o alumnado, a metodoloxía do centro e o sistema de traballo que debía seguir?

Si Non

13. Participou o/a auxiliar en actividades complementarias e extraescolares?

Si Non

14. En caso afirmativo, especificar en cales:

Actividades culturais.

Actividades deportivas.

Excursións.

Viaxes de estudos.

Outros:

15. Valore de 1 a 4 as seguintes cuestións relativas ao traballo desenvolvido polo/a auxiliar:

(1 = Insuficiente; 2 = Normal; 3 = Ben; 4 = Excelente)

• Cumprimento das tarefas planificadas. 1 2 3 4

• Interese mostrado pola ensinanza. 1 2 3 4

- Implicación no seu traballo. 1 2 3 4
- Capacidade para motivar ao alumnado. 1 2 3 4
- Aportación na aula de aspectos culturais do seu país. 1 2 3 4
- Contribución á mellora da competencia oral do alumnado. 1 2 3 4
- Relación co alumnado. 1 2 3 4
- Relación co profesorado. 1 2 3 4
- Valoración global. 1 2 3 4

28. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL

<p>1.- Centro: CEIP DE FIGUEIROA Curso escolar: 2023- 2024</p> <p>Curso de inicio do Plan de Convivencia: 2015/16</p> <p>Curso de inicio do Plan de Igualdade: 2019/20</p>

2.- Obxectivos da concreción anual para este curso que comenza.	Responsable	Temporaliz.	Indicador de avaliación
a. Actualizar o Plan de Convivencia.	Coord. Convivencia	1º e 2º Trim.	Plan elaborado
b. Dar a coñecer o Plan de Convivencia segundo o Decreto 8/2015.	Comisión de Convivencia	Ao longo de todo o curso	Plan de Convivencia.
c. Facilitar ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura da paz, a prevención da violencia e a mellora do rendemento nos centros.	Coord. convivencia	Ao longo de todo o curso	Nº recursos
d. Propoñer e realizar actividades e medidas de prevención e intervención para mellorar a convivencia do Centro.	Comisión de Convivencia e profesorado	Ao longo de todo o curso	Programación do PAT.
e. Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.	Comisión de Convivencia e profesorado	Ao longo de todo o curso	Nº de intervencións
f. Posta en marcha da Aula de Convivencia.	Orientación	1º Trimestre	Nº de intervencións.
g. Previr situacións de conflito, sexismo, homofobia e transfobia	Comisión de Convivencia e profesorado	2º Trimestre	Nº de intervencións.

no centro, identificalas e intervir o antes posible.			
h. Abordar a orientación sexual desde o respecto á diversidade e á expresión afectiva.	Titor/a Acrofam	1º Trimestre	Valoración da comisión de convivencia
i. Unificar de criterios entre todo o profesorado, en caso de conflito.	Todo o profesorado	Ao longo de todo o curso	Valoración da comisión de convivencia

3.- Necesidades de asesoramento e formación detectadas:

- a. Curso sobre comportamento disruptivo (CCP).
- b. Sesión informativa sobre bullying (CCP e PLAN DIRECTOR)

4.- Accións que se manteñen de cursos anteriores	Responsable	Tempos	Indicador de avaliación
a. Actualización do Regulamento de Convivencia.	Comisión de Convivencia	1º e 2º Trimestre	Regulamento de Convivencia.

5.- Accións novas que se implantan este curso que comenza	Responsable	Tempos	Indicador de avaliación	
a. Xogar sen discriminación de sexo" (1º e 2º EP).	Titor/a Acrofam	1º Trimestre (2 sesións)	Valoración Comisión de Convivencia	
b. "E ti, que sabes facer?" (4º EP).	Titor/a Acrofam	1º Trimestre (2 sesións)	Valoración Comisión de Convivencia	
c. Día da Paz	Comisión de Convivencia e equipo docente	30 de xaneiro	Programación	
d. Plan Director (novas tecnoloxías/violencia de xénero/ acoso escolar).	Garda Civil	3º Trimestre	Participación no debate	
e.E. Infantil	4º	ELMER	1º trimestre	Titora
	5º	A FELIZ CATÁSTROFE	1º trimestre	Titora
	6º	A HISTORIA DOS BONOBOS CON LENTES	1º trimestre	Titora
f. Educación afectivo-sexual (5º e 6º EP).	Titor/a Acrofam	1º Trimestre (2 sesións)	Valoración da Comisión de Convivencia	
g. Realizaranse no centro talleres relacionados co acoso escolar, ciberacoso e violencia de xénero en colaboración coa Anpa e impartida por Acrofam.	Comisión de Convivencia e Acrofam	Todo o curso	Valoración da Comisión de Convivencia	

6.- Enumeración dos materiais que se van utilizar este ano (recompilados e ordenados pola persoa responsable de convivencia. Convén anotar aquí en que lugar quedan gardados).

Material	Localización
Educación Infantil: • 4º El:	Orientación e titoría de infantil

<ul style="list-style-type: none"> ✓ “Comparto os meus xoguetes”. ✓ “Adiviña quen”. ✓ “Rosa caramelo”. • 5º El: <ul style="list-style-type: none"> ✓ “Aprendo a dicir non”. ✓ “Son diferente”. ✓ “Rosa Caramelo”. • 6º El: <ul style="list-style-type: none"> ✓ “Sei dicir a verdade”. ✓ “Aprendo a relaxarme”. ✓ “Arturo e Clementina”. 	
1º e 2º de Educación Primaria: <ul style="list-style-type: none"> • “Teño dereito a que me chamen polo meu nome”. • “Teño dereito a ser diferente”. • “Os paxaros arcoíris”. 	Orientación e tutoría de 1º e 2º
3º e 4º de Educación Primaria: <ul style="list-style-type: none"> • “Informar non é chivarse”. • “Só son bromas”. 	Orientación e tutoría de 3º e 4º
5º e 6º de Educación Primaria: <ul style="list-style-type: none"> • “Como me sentiría si...?” • “Ti que escolles...?” 	Orientación e tutoría de 5º e 6º

7.- Enumeración de actividades en relación co Plan de Igualdade

Obradoiro de “Valores dunha sexualidade responsable” para 5º e 6º de EP. Impartida por Carlos Vila (Acrofam).

29. AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS.

29.2. COMISIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS MESMAS

En sesión ordinaria do clasuto de profesores celebrado o día 17 de outubro

	NOME
PRESIDENTE	D. José Manuel Reboredo Baños
XEFA DE ESTUDOS	Dna. Montserrat Uzal Puente
ORIENTADORA	Dna. Dévorah Mosquera Mejuto
TITORA 3º EP	Dna. María Estela Godoy Miranda
TITORA 6º EP	Dna. Goretti López Louro

29.3. GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA, ELABORADA A PARTIR DA ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS NAS MESMAS

A Guía de Intervención para a Mellora incluírase na Memoria de fin de curso unha vez recibidos e analizados os resultados pola CCP e o Consello Escolar.

30. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Os proxectos e plans a levar a cabo durante este curso escolar son os que se detallan a continuación:

1. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O interese do centro para a formación durante o presente curso abrangue dúas liñas:

- Desenvolvemento e implementación da páxina corporativa DRUPAL de centro.
- Actividades de formación en resolución de conflitos e mediación.

LIÑA 1: A PÁXINA WEB DO CENTRO (Coord: Montse)

OBXECTIVOS:

Actualizar a páxina DRUPAL do centro para que sexa a vía de comunicación principal coa nosa comunidade educativa.

Deseñar e dotar de contido esta ventá de presentación do centro.

Centralizar a información do centro a través dela e dotar de seguridade o acceso a contidos que conteñan imaxes, vídeos, etc.

COMPETENCIAS:

Competencia dixital

Competencia en comunicación

CONTIDOS:

Administración da páxina web: actuacións a desenvolver.

Coñecer os elementos básicos de DRUPAL.

Configurar e deseñar a súa aparencia.

Crear perfís e subir contidos.

ACTIVIDADES:

SEMINARIO DE 20h (6 persoas)

José Manuel Reboredo Baños

María Dolores Ríos Valiñas

María Jesús Carracedo Goldar

María Blanco Corral

María Rocío Piso Neira

Montse Uzal Puente

A intención dos participantes é recibir información sobre o desenvolvemento dun espazo web corporativo. (Guía de actuacións)

Dedicar o resto das sesións a converter esta páxina web na ferramenta de comunicación principal coa comunidade educativa do centro: deseñar que contidos deben aparecer e como subilos.

LIÑA 2: RESOLUCIÓN DE CONFLITOS (Coord. Marta)

OBXECTIVOS:

Reducir a conflitividade e dar oportunidades para a reflexión despois do conflito na aula.

Mellorar a convivencia.

COMPETENCIAS:

Competencia en educación inclusiva e coeducación.

CONTIDOS:

O Plan de Convivencia do centro.

A mediación: formación de mediadores.

Coordinación e seguimento do protocolo de actuación.

ACTIVIDADES:

Grupo de traballo (sobre 20 persoas)

Formación sobre mediación e resolución de conflitos a cargo dun ou dunha ponente.

Deseño de actuacións a levar a cabo no centro.

2. PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO DE CENTRO: **"UN CURSO DE CAMPIONATO"**(ver punto 20).
3. PROXECTO ELBE-2 (ver punto 20).
4. BIBLIOTECA CREATIVA (Ver punto 20).
5. PLAN DE MELLORA DE COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA (Ver punto 20).
6. PLAMBE (ver punto 20).
7. FARO DA ESCOLA (Proxecto do Faro de Vigo).

Faro da Escola é o proxecto editorial de Faro de Vigo que pretende achegar a prensa e os xornais aos centros educativos da cidade de Vigo e outros centros da provincia de Pontevedra.

A importancia da información e o xeito de facer xornalismo en diferentes soportes, son os eixes vertebradores deste proxecto educativo. Faro de Vigo, como periódico local que é, trata desta forma de fortalecer o vínculo entre prensa de proximidade e educación, e para iso propón aos centros educativos a realización dun xornal.

Cada colexio participante poderá realizar o número de xornais que desexe, ata un máximo de seis periódicos por colexio, aínda que a impresión farase só dun deles, ben unha mestura dos realizados ou ben o que cada colexio decida.

Faro de Vigo axudará, xunto co coordinador designado polo centro, a que os alumnos coñezan o funcionamento dun periódico, desde a confección de noticias por parte da redacción á súa posta a disposición dos lectores nos diferentes soportes, a maquetación da información, as fotografías que ilustran as noticias, a publicidade...

A iniciativa editorial materializarase mediante a realización dun periódico. Para conseguilo levaranse a cabo unha serie de accións divulgativas que darán contido ao proxecto:

- Visita inicial de formación (equipo multidisciplinario formado por profesionais do periódico).

- Actividades dos patrocinadores:
 - Autores de literatura infantil (E. XERAIS).
 - Charlas do CSIC (diferentes investigadores e científicos).
 - Obradoiros de Alimentación saúdale (VEGALSA).
 - ...
- Acceso á Web Faro da Escola.
- Visita dos alumnos de 6º de E. Primaria ás instalación do Faro de Vigo.
- Conferencias e charlas de carácter educativo que sexan de interese para a comunidade escolar.
- Publicación no suplemento escolar “A Escola” que se publica os martes quincenalmente, para dar cobertura informativa ao desenvolvemento incluíndo as visitas que se fagan aos centro, a evolución dos traballos, etc.
- Xornada formativa para os docentes na que se lles ensinará a empregar Scribus (programa de software libre)

Cada periódico elaborado no centro terá un máximo de 32 páxinas.

8. POLOS CREATIVOS (ver punto 20).

9. CONTRATOS-PROGRAMA

Para o curso 23/24 están solicitados os Contratos Programa nas modalidades de CP INCLÚE e CP INNOVA, para dar espota ás necesidades detectadas na análise da nosa realidade educativa e social.

A participación en **CP INCLÚE**, abarca 4 das súas modalidades: Iguála-T, Convive-T, Inclúe-T e Emociona-T. Preténdese, entre outros fins, mellorar o clima de centro, incentivar e promover a convivencia positiva, evidenciar a educación emocional; promover accións de inclusión real, etc.

Do **CP-INNOVA** solicitamos as 5 modalidades ofertadas: Edu-Innova, Edu-Excelencia, Edu-Saúde, Edu-Sostentabilidade, Edu-Calidade. As finalidades perseguidas son: visibilizar a nova e numerosa dotación tecnolóxica do centro; incrementar o uso destes recursos a través do espazo creativo (POlos Creativos) tanto en tempo adicado como en calidade das propostas; promover a innovación educativa; fomentar os hábitos de vida saudables e o comportamento ambientalmente responsable.

Mediante unha proposta de actividades que se desenvolven ao longo de todo o curso e que proveñen dos diferentes sectores que conforman o no so centro educativo:

- Equipo BiblioTIC: Actividades do PDI como as xa consolidadas “QUEREN SABER”, DICONARIOS, CICLO DE CURTAS. Tamén hai propostas novedosas como o TRIVIAL OLÍMPICO, o trabalo das emocións no eido deportivo.
- EDLG: “Rosalía en movemento”
- Extraescolares: Patios activos, andainas, saídas, charlas, horto escolar
- Educación Física e Psicomotricidade: Vivenciar discapacidades, organización de FigueirOlimpíadas
- CELEBRACIÓNS totalmente consolidadas no centro como son o MAGOSTO, ENTROIDO e NADAL.

31. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación do ensino é un proceso ininterrompido, que se inicia co diagnóstico da situación, e que pretende mellorar a acción docente mediante a continua observación e reflexión cooperativa.

Non só se debe avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado, senón tamén o proceso de ensino. Neste sentido aos datos aportados pola avaliación continua dos alumnos será necesario engadir outros datos referentes á validez da programación das actividades de ensino deseñadas, dos recursos materiais e persoais utilizados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación de alumnos, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación do profesor.

Na avaliación dos procesos de ensino teremos en conta:

- Contexto en que se desenvolve o proceso de ensino: Obxectivos do Centro, clima do Centro, organización e funcionamento e recursos.
- Planificación do proceso de ensino: Proxecto Educativo e Programación docente.
- Desenvolvemento do proceso de ensino: A práctica educativa e aprendizaxe do alumnado.

Neste ámbito é importante a avaliación de:

- ✓ O deseño e desenvolvemento de cada unidade didáctica programada e a adecuación das adaptacións realizadas para o grupo concreto de alumnos.
- ✓ O ambiente que se crea no aula para facilitar o proceso de ensino e aprendizaxe.
- ✓ A actuación persoal. É importante avaliar a actitude de atención ao proceso de aprendizaxe de cada alumno de forma individualizada e á dinámica do grupo en xeral.

Algúns instrumentos que empregaremos para avaliar son:

- Cuestionarios contestados polos propios profesores, polos alumnos e polos pais sobre asuntos que afecten á marcha xeral do centro.
- O contraste de experiencias con outros compañeiros do equipo docente ou doutros centros, no traballo de grupo ou en encontros de profesores.
- A avaliación do Proxecto Educativo do Centro por parte da Inspección, tamén aportará ao equipo de profesores datos sobre a adecuación do Proxecto ás directrices do Decreto de Currículo, así como as orientacións e axudas oportunas para levalo a cabo.

A avaliación da intervención educativa debe ser continua, xa que logo convén tomar datos ao longo do proceso para facer os cambios adecuados no momento oportuno.

A avaliación inicial terá lugar, polo menos, ao comezo de cada curso, tanto para situar o punto de partida do grupo de aula, como a situación do equipo docente de ciclo e etapa e os recursos materiais e humanos de que dispón o Centro.

O proxecto educativo evaluarase cada curso escolar.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Profesor:Materia:Curso:..... Avaliación:

1.- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos.

Valoración:	1	2	3	4	Propostas de mellora
1.1 Incidencia da avaliación inicial nos obxectivos e contidos programados.					
1.2 Adecuación dos obxectivos plantexados.					
1.3 Adecuación dos contidos curriculares explicados.					
1.4 Adecuación dos criterios de avaliación e calificación.					
1.5 Adecuación da temporalización dos contidos.					
1.6 Necesidade de establecer modificacións ou replantexamentos nos criterios de avaliación establecidos.					
1.7 Necesidade de establecer modificacións ou replantexamentos na temporalización.					
Observacións:					

2.- AS APRENDIZAXES LOGRADAS POLO ALUMNADO.

Valoración:	1	2	3	4	Propostas de mellora
-------------	---	---	---	---	----------------------

2.1 Consecución dos obxectivos plantexados aos alumnos.					
2.2 Contribución á consecución das competencias básicas da programación.					
2.3 Desenvolvemento das competencias básicas nas actividades propostas.					
2.4 Consecución dos contidos mínimos.					
Observacións:					

3.- As medidas de individualización do ensino con especial atención ás medidas de apoio e reforzo utilizadas. (Se non houberse, deixar en branco e poñelo en observacións).

Valoración:	1	2	3	4	Propostas de mellora
3.1 Progreso dos alumnos con apoio na aula.					
3.2 Progreso dos alumnos con adaptacións curriculares.					
3.3 Progreso dos alumnos con actividades de ampliación.					
3.4 Progreso dos alumnos con programas de reforzados.					
Observacións:					

4.- A programación eo seu desenvolvemento, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula eo aproveitamento dos recursos do centro.

Valoración:	1	2	3	4	Propostas de mellora
4.1 Desenvolvemento da programación de acordo coprevisto.					
4.2 Adecuación das estratexias de ensino/aprendizaxe aplicadas ao grupo.					
4.3 Deseño organizativo da aula en función do grupo/clase.					

4.4 Elaboración de materiais curriculares propios por parte do profesor.					
4.5 Desenvolvemento das actividades propostas na Programación.					
4.6 Adecuación do emprego dos materiais e recursos didácticos utilizados.					
4.7 Relación entre os obxectivos propostos e os criterios de avaliación aplicados.					
4.8 Adecuación dos recursos do centro.					
4.9 Validez e eficacia da avaliación inicial.					
Observacións:					

5.- Idoneidade da metodoloxía e os materiais curriculares.

Valoración:	1	2	3	4	Propostas de mellora
5.1 Os materiais e medios do centro colaboraron coa metodoloxía.					
5.2 Os materiais e libros de texto selecciónanse mediante unha adecuada avaliación.					
5.3 Aproveitamento doutros recursos do centro.					
5.4 A partir dos resultados obtidos. Replanteamentos na metodoloxía empregada.	si		non		
5.8 Se a resposta anterior é afirmativa, o replanteamento afectará fundamentalmente a: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, actividades, materiais, recursos, estilo de ensino..... Reflexar en observacións.					
Observacións:					

6.- Coordinación co resto de profesores de cada grupo e dos distintos equipos.

Valoración:	1	2	3	4	Propostas de mellora
6.1 Coordinación entre os profesores do grupo.					

6.2 Coordinación entre os profesores dos equipos.					
6.3 Coordinación con profesores de outras etapas (infantil/primaria).					
6.4 Coordinación co profesorado doutros cursos.					
6.5 Implicación na elaboración da programación docente.					
Observacións (temas tratados):					

7.- Relacións co titor e coas familias:

Valoración:	1	2	3	4	Propostas de mellora
7.1 Calidade da comunicación coas familias.					
7.2 Resposta das familias ao control de asistencias a clase dos seus fillos.					
7.3 Clima de relación entre profesores e familias.					
7.4 Coordinación co titor do grupo (caso de non desempeñar esta función).					
Observacións (temas tratados):					

8.- A organización e a realización das actividades complementarias e extraescolares programadas *(Se non houberse actividades programadas, deixar en branco e poñelo en observacións).*

Valoración:	1	2	3	4	Propostas de mellora
8.1 Cumpimento das actividades complementarias e extraescolares programadas.					
8.2 Eficacia das actividades complementarias e extraescolares.					

8.3 Relación coa programación docente e as actividades de aula.					
8.4 Nivel de satisfacción das actividades desenvolvidas.					
Observacións:					

INFORME CLAUSTRO DE PROFESORES

En cumprimento do artigo 97º do Decreto 374, do 17 de outubro de 1996 polo que se aproba o Regulamento das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria, esta Plan Anual de Centro foi presentado ao Claustro de Profesores, e APROBADO por unanimidade dos asistentes en Sesión Ordinaria celebrada o día 17 de outubro de 2023.

CONSELLO ESCOLAR

CERTIFICACIÓN

En reunión ordinaria celebrada do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 17 de outubro de 2023, quedou APROBADO por unanimidade dos asistentes o Plan Anual de Centro para o presente curso 2023-2024, que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

Na Estrada, a 18 de outubro de 2023

A Xefa de Estudos

O Director

A Secretaria



Asdo.: Montserrat Uzal Puente

Asdo.: José Manuel Reboredo Baños

Asdo.: M^a Dolores Ríos